



UNIVERSITAT DE
BARCELONA

Ricard Salvat en Portugal: Brecht, Castelao e a sua época e censura

Antonio Iglesias Mira



Aquesta tesi doctoral està subjecta a la llicència Reconeixement- NoComercial – SenseObraDerivada 3.0. Espanya de Creative Commons.

Esta tesis doctoral está sujeta a la licencia Reconocimiento - NoComercial – SinObraDerivada 3.0. España de Creative Commons.

This doctoral thesis is licensed under the Creative Commons Attribution-NonCommercial-NoDerivs 3.0. Spain License.

Ricard Salvat en Portugal:
Brecht, Castelao e a sua época
e censura

Tese doutoral

Antonio Iglesias Mira

Directora e titora

Dra. Helena González Fernández

Director

Dr. Luciano Rodríguez Gómez

Programa de doutorado
Construcció i representació

d'identitats culturals

Universitat de Barcelona

2017



UNIVERSITAT DE
BARCELONA



À miña familia, rede de seguranza e exemplo de traballo, sacrificio e amor.

À tripulación. Com quem naveguei imprecisamente, pois era preciso facê-lo.

Agradecementos

O traballo que desemboca nesta tese de doutoramento foi realizado durante unha mudanza de capítulo na miña vida. Ao longo destes anos fun lector de galego, profesor particular, tradutor, corrector de textos, docente nun colexio e administrativo/teleoperador para unha empresa de telecomunicacións. Esta investigación viaxou comigo por dous países, catro cidades e varias casas. Tantos quilómetros non poderían ter sido soportados se non fose polo apoio e comprensión de quen me rodea. Resulta innecesario afirmar que, de entre todas esas persoas, a tese non tería sido posible sen Beatriz, pois absolutamente nada meu tería sido posible sen a súa enerxía e exemplo. Cortazar sabía que “no se la elige” e eu non podo máis do que abraíarme diaria e eternamente.

Outras persoas foron portadoras de ánimos, forzas, bibliografías ou acubillo. Axudas que me fixeron poder rematar hoxe o traballo e escribir estas liñas e non podo deixar de mencionalas: Alberto Pombo e Emilio Cambeiro, camaradas. David Pereira, porto seguro na cidade de Barcelona. Liliana Inverno e João Viegas deron casa, cariño e consellos. Enya Somoza Graña trocou a súa quenda na fábrica comigo e eu conseguín tempo para seguir investigando. Aitor e Mariana, que trouxeron de Brasil unha idea que faltaba na miña cabeza. Paulo Serantes e Xavier Ramilo, servidores dun só amo, o teatro, e contrapunto cos pés no chan, que me impiden afogar na teoría e me manteñen ao seu lado. A miña familia e aqueles e aquelas que me viron nacer e crecer en Portugal. Sei que esquezo a moitas e sei que, como me coñecen, saberán perdoalo. Gardo un especial agradecemento a Ana Gesto, pois foi co seu talento, ilusión e traballo que este volume tomou forma.

Pode parecer obvia esta mención, mais confeso ter medo dos tempos que están por chegar, polo que declaro solemnemente que este traballo non podería ter sido realizado sen o sistema público de bibliotecas.

Houbo un momento en que este proxecto semellaba destinado a desaparecer, no que me din por vencido, antes de iniciar o camiño coa Universitat de Barcelona. A lembranza das palabras de Eugénia Vásques, Xabier DoCampo ou Manuel Lourenzo foi fundamental para erguerme e teimar.

Por último, non teño máis que agradecer a calidade humana e científica de Helena González Fernández e Luciano Rodríguez Gómez. Foron guía, sustento e combustíbel.

O derrotado invencível

— Gigantes!

(Moinhos
de vento...)

— Malina
mandinga,
traça

d'espavento

(Moinhos e moinhos
de vento...)

— Gigantes!

Seus braços
de aço

me quebram
a espinha

me tornam
farinha?

Mas brilha
divino

o santelmo
que rege

e ilumina

meu valimento.

Doído,

moído,

caído,

perdido,

curtido,

morrido,

eu sigo,

persigo

o lunar

intento:

pela justiça no mundo,

luto, iracundo.

(Carlos Drummond de Andrade)

Índice

Resumo/Abstract.....	13
1. Un texto inédito e un espectáculo non representado	
1.1. O camiño a <i>Castelao e a sua época</i> : corpus e hipótese.....	17
1.2. Metodoloxía	23
2. Ricard Salvat e a súa época portuguesa.....	33
3. “Facer entrar ao espectador na Historia”: Pegadas dun desafío ao Estado Novo.	
3.1. A estancia de Ricard Salvat en Coímbra: Pedagogía e dirección teatral.....	59
3.1.1. O curso de historia do teatro	63
3.1.2. Brecht en Coímbra	71
3.1.3. Brecht no Portugal do Estado Novo.....	78
3.2. O teatro de Ricard Salvat en 1969.....	85
3.3. A Censura e <i>Castelao e a sua época</i>	100
3.4. Consecuencias artísticas e culturais	121
3.5. Achegamento ao texto dramático de <i>Castelao e a sua época</i> e criterios de edición	130
4. Edición comentada de <i>Castelao e a sua época</i>	141
5. <i>Castelao e a sua época</i> , terreo vougo?	279
6. Bibliografía.	
6.1. Bibliografía e documentación crítica, histórica e teórica	285
6.2. Entrevistas	291
6.3. Textos orixinais referenciados en <i>Castelao e a sua época</i>	292
7. Anexos.	
7.1. Documentación da PIDE sobre Salvat e o CITAC.....	295
7.2. Carteis do CITAC.....	312
7.3. Ficha técnica de <i>Castelao e a sua época</i>	314
7.4. Imaxes de figurinos e decorados de Luís Seoane.....	315
7.5. Fotografías dos ensaios	316
7.6. Fragmentos dos documentos con anotacións dos censores.....	320

Resumo

Durante o curso académico de 1968/69, o grupo de teatro universitario Circulo de Iniciação Teatral da Academia de Coimbra (CITAC) contrata como director artístico ao catalán Ricard Salvat. Este era unha figura destacada polo seu traballo coa Escola de Arte Dramática Adrià Gual (EADAG) e pola súa vertente como profesor e ensaísta, así como polo seu coñecemento das teses teatrais de Bertolt Brecht. Salvat é contratado para realizar un traballo pedagóxico, cun curso de libre inscrición de historia do teatro, e un traballo artístico, coa preparación de dous espectáculos co CITAC. O primeiro destes espectáculos, titulado Brecht + Brecht, aborda as teses brechtianas dun modo práctico ao tempo que reflexiona sobre acontecementos históricos como o crack da bolsa de 1929, sendo acollido polo público con grande interese. O segundo espectáculo estaba destinado a ser unha ambiciosa montaxe, relacionada co teatro épico e o teatro documento e con colaboradores estranxeiros do nome de Luís Seoane ou Isaac Díaz Pardo e a colaboración de músicos como José Niza. Este proxecto, titulado Castelao e a súa época (CSE), pretendía ser un diálogo entre culturas ibéricas centrado na figura de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, político e artista galego. O texto dramático do espectáculo estaba formado por máis de 140 textos autónomos. Eses textos son de autores, entre outros, como Rosalía de Castro, Joan Maragall, Federico García Lorca, Almada Negreiros ou André Bretón, pertencentes a diferentes campos culturais destacando a presenza portuguesa, galega e catalá.

Infelizmente para o traballo de Salvat, o curso 1968/69 sería lembrado en Coímbra pola Crise Académica de 1969, onde os estudantes se enfrontaron ás autoridades universitarias nun dos desafíos máis famosos á ditadura portuguesa. A policía do Estado Novo, Policía Internacional e de Defensa do Estado (PIDE), nun ataque contra o movemento estudantil, prende e expulsa a Salvat do país o que, sumado á anterior negativa de autorización para a representación de CSE que fora levada polos servizos de censura, fixeron con que o traballo deste segundo espectáculo se perdese. Despois do acontecido, a memoria de CSE foise perdendo co tempo.

Con esta investigación tentamos recuperar, case 50 anos despois da suposta estrea de CSE, o traballo de Salvat en Coímbra, polo que abordamos un estudo do seu curso de teatro, das principais teses teatrais que impulsaban a súa actividade artística en 1969 e presentamos unha edición crítica e comentada do texto dramático de CSE, até o de agora inédito, partindo dos materiais de traballo do grupo e da versión enviada á censura para a súa avaliación. Estudamos tamén as marcas que a censura deixou sobre ese texto así como outros materiais da PIDE sobre director e identificamos as consecuencias artísticas e culturais que dese proxecto falido naceron.

Abstract

During the 1968/69 academic year, the university theatre group *Círculo de Iniciação Teatral da Academia de Coimbra (CITAC)* hired the Catalan playwright Ricard Salvat as artistic director. He was well-known for his work at the *Escola de Arte Dramática Adrià Gual (EADAG)*, and for his activities as a teacher and essayist. Salvat was hired to teach a free registration course on the history of theatre and coordinate two shows at CITAC. The first show, *Brecht+Brecht*, represented the most serious approach to Brechtian theses made in Portugal until then, and was therefore received by the public with great interest. The second show, *Castelao e a sua época (CSE)*, was conceived as a grand performance combining epic theatre and documentary theatre, and encouraging an Iberian cultural dialogue on the figure of the Galician artist and politician, with the help of artists such as Luís Seoane, Isaac Díaz Pardo and Jose Niza. This drama was composed of 142 autonomous texts written by authors from various literary fields such as Rosalía de Castro, Federico García Lorca, Joan Maragall, Almada Negreiros and André Breton. Unfortunately, the preparation and premiere of this show coincided with a moment of special tension in Portugal known as the 1969 academic crisis. Thus, in an attack on the academic movement, the authorities of the *Estado Novo (New State)* banned the performance and Ricard Salvat was expelled from the country. Later, the memory of the project was gradually lost.

Our research has recovered Salvat's work in Coimbra, nearly fifty years after the intended premiere of CSE. We have studied his theatre course and the main characteristics of his artistic activity in 1969. Here, we provide a critical and commented edition of the dramatic text of CSE, unpublished until now, based on the materials of the group and on the version delivered to censors for evaluation. We have also examined the marks of censorship in the text and other materials collected by the Portuguese International and State Defense Police (PIDE) about the group director. Lastly, we have identified the artistic and cultural consequences arising from this unsuccessful project.

1. Un texto inédito e un espectáculo non realizado.

1.1. O camiño a *Castelao e a súa época*: corpus e hipótese.

“Quando o discurso se defronta com a prática do teatro, não há identidade de materiais. (...) O verbo defronta-se com um real maior. De nenhuma outra arte fica tão longe a escrita”

(Mateus, 2002: 214).

“COLOMBINA: Quero xustificarme”

(Cunqueiro, 1974: 66).

O xermolo da tese que presentamos nestas páxinas tomou vida en 2006, durante a miña estada na Universidade de Coímbra como alumno da licenciatura en Estudos Artísticos, cando no Teatro Académico Gil Vicente asistín á celebración do 50 aniversario do Círculo de Iniciación Teatral da Academia de Coimbra (CITAC). Alí, en conversa con diferentes xeracións de citaquianos e citaquianas, souben da colaboración entre Ricard Salvat e o grupo de teatro universitario e naceu en min o xerme da curiosidade. Eu sabía que Salvat dirixira na Galiza un dos meus textos dramáticos favoritos, o cunqueiriano *O incerto señor don Hamlet, príncipe de Dinamarca*, mais descoñecía calquera relación que puidese ter con Portugal. Preguntando sobre o director catalán foi como coñecín a João Viegas, quen se achegara ao grupo no curso 1968/1969 durante a dirección artística de Salvat. João Viegas é un home de innumerábeis historias e xa logo me estaba falando da súa amizade con Salvat e de como participara no que tería sido, na súa opinión, o mellor espectáculo presentado en Coímbra: *Castelao e a súa época* (CSE). Se Viegas tiña antes a miña curiosidade, pasaba daquela a ter a miña total atención: un espectáculo en Coímbra con Salvat e sobre a figura de Castelao? Resultábame moi difícil entender o motivo de que iso fose descoñecido ao norte do Miño. Viegas foime contando a historia de CSE: a súa grande calidade artística, a prohibición por parte da censura portuguesa e a posterior expulsión de Ricard Salvat do país no día da estrea do espectáculo. Tamén me indicou, pesaroso, que todo ese traballo ficara perdido, pois a policía tiña destruído todo o material do grupo en 1970 (e comezou entón co relato da dirección de Juan Carlos Uviedo durante o curso 1969/1970, que acabaría coa clausura do grupo por parte das autoridades). Máis tarde, revisando o libro editado polo aniversario do grupo, *Esta danada caixa preta só a murro é que funciona: CITAC 50 anos*, fun atopando testemuñas daquela temporada con Salvat; referencias ao primeiro espectáculo do curso, *Brecht + Brecht*; ao ambiente na universidade desa época, coa famosa *Crise de 69*; mais escasa información arredor do espectáculo sobre Castelao, que non aparecía nin referido dentro do repertorio histórico do grupo. A idea de rescatar dalgún xeito este traballo comezábame a rondar a cabeza.

Anos despois, durante o seminario que pecha a licenciatura en Estudos Artísticos (realizado na área de teatro) propuxen como traballo final un achegamento ao acontecido no curso 68/69 con Salvat, resultando desa investigación a descuberta dunha versión do texto dramático, arquivada no Institut del Teatre de Barcelona¹. Posteriormente, José Oliveira Barata, docente do seminario e que realizaba naquel momento a súa investigación arredor do teatro universitario en Portugal, encontrou nos arquivos da Torre do Tombo a versión do texto dramático marcada pola censura e tivo a amabilidade de poñela no meu poder. CSE, envolto até o momento en tebras, comezaba a gañar algo de luz.

Máis adiante, sendo eu lector de galego na Universidade do Algarve e alumno do programa de mestrado en Comunicação, Cultura e Artes, na especialidade de Teatro e Intervención Social e Cultural, retomei novamente a labor sobre CSE. Na parte final do mestrado e baixo a titoría e orientación da profesora Gabriela Borges e o profesor Rui Bebiano, naquela época docentes da Universidade do Algarve e da Universidade de Coímbra, respectivamente, presentei en 2011 a tese *Castelao e a súa época na Coímbra de 1969*, na que realizaba unha primeira aproximación histórica á etapa de Salvat durante o curso 68/69 en Coímbra. Nesa investigación recuperáronse diferentes materiais, como por exemplo a estrutura dun proxecto discográfico arredor dos dous espectáculos que o catalán dirixiu cos estudantes ou a documentación que a policía da ditadura portuguesa gardaba sobre o director e o grupo. Tamén se documentaron os diferentes testemuños xornalísticos relacionados coa estada de Ricard Salvat en Portugal, así como varias entrevistas realizadas a participantes no proxecto. Infelizmente non puidemos contar coa testemuña do propio Salvat, pois faleceu durante o inicio da investigación. Finalmente presentamos o noso traballo en 2011, na Facultade de Ciéncias Humanas e Sociais da Universidade do Algarve, diante dun tribunal presidido por Eugénia Vasques, coordinadora da Escola Superior de Teatro e Cinema (ESTC). Tras a inicial presentación do traballo realizado, a sorpresa chega cando a directora comeza a súa intervención visibelmente emocionada. Soubemos entón que mantiña diferentes lazos familiares e sentimentais con citaquianos da época, tendo vivido ela durante aquel tempo na cidade do Mondego. Para alén dunha favorábel avaliación, Eugénia Vásques foi unha fonte de encoraxamento para levar alén a nosa investigación sobre CSE.

Como resultado dese primeiro traballo naceron diferentes participacións en congresos como *Castelao e a súa época: unha tentativa de (re)-coñecemento a través do teatro*, coa que fixemos parte do XV Forum for Iberian Studies da Universidade de Oxford ou *O goberno portugués contra Castelao: A aventura galega do CITAC*, presentada no X Congreso da Asociación Internacional de Estudos Galegos (AIEG) celebrado en Caerdydd. Desta última agromou un texto homónimo que foi publicado na revista *Abriu: Estudos de textualidade do*

1 Baixo a errata de “Castelas e a súa época”.

Brasil, Galicia e Portugal (4, pp. 61-76, 2015). Tamén realizamos diferentes publicacións como “Unha aproximación ao texto de *Castelao e a súa época*” (*Dorna* 35, pp. 103-115, 2011), “*Castelao e a súa época. O diálogo que a PIDE nos roubou*” (*Revista Media & Jornalismo* 23, pp. 149-162, 2013), así como un capítulo no libro *El teatro gallego en el exilio republicano de 1939* (2015, edición a cargo de Inmaculada López Silva e Euloxio R. Ruibal) e que levou o título de “Ricard Salvat y *Castelao e a súa época* en la Coímbra de 1969”.

Finalizada esa aproximación histórica ao traballo de Salvat en Coímbra, tiñamos claro que o seguinte paso debería ser un achegamento máis ambicioso e de carácter artístico, aproveitando os diferentes materiais que tiñamos no noso poder e as nosas inquietudes persoais, que serviron de motor durante estes anos. Resolvemos, xa coa orientación da profesora Helena González Fernández (Universitat de Barcelona) e do profesor Luciano Rodríguez Gómez (Universidade da Coruña), realizar un achegamento ao fenómeno de CSE que implicase unha recuperación do texto dramático, inédito até a data e non hai moito tido por perdido, así como o tratamento de varias cuestións relacionadas coa estada de Salvat en Portugal e o seu traballo co CITAC.

Como obxectivos máis concretos destacamos a recuperación do traballo de Ricard Salvat co CITAC, tanto na súa vertente de director escénico como na de pedagogo, pois o catalán impartiu un curso libre de historia do teatro que tivo bastante aceptación dentro do ámbito cultural da cidade. Sintetizaremos tamén as principais teses teatrais do Salvat de 1969, poñéndoas en relación cos seus traballos anteriores e contextualizándoas dentro dunha carreira artística de máis de cincuenta anos de duración. Organizaremos toda a documentación recuperada durante esta investigación, tanto os diferentes textos dramáticos do espectáculo como outros documentos relacionados coa etapa portuguesa de Salvat. Tentaremos fixar o texto dramático de CSE nunha edición crítica para, partindo desta, poder definir a súa particular tipoloxía, encontrar e destacar os elementos intertextuais que se atopan nel ou atopar, tras a sistematización e análise das marcas do censor, os motivos que levaron a que a Inspeção Geral de Espectáculos prohibise a representación do espectáculo. Tamén pretendemos presentar unha proposta de lectura do texto, destacando unha serie de características que achamos de interese no proxecto CSE. Para alén destes obxectivos, e ao se tratar CSE dun espectáculo non realizado debido á acción da censura e da Policía Internacional e de Defensa do Estado (PIDE), pretendemos, estando próximos ao seu cincuenta aniversario, valorar esta tentativa de espectáculo, identificando as posíbeis consecuencias artísticas e diálogos culturais que del puidesen ter xurdido.

A principal dificultade á que nos enfrontamos radica na peculiaridade do noso obxecto de estudo, pois CSE non foi posto en escena nunca. Foi pensado, proposto, ideado, artellado, ensaiado, corrixido e afinado. Tivo data de estrea, mais nunca chegou a ser, para alén dalgunhas das cancións que o integraban, como veremos en capítulos posteriores, presentado diante do público. Temos, polo tanto, un espectáculo non realizado, un acontecemento que destaca por non ter acontecido o que, se o pensarmos ben, é a completa negación do feito teatral. O teatro acontece, ou non é. Parafraseando Peter Brook (2008) falaríamos de alguén, nun espazo baleiro, ao tempo que outra persoa observa. Esta ou calquera outra definición esencial que procuremos do teatro contará sempre coa noción de presentación, transmisión ou comunicación en vivo entre quen fai e quen observa (Kowzan, 1992: 24-25). Poderíamos afirmar, daquela, que CSE non é teatro, posto que non foi nunca visto polos espectadores e que, polo tanto, a súa recuperación está condenada, desde o inicio, ao fracaso.

Por se esta dificultade non fose suficiente, contamos tamén coa problemática xeral que representa a tentativa de recuperación do teatro. A arte dramática é dificilmente capturábel, non deixa restos esenciais tras de si cando as luces se apagan, baixa o pano e finaliza a función. O seu carácter performativo fai desta unha arte de constante mudanza, non sendo unha representación igual á seguinte. Tampouco adoita deixar elementos físicos que sexan perdurábeis, polo menos que sexan de carácter esencial, e dos espectáculos resta só a memoria de quen asistiu. Os espectáculos viven só na memoria de quen asistiu. Como recuperar algo que acontece diante dos nosos ollos e desaparece ao finalizar, tan só para reiniciarse de xeito diferente na seguinte función? Tradicionalmente caeuse na tentación de reducir o espectáculo a texto escrito que representase as falas das personaxes e algunhas indicacións, mais esta solución fica lonxe da realidade mostrada na representación. Neste sentido, na procura da restauración do teatro vivido, reflicte Osório Mateus (2002) no seu artigo “Especificidade do texto dramático” sobre a inclusión do teatro dentro dun inmóbil triunvirato dos xéneros literarios: catalogación eternamente conformado polas etiquetas de “Narrativa”, “Poesía” e “Teatro” que abranguerían toda a creación literaria realizada ou por realizar e que ten a súa orixe na Grecia clásica:

Na tradição cultural de Ocidente, pelo menos desde Platão e Aristóteles, assiste-se à absorção da história do teatro na história da literatura; a inclusão do ‘teatro’ nas ‘letras’. Dos Gregos a Jakobson ou a Emil Staiges, o ‘drama’ aparece como un ‘género literário’ que se tenta caracterizar por uma ou outra via, procurando encontrar-lhe uma especificidade no interior das demais práticas literárias, situadas, por necessidade de análise, num mesmo plano (...) (Mateus, 2002: 108).

Esta inclusión, redución máis ben, do teatro a xénero literario deixa fóra de toda análise o cariz performativo (cerna, ao noso entender, do teatro) para reducir a arte dramática a simple tinta sobre papel². Esa “tripartición aristotélica”, aínda que vai sufrindo leves modificacións durante os séculos, mantense como unha idea xeral mesmo nos nosos días. Faino, ademais, apelando á lóxica e presentándose como unha catalogación “natural”: “A inclusão do dramático no literario aparece assim naturalizada, fundada nos universais da linguagem, carregada de um tal peso lógico que quase impossibilita outros modos de visão das coisas e dos tempos” (*ib.* 109). Este apelo ao “natural”, como xa nos advertira María Xosé Queizán (2008), impide a formación dun discurso crítico sobre o declarado e ten como consecuencia a creación dun manto de sal que impide o agromar de calquera pensamento diverxente. A ríxida catalogación resultou especialmente perniciosa para os estudos teatrais³, pois levou a que o espectáculo teatral quedase relegado a unha posición subsidiaria da literatura, “aún más despreciable por facultativa y efímera” (Kowzan, 1992: 17-18).

Obviamente, non pretendemos nestas páxinas presentar unha alternativa á teoría canónica dos xéneros literarios. Fica lonxe do obxecto de estudo e das nosas posibilidades, revelándose unha tarefa para toda unha vida. Nin sequera as dúbidas que nos provoca a simplificación do teatro en mero texto para que encaixe ben nos baldes dos nosos estantes serán postas sobre a mesa nesta investigación, pois afastaríanos do obxectivo central do nosos estudo e ademais, honestamente, non saberíamos colocar outra alternativa. Indicamos o noso rexeitamento, iso si, á sacralización do texto dramático por parte de moitos estudosos e denunciámos o logocentrismo⁴ imperante en certas visións do teatro, que subordinan o espectáculo ao literario e desembocan na denominada *corrente marxinal* dos estudos teatrais, pouco frutuosa para o avance dese campo do coñecemento (Vieites, 1997: 36-37). Rexeitamos este enfoque do teatro, ademais, coa tranquilidade de saber que o propio Ricard Salvat opinaba de xeito semellante: “ (...) el teatre en la seva realitat escènica i en la seva relació i fins servitud enfront del públic. Analitzar el teatre com a simple gènere literari es, repetim, una anàlisi fragmentària i desorientadora” (Salvat, 1966: 259).

Tendo claro que o teatro é ben máis do que texto, enfrontamos o problema da recuperación da memoria teatral. Sendo performativo e inaprehensíbel na súa totalidade, partimos da

2 O que reduce até negar a esencia mesma do teatro pois, como indica Artaud, “El teatro debe (...) para sobrevivir, acentuar lo que le diferencia del texto, de la palabra, de la literatura, de todos los medios escritos e inamovibles” (*apud* Kowzan, 1992: 18).

3 Vieites (1997: 24) exemplifica como esta tradición da identificación automática entre texto e teatro fai que estudos denominados como “teatrais” non deixen de ser aproximacións ao texto dramático e á historia da literatura.

4 Patrice Pavis indica que a concepción logocéntrica do teatro, actitude característica da tradición occidental, equivale a considerar “el texto como el elemento básico, la estructura profunda y el contenido esencial del arte dramático. El escenario sólo viene después, como expresión superficial y superflua (...)” (1998: 473-474). Sobre a relación entre a concepción logocéntrica e a escenocéntrica, ver García Barrientos (1991).

necesaria e honesta admisión do fracaso. A nosa meta principal, a recuperación de CSE, é inalcanzábel. En primeiro lugar porque nunca existiu e despois porque, aínda que tivese sido estreada, case nada fica despois dun espectáculo teatral para alén da memoria do vivido, aquela enerxía da que fala Derrida (*apud* Mateus 2002) e que convertía o teatro na única arte da vida. Diante desta imposibilidade de recuperación total da memoria teatral, optamos por achegarnos ao proxecto de CSE a través dos seus elementos perennes. O espectáculo non é recuperábel, non temos nin sequera a máis mínima marca da súa dramaturxia, mais daquel lume que podería ter sido restan algúns elementos previos, parciais, que podemos tratar. Como indicaba Mateus, temos que nos aproximar ao teatro dun modo diferente ao que empregamos para tratar a literatura, o cinema ou outras artes, pois o teatro é, tras o caer da cortina, nada máis ca memoria. Só poderemos rondar o teatro de lonxe, achegándonos a el a través dalgún dos seus vestixios:

O teatro existe enquanto traballo de corpos vivos a ser vistos em directo. Onde se faz se consume. Acaba a cada vez. É pontual e irrepitível como a vida. Morta a memória humana, a acção está perdida. Faltam os materiais percívéis com que se faz no real: corpos no espaço e no tempo. Falta a rede axiológica, o modelo social e cultural em que se inscreve e que também representa. No caso da literatura, posso ter acesso directo aos objectos de que falo. Ao teatro não posso ter acesso directo e quando falo do passado anterior a mim é sempre memória transmitida. O teatro pede que se lhe ponha de modo específico a questão do conhecimento e que se emprenda um acesso indirecto e fragmentado, um restauro imaginário (Mateus, 2002: 108).

Entre os elementos recuperábeis de CSE, destaca o texto dramático, que nos trae coñecemento tanto do proxecto como das incomodidades que este provocaba na censura do Estado Novo. Outros elementos destacábeis poderían ser a música ou os deseños plásticos para decorado, figurinos ou material complementario. Aínda a memoria dos participantes podería ser invocada, gardando sempre unha necesaria aproximación crítica, para traer aos nosos días os métodos de traballo nos ensaios, a nómina de personaxes e intérpretes ou a estrutura e as características performativas e escénicas daquel proxecto. A aproximación que realizamos neste traballo está baseada nunha edición crítica do texto dramático. Somos plenamente conscientes da contradición que supón basear nunha edición textual un traballo no que constantemente nos afirmamos en posturas non logocéntricas, mais as nosas limitacións e as diferentes posibilidades de acceso a estes elementos (lembramos que, por exemplo, este texto se pensou perdido durante moitos anos, que o arquivo do CITAC, como veremos, foi asaltado pola PIDE en 1970, provocando a perda do material da época ou que algunhas das persoas participantes, comezando polo director, xa non se atopan entre nós) fixeron que entre pouco material recuperábel hoxe en día destaque esta compoñente.

1.2. Metodoloxía.

Para a contextualización, fixación e análise de CSE a metodoloxía máis axeitada é o resultado de combinar historia cultural e historia do teatro, para poder entender as implicacións políticas e culturais da obra teórica e creativa de Ricard Salvat, así como a edición crítica. Por unha banda a historia cultural permite que nos acheguemos á intrahistoria do proxecto dramático de Salvat e o CITAC; un episodio singular que xorde como resultado da contratación por parte dun grupo de teatro universitario portugués dun director catalán con formación brechtiana e espírito pedagóxico. Este espectáculo, como xa indicamos, non chegou a ser estreado, pois resultaría prohibido polo Estado Novo. O propio feito desta censura e a análise dos motivos que a propiciaron achéganos a un momento histórico relevante das culturas ibéricas, sumidas en procesos ditatoriais e que albergaban situacións internas de tensión. Dentro do estudo da figura de Ricard Salvat, persoa de vulto no teatro catalán da segunda metade do S.XX, abordamos un episodio pouco investigado da súa carreira e realizamos unha aproximación ás súas teorías teatrais a finais da década de 1960.

Por outra banda, o traballo ecdótico de edición crítica realizado sobre as versións do texto inédito que se conservan hoxe en día, unha delas coas marcas da censura, permite a aproximación á intención inicial do autor que, como veremos no capítulo correspondente, é Ricard Salvat. Para este traballo optamos por elaborar unha edición crítica que comparase as dúas versións que temos no noso poder, a de Lisboa e a de Barcelona. A fixación crítica do texto é complementada con comentarios que acrecentan información sobre as diferentes intertextualidades que compoñen CSE e outras cuestións que poidas ser relevantes ou de interese para quen se achega a este texto. Tamén sinalamos as marcas externas ao texto dramático, sexan estas do propio grupo (e que son, dun xeito remoto e tanxencial, o único que nos restaría dunha suposta dramaturxia de CSE) ou as do censor encargado de avaliar a peza, estas últimas dotadas de maior sistematicidade e que nos permitirán destilar os motivos da prohibición do texto. A seguir describiremos a estrutura desta tese e o xeito como foi abordado cada un dos apartados.

O capítulo que segue a estas páxinas, “Ricard Salvat e a súa época portuguesa”, procura recuperar e contextualizar dun modo sucinto o acontecido con Salvat e a importancia que o decorrer da *Crise Académica de 1969* tivo na expulsión do director catalán e na prohibición do seu segundo espectáculo. Empregamos para este apartado un cruce de diferentes fontes históricas, así como varias entrevistas realizadas a participantes no proxecto. Os principais campos dos que bebemos son a historia do teatro en Portugal, especialmente o teatro universitario, e a historia dos movementos académicos na década de 1960.

Para documentar o teatro universitario en Portugal, as nosas bases son o volume conmemorativo do cincuenta aniversario do CITAC (2006), polo seu alto valor tanto na catalogación dos espectáculos do grupo universitario como pola cantidade de testemuñas presentadas; e o traballo de José Oliveira Barata (2009), até o de agora a máis completa aproximación ao teatro universitario en Portugal. Tamén foron consultadas publicacións da época como o *Boletim de Teatro* Nº5 do CITAC (1969a), onde encontramos bastante material referido a Ricard Salvat así como unha interesante entrevista co director, ou diferente material publicado polo grupo e no que podemos encontrar reflexións sobre o seu traballo baixo a guía do catalán (CITAC, 1969b).

No tocante ao movemento estudantil e á contextualización cultural, as nosas fontes son os traballos individuais de Rui Bebiano (2003) ou os realizados en conxunto con Elisio Estanque (2007), así como o traballo de Miguel Cardina (2004, 2008). Destacamos destas obras o achegamento ao movemento estudantil desde ópticas como a da socialización ou as prácticas culturais, que nos aportan, para o noso traballo, unha perspectiva máis útil do que o tradicional enfoque partidario-ideolóxico. No referente ao decorrer da Crise Académica, guiámonos polos seguintes volumes: Celso Cruzeiro (1989) e Nuno Caiado (1990), tomados coa necesaria perspectiva crítica pois Cruzeiro, por exemplo, foi un axente activo naquela *Crise de 69*. É por iso que, afastándonos das valoracións persoais que poden aparecer no seu traballo, utilizamos este como base para cuestións cronolóxicas e de descrición xeral do acontecido no curso 68/69.

Estas fontes (a que nace do estudo do teatro universitario portugués e a da contextualización histórica e social así como a narración do transcorrer da crise académica de 1969), son postas ao lado dos diarios do propio director, amabelmente cedidos pola familia Salvat e actualmente en período de edición en varios volumes por Publicacions de la Universitat de Barcelona. A ampla bibliografía de Ricard Salvat tamén é consultada para realizar este apartado, concretamente os volumes máis memorísticos e que reflexionan sobre o seu teatro: *Els meus muntatges teatrals* (1971a); o prólogo da edición de 1985 de *Ronda de Mort a Sinera*, titulado “Per una història de Ronda de Mort a Sinera (1965-1985)”; *Quan el temps es fai espai. La professió de mirar* (1999a); a súa achega ao libro homenaxe a Xesús Alonso Montero (1999b), titulada “Momentos compartidos del largo trayecto de Xesús Alonso Montero” e o artigo “Mi puesta en escena de *Os vellos non deben de namorarse*”, que o autor publica na revista *Primer Acto* no seu número 120, adicado ao teatro galego (1970).

En relación ás fontes orais, puidemos completar moita información sobre o acontecido grazas a diferentes entrevistas. Ao longo da nosa investigación puidemos ter a fortuna de falar con varias persoas envoltas no traballo, que nos forneceron diferentes apreciacións

sobre o acontecido e non poucos problemas. A primeira entrevista, realizada en Vigo en febreiro de 2010, foi a Xesús Alonso Montero, quen prestou asesoramento literario e cultural ao CITAC para a montaxe de CSE e que se desprazou a Coímbra para dar unha conferencia sobre Castela pouco antes da estrea do espectáculo. Alonso Montero foi fonte de datos sobre a viaxe a Galiza que Salvat e algúns integrantes do CITAC realizaron antes de iniciar o proxecto de CSE e un punto de vista externo en relación á situación que vivía Coímbra durante a crise académica. Posteriormente, en marzo de 2014 e xa como presidente da Real Academia Galega, tivemos unha segunda entrevista, mellor sería dicir unha sesión de traballo, na sede desta institución, situada na Coruña, onde revisamos algúns dos textos que integran CSE para clarificar a súa procedencia e autoría. Agradecemos a Alonso Montero a inestimábel axuda que nos prestou nesa tarefa, pois foron varios os textos que ficaron identificados tras a súa guía.

En febreiro de 2010, Isaac Díaz Pardo tivo a amabilidade de recibirnos no hoxe extinto Instituto Galego de Información, onde tiña fixada a súa residencia. Alí falou con nós sobre a súa participación e a de Luís Seoane en CSE, así como doutros proxectos de colaboración que realizou despois con Salvat. Tamén nos informou sobre as tentativas de edición de CSE por parte de Edicións do Castro, que nunca se puideron cumprir. Isaac Díaz Pardo, ademais de resaltar a importancia deste proxecto e da figura de Salvat, foi unha fonte de encoraxamento para a continuación do proxecto de investigación.

A nosa seguinte entrevista foi realizada en Lisboa, na Casa da Achada-Centro Mario Dionísio, durante o ronsel dos festexos do 25 de Abril de 2010. João Duarte Rodríguez, citaquiano cando Salvat dirixe o grupo, aportou abondosa información sobre a estancia do catalán en Coímbra, pois para alén de mestre e alumno desenvolveron unha grande amizade ao longo do tempo. Curiosamente, foi unha conversa con Pedro, fillo de João e director do Coro da Achada, por quen soubemos desta relación. João Duarte aportou a perspectiva dos pupilos de Salvat así como un relato sobre o traballo do CITAC daquel curso, destacando a inmersión no teatro de Brecht ou a constante procura dun enfoque máis comprometido politicamente. Duarte Rodríguez tamén nos indicou o nome do músico José Niza como unha boa fonte de información sobre CSE.

En maio de 2010, Núria Golobares recibíunos na súa casa de Barcelona para conversar connosco, nunha entrevista especialmente reveladora en relación aos días en torno da expulsión de Salvat do territorio portugués. Falounos da visión da parella sobre aquel Portugal da ditadura, sobre os mozos e mozas do CITAC e o ambiente do movemento estudantil, tamén sobre o traballo realizado por Salvat co grupo. Ademais da amabilidade da conversa, Núria forneceunos de material gráfico sobre CSE e dunha copia dos diarios de Salvat durante o seu período portugués, hoxe en proceso de publicación.

Finalmente, en novembro de 2010, tivemos unha entrevista na casa de José Niza, en Santarém. Co político e compositor mantivemos unha longa conversa arredor do seu traballo co CITAC de Salvat e da crise académica do 1969. Grazas a el soubemos do proxecto discográfico que debería ter nacido dos dous espectáculos da temporada 68/69, *Brecht + Brecht* e CSE, e que non se chegou a realizar polo medo á censura, así como a existencia dunha gravación en audio do ensaio xeral de CSE, perdida desde 1969. Niza revelouse como un conversador ameno cunha grande memoria e logo transitaron pola nosa charla figuras como Vinícius de Moraes, Chico Buarque, Luís Seoane e, como é lóxico, Ricard Salvat, que poboaban as lembranzas daquel traballo do CITAC e do movemento estudantil ou a vida nas Repúblicas a finais dos anos sesenta.

Niza encheunos de documentación sobre CSE e na súa casa puidemos consultar unha versión do texto dramático de CSE moi semellante á de Barcelona. Entregounos copias das cartas que, semanas despois da expulsión de Salvat, cruzou co director, así como nos agasallou cun dos carteis de CSE, da autoría de Seoane, que o grupo imprimiu en 1969. Tempo despois da entrevista, recibimos un sobre con máis información e recortes de prensa da época. Posteriormente, e xa co traballo finalizado, tentamos contactar con Niza para unha segunda entrevista e para entregarlle o resultado da nosa investigación, mais o contacto non foi posíbel: o músico e ex-deputado morrera menos dun ano despois do noso encontro. Non é esaxerado dicir que sen aquela conversa e sen o material que nos forneceu o traballo que hoxe presentamos non tería a mesma profundidade.

Todas as entrevistas realizadas, agás a xornada de traballo con Alonso Montero en 2014, foron rexistradas en gravación. O cruzamento de todas estas fontes, bibliográficas e entrevistas, deu como resultado esa breve introdución histórico-cronolóxica na que podemos situar o traballo de Ricard Salvat en “la seva época”.

Pasamos, no terceiro capítulo da nosa tese, a estudar diferentes cuestións relacionadas co espectáculo. O título xeral “Facer entrar ao espectador na Historia: Pegadas dun desafío ao Estado Novo” introduce cinco apartados diferentes que van desde o traballo de Salvat como director artístico de CSE até as consecuencias artísticas que ese abortado proxecto conseguiu sementar.

Comezamos por “A estancia de Ricard Salvat en Coímbra: Pedagogía e dirección teatral”. Pretendemos recuperar o labor de Salvat en Coímbra, na súa vertente docente e tamén como director. Analizaremos o curso de teatro impartido polo catalán así como o traballo interno co CITAC, que tomou base na dramaturxia de Brecht. Tentaremos tamén inserir o

primeiro espectáculo da dupla Salvat/CITAC, titulado *Brecht + Brecht*, na escasa tradición do dramaturgo alemán no teatro portugués durante a ditadura.

Tras unha contextualización da posición do teatro universitario e do CITAC en Coímbra, onde acudimos á bibliografía xa citada coa especial relevancia do traballo de Oliveira Barata (2009), realizamos unha análise dos sumarios que a revista *Vértice* rescatou do curso impartido por Salvat (1971a, 1971b, 1971c, 1971d e 1972). Eses sumarios son postos en comparación coa obra ensaística do catalán, concretamente os dous volumes que integran *El teatre contemporani* (1966). Posteriormente, e xa debruzados sobre a súa tarefa como director, centramos a análise no primeiro espectáculo que dirixe co CITAC, *Brecht + Brecht*, que supuxo unha das máis serias aproximacións realizadas en Portugal ao teatro do dramaturgo alemán. O primeiro subapartado, “Brecht en Coímbra”, aborda a formación do director en Alemaña e a súa toma de contacto co Teatro Épico, para despois pasar a describir o traballo realizado co CITAC sobre Brecht. No segundo subapartado “Brecht no Portugal do Estado Novo”, faise unha relación da presenza do dramaturgo xermano no campo teatral portugués durante a ditadura de Salazar e Marcelo Caetano. Para isto foron fundamentais as achegas comprendidas no traballo coordinado por Gouveia Delille (1991), unha moi completa e plural percepción sobre a influencia do alemán no teatro portugués, así como as investigacións de Miriele Abreu (2013) sobre a Companhia Maria Della Costa e a súa polémica expulsión de Portugal tras a representación de *A Alma Boa de Setsuan*. Tamén son citados volumes de carácter teórico da autoría de Salvat e a interesante entrevista que Isasi Angulo (1974) realiza ao director en *Diálogos del Teatro Español de la Postguerra* e na que Salvat reflexiona sobre o seu teatro.

O seguinte apartado é “O teatro de Ricard Salvat en 1969” onde analizamos a práctica artística de Salvat nese momento concreto da súa carreira como director escénico. O obxectivo deste apartado é achegarnos ao pensamento teatral de Salvat a finais dos anos sesenta, inserido nun percorrido artístico máis completo e que superou as cinco décadas. Pretendemos trazar unhas liñas panorámicas para mostrar despois en que momento do seu camiño se encontraba o director catalán cando viaxou a Portugal para traballar cos estudantes.

Para encarar esta tarefa serán fundamentais os textos teóricos do propio Salvat, tendo especial relevancia a entrevista publicada no *Boletim de Teatro* do CITAC (1969a), posto que é realizada durante ese curso concreto e presenta unha evidente declaración de intencións en relación ao seu proxecto co grupo universitario. Destacamos tamén os dous prólogos a *Ronda de Mort a Sinera* (1974b e 1985), pois son reflexións sobre un espectáculo de grande importancia para a carreira de Salvat e que tivo, como é lóxico, influencia no seu traballo portugués. Outros textos de Salvat de carácter teórico e reflexivo (1966, 1966b, 1971a, 1973,

1974a, 1983 e 1997) ou relacionados con el (Isasi Angulo, 1974) serán empregados para este estudo do seu teatro pois existe, como é lóxico, unha relación moi próxima entre as aproximacións teóricas de Salvat, os seus ensaios históricos e a súa práctica artística.

De capital importancia será o lúcido prólogo de Corbella (1999) para indicarmos as principais características de Salvat como creador. Sobre elas trazaremos o que podería ser o seu camiño artístico no momento no que se encontraba cando acepta o convite do CITAC. Tomando en conta que consideramos que para calquera creación artística nace dunha estética que é unha técnica e unha ética (Branco, 2011), procuramos as liñas mestras que sustentan o traballo de Ricard Salvat como director, os seus referentes e os seus obxectivos, buscándolles sempre relación directa co proxecto que desenvolve en CSE e colocando este espectáculo en diálogo con outras experiencias do catalán como *Ronda de Mort a Sinera* (1965) ou *Adrià Gual i la seva época* (1967). Cruzamos tamén a teoría de Salvat con textos teóricos de Brecht (1978, 1999) e Piscator (2001), dúas das principais referencias sobre as que constrúe a súa linguaxe artística propia. Tamén utilizamos como fontes outros estudos sobre estes dramaturgos como o de Rosenfeld (1985), Weber (1998), Brooker (1998) e aproximacións á figura de Salvat como as de Corbella, xa indicada, Foguet e Molins (2015), Ferrer e Rom (1998) ou o estudo do seu proxecto pedagóxico e artístico na Escola d'Art Dramàtic Adrià Gual (EADAG) realizado por Puig Taulé (2007) e que contou coa dirección do propio Ricard Salvat.

O seguinte apartado é “A Censura e *Castelao e a sua época*”, onde realizamos un achegamento aos estudos sobre censura no teatro durante o Estado Novo para despois aplicar ese coñecemento ao texto que o CITAC enviou ás autoridades e que se encontra actualmente nos arquivos da policía política situados na Torre do Tombo, en Lisboa. Traballaremos especialmente sobre as marcas que a censura deixou no texto dramático de CSE, proceso que en Portugal é coñecido como “o lápis azul”. Pretendemos realizar un traballo de identificación e unha análise cuantitativa desas marcas, organizándoas atendendo á súa tipoloxía para despois cruzar esa información coa anterior análise sobre a censura en Portugal e poder así definir os motivos que levaron a que CSE fose prohibida. Finalmente, reuniremos e analizaremos os diferentes informes que a PIDE realizou sobre o traballo de Ricard Salvat en Coímbra e que son indicativos do interese que mantiñan as autoridades sobre as prácticas culturais dos estudantes, especialmente no caso do teatro universitario.

Nun primeiro paso, a análise e estudo da censura ao teatro durante o Estado Novo, partiremos dos traballos de Cabrera (2008, 2013) e Santos (2008), así como da aproximación no contexto brasileiro realizada por Castilho Costa (2006). A segunda parte do traballo baséase en fontes directas como a versión do texto dramático que se encontra na Torre do Tombo en Lisboa e que designaremos como CSE-L (en contraposición á versión do Institut de Teatre

de Barcelona, CSE-B, ou a que se encontraba en poder de José Niza en Santarém, CSE-S) así como a correspondencia entre o grupo e as autoridades ou os informes que os axentes da PIDE destinados ao seguimento do CITAC emitían sobre os espectáculos de Salvat e que se encontran no arquivo lisboeta baixo o rexistro PIDE/DGS 38711.

Posteriormente tratamos as “Consecuencias artísticas e culturais” que CSE deixou tras de si pois, pese a non ter sido levado a escena, o proxecto deixou semente en diferentes procesos creativos que beberon do traballo de Salvat co CITAC. A base contextual e histórica volve partir dos volumes de Oliveira Barata (2009), CITAC (2006) e dos diarios do director, así como outras aproximacións á relación de Salvat con Galiza como Salvat (1999b) ou Alonso Montero (2013).

Encontramos dous proxectos que consideramos que poden ser herdeiros do traballo de Salvat en Coímbra. O primeiro titúlase *Trajecto com Brecht* e foi unha proposta de traballo do CITAC para o curso 69/70, posterior á expulsión de Ricard Salvat e durante o período no que o grupo aínda non tiña director artístico. O segundo recibe o título de *Se outros fossem os deuses?* e foi levado a cabo por João Rodrigues (integrante do CITAC durante o curso 68/69) no Porto. Ambos textos dramáticos aparecen publicados no volume coordinado por Gouveia Delille (1991). Reseñaremos tamén as pegadas que, no campo musical portugués, deixou o proxecto de Salvat a través dos traballos discográficos de Adriano Correia de Oliveira. Tamén citaremos outras colaboracións artísticas que xurdiron do encontro, naquela Coímbra de 1969, de artistas como Salvat, Luís Seoane, Isaac Díaz Pardo ou Alonso Montero e que participan na, sorprendentemente escasa, colaboración e diálogo cultural entre Cataluña e Galiza.

Para rematar este apartado, e antes de dar paso á edición comentada do texto, presentamos o “Achegamento ao texto dramático de *Castelao e a sua época* e criterios de edición” onde, para alén de fixar os criterios que guían a nosa edición, achegamos algunhas cuestións en relación á mesma, como poden ser a descrición das diferentes versións do texto encontradas, a particular tipoloxía que presenta, a cuestión da autoría e outros elementos que encontramos destacábeis deste peculiar texto dramático e que resultaron de importancia á hora de encarar o noso traballo.

O cuarto capítulo está constituído pola edición comentada do texto dramático de CSE. Tendo en conta as características propias do texto e tras a consulta de bibliografía sobre o tema como Blecua (2001), Ruíz (1985) ou Pérez Priego (2011), optamos por presentar unha edición crítica anotada que permitise un correcto achegamento ao texto orixinal e, ao mesmo tempo e sen confundir esta recepción, información adicional en relación a varios aspectos de

interese como poden ser o carácter intercultural e intertextual do proxecto ou a súa posterior interacción coa censura portuguesa. Cómpre lembrar que a edición é realizada partindo dos diferentes materiais de traballo do CITAC (as versións de Barcelona, CSE-B, Lisboa, CSE-L e Santarén, CSE-S, principalmente as dúas primeiras) que non foron pensados para unha posterior edición. É por iso que, neste texto dramático composto por máis de 140 textos autónomos, moi raramente aparecen referencias aos títulos e moito menos á autoría dos mesmos. O proceso de fixación do texto dramático de CSE, no que pretendiamos dar información do maior número posíbel deses textos autónomos, foi moi dificultoso xa que bastantes deses textos autónomos eran traducións portuguesas do catalán, galego ou castelán feitas polos integrantes do proxecto, o que facía máis arduo o proceso de identificación, en ocasións algo semellante a un traballo detectivesco no que determinadas palabras chave, enfoques ou expresións, apuntaban para un campo cultural ou un autor concreto (como foi o caso do *Auto do Labrego*, de Manuel María). Neste proceso contamos coa inestimábel colaboración tanto dos nosos orientadores como de Xesús Alonso Montero, que nos axudaron a localizar algúns dos textos que se nos presentaban como enigmas indescifrábeis. Unha vez identificado e delimitado o número destes textos autónomos (a cantidade dos mesmos foi variando durante a investigación até chegar aos 142 actuais) procedemos a destacar as posteriores anotacións que recibe o texto dramático. A edición presentada conta cunha estrutura semellante para cada texto autónomo, onde se indica a autoría do texto (se é coñecida) así como a súa orixe e tamén se existen marcas de traballo do propio grupo ou da acción da censura, indicando tamén a tipoloxía no caso destas últimas. En diferentes notas ao pé, referimos as diferenzas destacábeis entre as versións de Lisboa e Barcelona e realizamos comentarios en relacións a aspectos que nos parezan de interese para a persoa que le.

Co seguinte capítulo, “Castelao e a súa época, terreo vougo?” pecharemos a nosa presente aproximación ao traballo de Salvat en Coímbra cunha (re)visión dos obxectivos iniciais da nosa investigación e a achega das conclusións pertinentes. Presentaremos tamén algunhas liñas de lectura de CSE, características do texto dramático que encontramos de especial interese. Finalmente, tentaremos reflexionar sobre a cuestión do fracaso de CSE, un proxecto que foi abortado pola PIDE en 1969 e do que partiron diferentes tentativas, tanto discográficas como editoriais, que resultaron tamén frustradas. No axitado ambiente da crise académica de 1969, as autoridades portuguesas procuraron decapitar o movemento estudantil e, inserida nese proceso, foi realizada unha operación contra os principais grupos de teatro universitario da que resultou a expulsión de Ricard Salvat. Para alén diso, o espectáculo CSE foi prohibido, impedindo a representación dese ambicioso e estimulante proxecto do CITAC. Tentaremos valorar se ese terreo artístico sementado en 1969 e botado a perder pola acción das autoridades resultou un ermo ou se, polo contrario e como cantaba Chico Buarque, “esqueceram uma semente nalgum canto de jardim”.

Nos derradeiros apartados, presentaremos a bibliografía utilizada e unha listaxe dos orixinais de onde se retallan ou adaptan os diferentes textos que compoñen CSE, así como diferentes anexos que ilustran ou completan esta investigación. Estes anexos están estruturados en varios apartados e neles aportaremos a documentación que a PIDE mantiña sobre Salvat; os carteis relacionados tanto con *Brecht + Brecht* como con CSE; unha ficha técnica deste segundo espectáculo; algunhas imaxes do traballo de Luís Seoane; fotografías dos ensaios do CITAC e fragmentos dos documentos utilizados para a edición nos que aparecen marcas dos censores que nos resultan ilexíbeis.

2. Ricard Salvat e a súa época portuguesa.⁵

“Cada sociedad tiene el teatro que merece”

Federico García Lorca.

Ricard Salvat chega a Coímbra nun luns de Novembro, día 18, acompañado pola súa compañeira Núria Golobares e Neus, a filla deles. Chega convidado polo Círculo de Iniciación Teatral da Academia de Coimbra (CITAC) para ser o novo director e substituír ao arxentino Víctor García, quen tiña recibido boas críticas polos traballos realizados con este grupo universitario. Instálase así o catalán nunha cidade que non podía imaxinar que iría escribir un dos momentos máis tensos e recordados da súa historia: a afamada crise académica de 1969.

Ao longo dos anos cincuenta e sesenta, a comunidade universitaria (tradicionalmente formada por un reducido número de estudantes, no xeral varóns e herdeiros das clases privilexiadas) vaise afastando ideoloxicamente do autoritario réxime de Oliveira Salazar a medida que a xuventude se vai formando como grupo social diferenciado. Así, de fábrica elitista de futuros dirixentes fundamentais para perpetuar a ditadura, o Estado Novo e o sistema social que estes representaban, a Universidade vira un foco de paulatino descontentamento e visíbel protesta contra o rumbo tomado polo país, feito que lle provocaba un grande desagrado ao ditador: “Que pena me faz saber aos domingos os cafés cheios de jovens discutindo os mistérios e problemas da baixa política” (Oliveira Salazar, *apud* Bebiano, 2003: 108). Non é tarefa deste estudo afondar na historia do movemento estudantil daquelas décadas⁶, mais non podemos deixar de referir os principais motivos que levarán a que xermole un clima de confronto e rebeldía dos estudantes durante os gobernos de Oliveira Salazar e Marcelo Caetano; motivos que son de carácter xeral (compartidos globalmente pola xuventude do occidente), mais tamén particular, tendo estes que ver coas características propias da etapa histórica que Portugal atravesaba.

O período denominado como “longos anos sesenta”⁷ foi un tempo de revolta e desafío dos valores tradicionais hexemónicos no que a xuventude se constituíu como un axente activo que “integrava (...) com grande destaque, (...) [o] movimento universal de contestação”(ib.67). Pola primeira vez na historia encontramos nos mozos e mozas:

5 Se non se indica o contrario, as fontes de información histórica son Oliveira Barata (2009), Bebiano (2003) e Cardina (2008). No que é relativo á *Crise Académica de 1969*, seguimos os traballos de Cruzeiro (1989) e Caiado (1990).

6 Remitimos á bibliografía citada para un mellor coñecemento desta cuestión.

7 A datación destes anos é variábel dependendo do autor, mais é xeral o seu encadramento entre a segunda metade dos anos 50 e a primeira dos anos 70.

(...) um universo singular que (...) projectava os sinais da juvenilização – tal como a dissensão em relação ao modelo de sociedade que a excluía ao mesmo tempo que a produzia – como factores de um movimento que tendia para o embate, inevitável num tempo de profunda redefinição de modelos, com os sectores que se permaneciam afectos a um mundo dentro do qual cada um deveria reconhecer na perfeição o seu lugar, e no qual se era punido por não o fazer. Onde se tornava impossível aceitar, sem uma resistência activa e violenta, as profundas transformações em curso (*ib.* 26).

Durante a década de 1950, na secuencia da posguerra, as familias europeas vivían tempos de crise nos que a contención e o aforro eran procederes comúns e inevitábeis. O aparecemento da consciencia de colectividade xuvenil chega principalmente da man das institucións académicas, que afastaban aos mozos dos seus contextos familiares, facilitando así o desenvolvemento dunha cultura propia baseada nunha vivencia colectiva. Estas institucións, reducidas tradicionalmente ás elites, tornáranse fundamentais, co crecemento da escolarización en masa posterior á II Guerra Mundial, para a definición dun estado de ruptura de importantes sectores da xuventude en relación ao seu contexto tradicional. Como refiren Estanque e Bebiano (2007: 19), “[o] encontro dunha época de cuestionamento e de reconstrução com o inicio da recuperaçã demográfica do pós-guerra, associado a um ambiente emergente muito permeável à busca de novos caminhos e à experiencia de novas atitudes” fixeron que a xuventude europea se presentase como un colectivo conscientemente diferenciado e en moitas ocasións en conflito coa sociedade tradicional. Os mozos e mozas da Europa desexaban deixar atrás os escenarios que levaran ao seu mundo á guerra, recusando as estruturas, valores e prácticas que permitiran a existencia de tales escenarios e que estaban enraizados nas xeracións que os precederan.

Baseados nesta concepción autónoma como grupo que non está de acordo nin se integra na sociedade hexemónica (que, lembremos, era unha sociedade da que non tiñan participado na súa construción), os mozos reaccionan contra esta, cuestionándoa e presentando un universo cultural e social alternativo nun proceso de progresiva politización que tería grande importancia na formación da chamada Nova Esquerda:

(...) um sector importante da juventude procurava criar, em conjunto com alguns intelectuais provenientes da anterior geração, uma experiência alternativa (...) situada completamente de fora – ou que, pelo menos, ousava tornar-se a si própria como tal – de um meio sociocultural em cujos valores deixara de acreditar e cuja linguagem rejeitava (Bebiano, 2003: 43).

Este proceso de crecente politización foi inseparábel dos novos valores asociados á xuventude e tivo grande influencia nos produtos culturais relacionados con esta, principalmente na

música: “Esta politización (...) intensa que envolveu os meios juvenis europeos integrava porém una dimensión festiva proporcionada sobretudo pola presenza de un som que com ela insistentemente convivía” *ib.* 53). Temos, polo tanto, que unha boa parte da poboación xuvenil definiu unha serie de padróns culturais propios e autónomos do resto da sociedade (cunha dimensión que non ficaba reducida ao nacional, acadando unha escala planetaria) e que, partindo dun conxunto de valores tamén propios, se confronta cos poderes tradicionais presentando as súas propostas alternativas. Esta tensión social que a xuventude mantiña deuse con maior forza nos ambientes académicos e desabrochou nunha serie de revoltas nas universidades un pouco por todo o planeta a partir de 1964, sendo a primeira en Berkeley (EUA) e espallándose logo o fenómeno por Berlín, Italia, Francia e tamén no bloque socialista, en Checoslovaquia ou Polonia. Durante o período de 1967 a 1968 encontramos mais de 1800 levantamentos de medio ou elevado impacto. Estes levantamentos, orixinados en lugares tan diferentes e distantes, tiñan en común o seren feitos “non propriamente contra a universidade em si, mais contra as estruturas sócio-culturais da sociedade afluente” (Guerra e Nunes *apud* Bebiano, 2003: 56-57) e asumiren compoñentes críticas e propostas dun forte e consciente carácter xuvenil. Os estudantes defínense intérpretes dunha consciencia especificamente estudantil que debe ter voz nunha institución, a académica, considerada por eles arcaica e fosilizada. Estamos perante unha “inversión de valores que recusa a antiga deferencia polo velho, por aquilo que se mostrava irreformábel, (...) em nome de un novo iconoclasta, que se cria profundamente regenerador, materializado em prácticas culturais que deveriam desembaraçar-se das marcas do pasado” (*ib.* 59). Os estudantes recusan a súa transformación en meros executores do papel social que a súa orixe lles dita e preséntanse como un foco de recusa das xerarquías, valores e prácticas conservadas e consentidas polas xeracións anteriores e como unha fonte de esperanza no troco destas por outras.

Cómpre destacar que o mundo se atopaba dividido en dous grandes bloques con sistemas de organización política antagónicos e que foi nesta época cando apareceron movementos que procuraban un camiño rumbo ao socialismo, como os iniciados en Cuba (1959) ou a revolución cultural chinesa (1966). Tamén é de destacar que en 1967 se inicia a ofensiva do Tet, acontecemento central para o desfecho da guerra do Vietnam. Nesta época, o mundo sabía da existencia de alternativas reais ao sistema en que vivían e o colectivo estudantil tiña plena consciencia da amplitude do campo do posíbel. Os anos sesenta foron unha época de confronto e dor, mais tamén de esperanza e ledicia.

O panorama portugués era ben menos alegre, pois un goberno conservador e autoritario rexía os destinos do país desde 1932. Ademais, a partir de febreiro de 1961 os territorios colonizados polos portugueses no continente africano comezaran a sublevarse, iniciando guerras de liberación nacional que desviaban unha enorme cantidade de fondos e de capital

humano para África. Angola (1961), Guinea (inicio de 1963) e Mozambique (verán de 1965) dan inicio ás longas loitas que acabarían por derrubar o Estado Novo e o imperio colonial portugués. Mais mentres isto non acontecía, milleiros de mozos eran obrigados a pasar o inicio da súa vida adulta en África, perdendo a vida moitos deles nas guerras coloniais. Esta incorporación obrigatoria no servizo militar (unha experiencia dura, longa e perigosa) afectaba especialmente aos estudantes universitarios, que tiñan que renunciar a calquera proxecto de vida futura, fose este profesional ou familiar. Se á conseqüente impopularidade das guerras en África sumamos a sensación de incomodidade coa situación política do país e a filtración (pese a “impermeabilidade” do réxime salazarista) das noticias das axitacións que os estudantes causaban noutras partes do mundo e o “espertar” que as inundacións de 1967 provocaran nos estudantes⁸, encontramos o clima de revolta necesario para que a Universidade, frecuentada agora por un maior número de alumnos que proviñan das clases medias e con moita máis presenza feminina, comezase a ser un problema considerábel para el Estado Novo, un réxime que “se mantinha autista, com raras exceções de permeio, em relação a tudo o que pudese dizer respeito a uma perceção divergente, contraria à norma e não integrada” (*ib.* 74).

Em Portugal, como no resto do mundo, tomaba forma a idea da caracterización do estudante como “mozo traballador intelectual”. Esta caracterización, que marca novos comportamentos baseados no compromiso social e o abandono do papel de elite, modifica a imaxe do medio estudantil, desprazando a visión tradicional do estudante como “situado fora da sociedade, vivendo como uma espécie de parasita, passando a maior parte do seu tempo em ocupações agradáveis mais ou menos folclóricas e sem preocupações com o futuro” (Gaudez *apud* Cardina, 2004). En Coímbra, a pesar da aura tradicional e localista que rodea á Universidade, sentíronse os efectos desta mudanza, transformando algunhas formas simbólicas da academia, dotadas de novos significados⁹.

Esta toma de consciencia, que é social mais tamén da colectividade que os estudantes representaban, levou a que se producisen diferentes confrontacións coas autoridades académicas e gubernativas. A tensión foi aumentando progresivamente até que en 1965 a Direção Geral da Associação Académica de Coimbra (DG-AAC), órgano democrático representativo dos estudantes universitarios e que durante os cursos 63/64 e 64/65 mantivera

8 A finais de novembro de 1967, unha serie de enchentes e inundacións atacaron o sur de Portugal. Os estudantes organizaron grupos de apoio e moitos se trasladaron até os locais inundados. Será ese o momento en que, para moitos deles, se rompan as catro paredes académicas entre as que vivían e caian na conta da miseria que o país sufría e da escasa intervención do goberno para axudar aos mais necesitados. A visión da miseria e do abandono daquelas persoas marca a toma de consciencia de moitos estudantes.

9 Como a Tomada da Bastilha (ver nota 15) ou a utilización da capa negra e o traxe universitario como símbolo de unidade entre “revoltosos” e non da diferenca cos traballadores e traballadoras da cidade, ou *futricas*, como era tradicional na cidade.

altercados coas autoridades, foi cesada e substituída por unha “Comissão Administrativa” nomeada pola autoridade e formada por estudantes afectos ao réxime. A pesar da pouca reacción perante o abuso, a situación a partir de 1965 comeza a acumular presión até estourar durante o curso 1968/1969, coincidindo coa chegada do director catalán, completamente alleo, por descoñecemento, á situación de tensión que vivía a Universidade e ao momento histórico no que acabaría por participar.

A *crise de 69* comezara a súa xestación o ano anterior, nun proceso que serviu para mobilizar de novo a unha comunidade estudantil, a de Coímbra, que perdera o interese polas cuestións referentes ao movemento académico. Conscientes da situación de inxustiza que reinaba na AAC co secuestro da mesma pola Comissão Diretiva, os estudantes máis politicamente activos (agrupados a maior parte deles no Conselho das Repúblicas¹⁰ e nas seccións culturais da Academia, entre elas o CITAC) formaron a comezos do ano un grupo que tiña a finalidade de crear as condicións necesarias para a convocatoria de eleccións na Associação. Este grupo, chamado Comissão Pró-Eleições (CPE), logo comezou a gañar apoios, revelándose moitos dos socios da AAC contrarios á Comissão Diretiva que os presidía.

Mentres, dous feitos históricos abanaban Europa: o Maio de 68 na Francia e a fin da Primavera de Praga coa invasión de Checoslovaquia por parte dos tanques do Pacto de Varsovia. En Portugal asisten á exoneración de Salazar como Primeiro Ministro e ao nomeamento de Marcelo Caetano como o seu substituto. Por primeira vez nos últimos trinta anos, no país mudaba algo.

Marcelo Caetano, un home do réxime mais de tendencias liberais, foi visto, no inicio, como a persoa que podería guiar paulatinamente o Estado Novo cara a un sistema menos opresivo, e neste camiño apuntaban as súas primeiras decisións políticas, non sen críticas internas. A chamada “primavera marcelista” presentábase como unha oportunidade ideal para a volta da democracia á Universidade de Coímbra. Os estudantes reforzan a presión e en setembro presentan 2000 sinaturas pedindo a convocatoria de eleccións para a AAC. Dous meses despois o goberno acepta as súas reivindicacións: a chamada a urnas para decidir a nova Dirección Geral da AAC foi marcada para o 12 de febreiro de 1969. Esta é a Coímbra que Salvat encontra cando alí chega un 18 de novembro: unha universidade e un país cheos de esperanza nunha posíbel moderación da ditadura e un goberno autoritario dividido entre reformistas e continuadores do antigo réxime.

¹⁰ As repúblicas son casas de estudantes de carácter autoxestionado, características de Coímbra e que resultan activos axentes na dinamización política e cultural na súa universidade. A totalidade das repúblicas están representadas no Conselho de Repúblicas, órgano que tiña suma importancia no movemento estudantil da época.

Aínda que envolto neste optimista escenario estudantil, o CITAC enfrontábase a unha mudanza importante na súa historia. A etapa dirixida por Víctor García chegara ao seu fin despois de tres anos como director artístico do grupo universitario. O director arxentino conseguira para o grupo unha importante proxección a nivel nacional e internacional, grazas á realización de espectáculos de grande calidade plástica como *O grande teatro do mundo* (Coímbra, Teatro Avenida, febreiro de 1967) ou *Assim que passem cinco anos* (Coímbra, Teatro Avenida, abril de 1967). Porén, algúns elementos do CITAC consideraban o traballo de García demasiado estetizante e propuxeron a posibilidade de contratar un director máis virado para un teatro de carácter político. Procurar outro director que permitise un enfoque social mantendo a calidade artística acadada por Víctor García era o desafío da dirección do CITAC, que pensou en primeiro lugar en Jack Lang¹¹. Foi Lang quen puxo sobre a mesa o nome de Ricard Salvat, a quen coñecía polo seu traballo presentado en Nancy. O director, que tiña realizado nos últimos anos espectáculos da calidade de *Ronda de mort a Sinera* (Barcelona, 1965) ou *Adrià Gual i la seva época* (Barcelona, 1967¹²), aceptou o convite do CITAC, aliviando así os problemas económicos que os seus últimos proxectos lle terían causado. É deste modo que, iniciado o curso académico 1968/1969, entra coa súa familia en Coímbra.

Salvat, nada máis chegar a Portugal, entra en contacto cos mozos do CITAC, polos que gaña simpatía rapidamente. Aproveita os primeiros días para coñecer a cidade, a rexión e a varias persoas do ámbito da cultura, como Raul Gómes, director da revista *Vértice*¹³. Instala-se coa súa familia no ático do número 100 da rúa dos Combatentes da Grande Guerra e dedica o resto do ano a impartir un curso teórico de teatro e a traballar de modo máis práctico cos membros do CITAC, sen desenvolver aínda un proxecto concreto. Ambos traballos inciden na noción de Realismo Épico de Piscator e Brecht, teoría pola cal Salvat mostraba gran simpatía, como veremos en apartados posteriores.

Non podemos precisar con exactitude o momento no que Salvat comeza o traballo práctico co CITAC, mais as aulas do seu curso de teatro, de inscrición aberta a calquera participante e non só aos pertencentes á AAC, comezaron dez días despois da súa chegada, o xoves 28.

11 Lang era o organizador do Festival de Nancy, considerado a Meca do teatro universitario e onde xa participara o Cénico de Direito e o TEUC, que presentou o *Breve Sumário da História de Deus*, de Gil Vicente, en 1965. A Escola d'Art Dramàtic Adrià Gual (EADAG) tamén fora convidada por Lang ao festival (Salvat, 1985: 14).

12 A versión en castelán Adrià Gual y su época foi estreada no Teatro María Guerrero de Madrid en 1966. Para unha descrición detallada do traballo da EADAG e a Companyia Adrià Gual, ver Puig Taulé (2007).

13 Hai unha serie de publicacións que acadaran unha grande importancia para a formación extraacadémica dos estudantes, como a revista *Seara Nova* ou *O Tempo e o Modo*. A revista *Vértice*, "revista de cultura e arte" editada en Coímbra, mantiña unha estreita relación co ambiente estudantil e desempeñaba un importante papel na formación da comunidade académica da cidade, achegando aos estudantes "um mundo para além daquele que o réxime lles deixava ver ou lles prescrevía" (Estanque e Bebiano, 2007: 66). Destaca para a nosa investigación o seguimento dos Ciclos de Teatro do CITAC que a *Vértice* publica, así como artigos aparecidos na súa sección de teatro.

A partir dese día e durante todos os luns e xoves despois das 22h, preto de dúas centenas de asistentes chegaban ao Teatro de Bolso do CITAC para asistir ás aulas impartidas polo catalán. Esta característica do curso, que non reduciu o público unicamente ao sector universitario, fixo que o interese pola figura de Salvat se espallase entre os círculos culturais da cidade.

O programa do curso e os poucos sumarios que foron publicados pola revista *Vértice*¹⁴ revelan que se trataba dunha especie de Historia do Teatro Moderno. Tomando como base a afirmación de que toda época ten o seu teatro específico e que nese momento correspondía o Realismo Épico, Salvat viaxa até o século XIX para procurar as raíces e os precursores da proposta teatral de Bertolt Brecht. Aínda que en posteriores apartados analizaremos o curso de Salvat no Teatro de Bolso, presentamos agora unha breve aproximación que permita entender mellor a narrativa que nestas páxinas presentamos.

Analizando os documentos da época e outros textos teóricos de Salvat, deducimos que as principais liñas teóricas seguidas polo novo director do CITAC son o rexeitamento ideolóxico e estético do teatro burgués (*pièce bien faite*) por ser considerado un mero obxecto de distracción e a predilección por un teatro obxectivo e comprometido como, por exemplo, o Realismo Épico de Brecht. Os mestres predilectos e destacados son o propio Brecht, Meyerhold e Piscator. A través dos sumarios do curso verificamos que as aulas conteñen moitas referencias ao decorrer do século XX, resultando por veces conferencias nas que se abordaban destacados momentos históricos. Este é un dos motivos polos que o curso despertou o interese dos estudantes e tivo tanto éxito de público, algo lóxico se temos en conta o clima cultural fechado que vivía o país. Tamén podemos ver reflectidas nos sumarios outras características ideolóxicas de Salvat, tales como a simpatía polo socialismo e o interese polo *crash* da bolsa de Nova York de 1929, que considera o calcañar de Aquiles do capitalismo. Serve tamén este curso para entendermos as liñas estéticas practicadas polo director, principalmente no que se refire á solución ofrecida perante a oposición entre *teatro de actor*, *teatro de autor* e *teatro de director*. O catalán propón un teatro de binomio entre autor e director, ao estilo dos practicados por Copeau, Jouvet, Kazan/Williams ou Piscator/Hochnut. Todo iso enfocado na eliminación dos habituais problemas provocados polo exceso de protagonismo dos actores e actrices no teatro (*divismo*).

É importante que entendamos o curso de teatro de Salvat non só como unha “intervención” cultural no ambiente estudantil mais tamén como un reforzo do traballo que realiza cos integrantes do CITAC. Neste curso, o director transmite un conxunto de conceptos e ideas estéticas e éticas que complementan o traballo dos integrantes do CITAC. Non debemos

¹⁴ Lección 1 (xullo 1971), Lección 2 (agosto/setembro 1971), Lección 4 (novembro/décembro 1971), Lección 5 (xaneiro/febreiro 1972) e Lección 6 (sen identificar, mais comprendida no mesmo número que a anterior).

esquecer que Salvat se destaca pola súa vertente como pedagogo e que toda a súa formación, teórica e práctica, remite a un teatro de compromiso moi relacionado coas teses de Brecht. Salvat, co seu curso, procura implicar eticamente aos seus actores. Este compromiso valoriza o “facer ben” por oposición ao “triunfo fácil” e á procura do efecto no público, tan habituais no teatro comercial e alienante ao que o director se opuña. As ensinanzas teóricas de Salvat dotan de profundidade ética o posterior traballo do CITAC.

Non é arriscado supor que Salvat traía a idea de traballar sobre as teorías e os textos de Bertolt Brecht, pois era un autor da súa simpatía e base da súa formación con pouca presenza escénica en Portugal. Así, o autor alemán é o inicio do traballo práctico que Salvat leva a cabo co CITAC, baseado na lectura de poemas e fragmentos de textos dramáticos, acompañados das aulas teóricas. Esa é, polo demais, unha novidade que aporta Salvat en relación aos antigos directores convidados polo grupo universitario: el é, alén dun director con experiencia, un pedagogo que chega a Coímbra cun proxecto cultural e docente sólido e ideas moi claras sobre a liña de traballo que quería tomar cos seus pupilos.

Neses meses, mentres comezaba as aulas de historia do teatro e o traballo práctico cos integrantes do CITAC, Salvat comprobaba como a universidade se preparaba para unha mudanza. No día 23 presentábase publicamente a candidatura da lista CR (Conselho das Repúblicas, institución con moito prestixio entre os estudantes máis politicamente activos e que xa tiña dinamizado listas que acabarían por dirixir a AAC nos cursos 63/64 e 64/65), na que se integran membros das seccións culturais da asociación académica, en total consonancia coa anterior Comissão Pró-Eleições. No día 25 Salvat asiste, xunto con Núria Golobares e na compañía de João Duarte Rodrigues e Maria Clara Boleó (ambos integrantes do CITAC), a un evento no Teatro Avenida onde se conmemoraba a Tomada da Bastilha¹⁵, o equivalente a unha especie de “día do estudante” en Coímbra, con estudantes convidados vindos desde o Porto e Lisboa. Salvat queda impresionado coa actuación de Zeca Afonso, de quen escribe no seu diario que “és un gran, extraordinari artista, sembla un trobador medieval. Va tenir un èxit increíble, una cosa fora mesura, li va tocar fer no sé quants bisos” (Salvat, 2015: 521). No evento e nas reunións que nel xorden son debatidas con sumo interese as futuras eleccións académicas de febreiro e as medidas suavizantes do goberno de Marcelo Caetano. Na entrada do seu diario datada en 26 de novembro, Salvat anota: “Realment sembla que algunes coses estan canviand des que hi ha hagut el canvi de noms en el govern. Es nota molt, diuen a la premsa. Ahir, per exemple, l’acte va ser autoritzat i es va parlar amb una gran contundència. Ara veurem si la censura, pel que fa al teatre, també ha millorat.” (*ib.*).

15 Data festiva da Universidade de Coímbra que celebra o 25 de novembro de 1920, cando os estudantes tomaron os andares superiores do Colégio de São Paulo. Os estudantes viñan reclamando eses andares como necesarios e, diante da inactividade das autoridades universitarias, decidiron pasar á acción e ocupalos.

É nesa altura cando Salvat comeza a pensar no resultado práctico do seu traballo co CITAC. Tendo aproveitado a súa estancia para mergullarse na literatura portuguesa, propón aos citaquianos traballar con textos de autores do país, pois considera que unha das funcións do teatro universitario é dar valor e presentar textos nacionais e actuais, polo xeral menos frecuentes en escena do que os considerados clásicos. Os nomes que se barallan son Sttau Monteiro (con *Felizmente há luar*) e Bernardo Santareno, coa peza *O Inferno*, texto que impresionara moito a Salvat. Seguindo o anotado no seu diario, fica claro que a estratexia do director era a seguinte: un grande espectáculo dun autor nacional vivo e outra montaxe de carácter popular para que puidese ser presentada polas vilas do interior do país. As primeiras ideas para este teatro popular foron un espectáculo do Romanceiro Portugués ou unha montaxe de “a conquista de Tánxer co problema do Príncipe Constante”, segundo refire o director (*ib.*). Estes dous proxectos, o grande espectáculo e a xira polo interior de Portugal, son síntoma de dúas das características que Salvat quería imprimir ao seu traballo co CITAC: a xa citada predilección por autores vivos e nacionais e a intención de que o teatro universitario se abrise á realidade do país e entrase en contacto coa poboación, no canto de ficar fechado entre as paredes das institucións.

Salvat pensa no seu amigo Urbano Tavares como coordinador dos dous espectáculos e prepara unha visita a Lisboa para o día 27 de novembro. Mais unha serie de malentendidos, sumados á difícil situación persoal que o escritor enfrontaba, impiden que este se mostre favorábel á idea de tomar conta dos proxectos (*ib.* 522-ss). Segundo nos indica Salvat nos seus diarios, o escritor tiña pasado pola prisión e atopábase nunha delicada situación de pluriemprego, engadindo a todo isto a fuga por motivos políticos dun amigo seu a cuxa familia estaba axudando. Suxire Urbano Tavares algúns textos de Gil Vicente e promete colaborar aportando ideas, porén recusa responsabilizarse do proxecto. Na semana seguinte contactan co propio Bernardo Santareno, que se mostra aberto a colaborar e montar ese espectáculo de teatro popular. Propónselle tamén facer unha revisión de *O Judeu* mais, polo momento, todos son proxectos e ideas que, no inicio de 1969, a censura aborta. Presentáronse catro pezas aos censores. *Felizmente há luar*, de Sttau Monteiro, *O Inferno*, de Santareno e *A outra morte de Inês*, de Luso Soares, son rexeitadas. Só se permite *O render dos heróis* de José Cardoso Pires, mais Salvat non quere traballar nese proxecto, pois xa fora levado a escena recentemente e non encontraba interesante facer unha nova representación¹⁶.

Em xaneiro de 1969, Salvat, segundo os seus diarios (anotación do 5 de xaneiro de 1969), ofrece unha conferencia sobre teatro na Marinha Grande, no ámbito da inauguración dun

¹⁶ Anotación do diario de Salvat no día 15 de xaneiro de 1969, na parte dos diarios inédita no momento de redacción desta tese. Serán indicadas coa data pertinente as citas do diario non editadas durante a redacción deste texto.

club universitario e en substitución dunha conferencia sobre a proclamación dos Dereitos da Humanidade que fora prohibida polo alcalde. Tamén convoca, neste mesmo mes, unha reunión coa dirección do CITAC para solucionar o problema da ausencia de proxectos para os seus espectáculos. Dada a indecisión dos mozos, Salvat propón un pequeno espectáculo sobre Brecht (aproveitando o traballo feito e substituíndo a idea orixinal de facer unha montaxe de teatro popular, pois nesa liña non tiñan chegado propostas que fosen interesantes) e retoma un antigo proxecto para a grande montaxe: *Os vellos non deben de namorarse* (OVN), de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao. Xa en 1966, Salvat falara con Alberto Míguez (autor do ensaio *El pensamiento político de Castelao*, publicado en París na editora Ruedo Ibérico e que acabaría por levar ao autor diante do xuíz¹⁷) sobre a posibilidade de levar a escena esta peza en catalán na versión de Salvador Espriu. Daquela non fora posíbel realizar o proxecto, polo que, aproveitando a xenerosa achega económica que a Fundação Calouste Gulbenkian outorgaba ao CITAC e a proximidade cultural entre Portugal e a Galiza, Salvat coloca a hipótese de levar adiante un espectáculo sobre a peza do escritor e político galego.

Recibida a idea con interese por parte do grupo, Salvat escribe un telegrama ao profesor Xesús Alonso Montero¹⁸ o día 7 de xaneiro para organizar unha viaxe á Galiza e así recoller informacións sobre o intelectual galego. Alonso Montero respóndelle rapidamente, moi ilusionado coa idea e coa posibilidade de ver de novo ao seu amigo. Catro días despois partiron nun coche, con escala no Porto, o propio Salvat, João Rodrigues, Isabel Pinto e Joaquim Pais de Brito. O seu primeiro destino foi Lugo, cidade onde residía o profesor coa súa familia. Como coñecedor da figura de Castelao, Alonso Montero era un dos máis prolíficos estudosos da época, aportou ao grupo moita información gráfica e literaria sobre o autor e os seus escritos, tanto de OVN como do resto da súa obra. O grupo aproveita a estancia na cidade para visitar o Museo de Lugo, que mantiña unha sala dedicada á figura do rianxeiro, como indica Salvat nos seus diarios do día 15 de xaneiro.

Segundo entrevista con Alonso Montero (2010) sabemos que o proxecto, nesa altura, era facer OVN. Tamén apoia esta tese a descrición que Salvat fai na revista *Primer Acto*, no seu

17 Casualmente o proceso será simultáneo á decisión de Salvat de levar OVN ás táboas co CITAC, sendo por ventura este facto un incentivo para que o catalán se decidise por este autor. A sentenza, emitida en decembro de 1968, será de seis meses de prisión e 10.000 pesetas de multa. Non podemos deixar de citar un fragmento dun artigo da autoría de José Manuel González Torga (2010) referente ao semanario *3E*, no que se fai referencia a Míguez, ao libro *El pensamiento político de Castelao* e ao boato sobre a propia intervención de Francisco Franco no perseguimento de Míguez: “Alberto Míguez había desaparecido anteriormente, a raíz de la publicación, en París, de su libro *El pensamiento político de Castelao*, con el cuño editorial de Ruedo Ibérico. Circuló el rumor, entre los colegas de la Redacción, de que Franco, dado su paisanaje gallego, detestaba de modo particular la significación política de Alfonso Rodríguez Castelao. En principio, Míguez se situó en ignorado paradero, con el fin de evitar las primeras reacciones oficiales, que terminarían llevándole al Tribunal de Orden Público.”

18 Salvat mantiña unha grande amizade con Alonso Montero desde o seu primeiro encontro, en 1962, durante un Congreso Mundial da Paz celebrado en Moscova ao que ambos asistiran na clandestinidade.

número 120, nunha monografía sobre o Teatro Galego dedicado case integramente á figura de Castelao e a súa única peza dramática. Mais non podemos deixar de sospeitar que na cabeza do director rondaba xa a idea dun espectáculo no estilo do que levara a cabo uns anos atrás, *Adrià Gual i la seva época* (AGS). Independentemente da idea inicial, Salvat encontra neste proxecto unha forma de vencer a dificultade na escolla dunha peza por parte do CITAC e unha boa oportunidade para ensaiar un espectáculo que, no futuro, podería repetir tanto en catalán como en español. O propio Salvat afirma que foi na viaxe á Galiza onde comezou a xurdir unha imaxe próxima ao estilo de *Adrià Gual i la seva época*. O director reflicte no seu diario (15 de xaneiro) que a idea xa non é unicamente presentar a peza de Castelao, mais tamén facer chegar ao público portugués a figura do intelectual galego e, consecuentemente, a cultura da Galiza.

A segunda parada da viaxe foi en Vigo¹⁹, onde tiveron unha reunión con intelectuais antifranquistas²⁰ aos que querían envolver no proxecto. Describe Salvat unha reunión no café *Alameda* na que participan diferentes intelectuais: Xosé Luís Méndez Ferrín, Valentín Paz Andrade, Luís Seoane e Isaac Díaz Pardo²¹. A pesar da frustración de non conseguirmos unha descrición adecuada deste encontro, o que podemos destacar é que os resultados foron os seguintes: a decisión de levar a escena un espectáculo sobre a figura de Castelao (CSE), a adaptación dos textos galegos ao portugués e a colaboración de Luís Seoane e Isaac Díaz Pardo na escenografía, vestuario e material gráfico en xeral.

Tras a escolla dos espectáculos para o que quedaba de curso, o CITAC continuou co seu traballo diario. Salvat dirixía o grupo, mantiña as clases do seu curso libre de teatro e tomaba parte nas reunións que se convocaban con outras agrupacións de teatro universitario. No día 18 de xaneiro, asiste a un encontro no Teatro de Bolso do CITAC coa participación dos seguintes grupos: Teatro dos Estudantes da Universidade de Coimbra (TEUC) e CITAC como grupos da cidade, Cénico de Direito e Letras (Lisboa) e TUP (Porto). Nesta reunión Salvat toma contacto co Cénico de Direito, grupo que meses máis tarde pide consello ao catalán na procura de novo director. Salvat non dubida e recomenda para o posto o seu

19 Alonso Montero nega a posibilidade desta segunda parada, mais tanto o propio Salvat, en textos posteriores, como os integrantes do CITAC que se trasladaron á Galiza corroboran que as entrevistas existiran. Por desgraza para nós, Salvat pouco comenta no seu diario sobre este tema, citando só Lugo e Vigo.

20 Salvat afirma que esta reunión foi aconsellada por Alonso Montero, mais o profesor néganos esta posibilidade. Sexa como for, parece evidente que tal reunión tivo lugar. O director descríbena como “un auténtico baño de inmersión galleguista” (Salvat, 1999b: 907).

21 A verificación desta segunda parada galega constituíu un auténtico problema. Poucos dos galegos presentes nese encontro continúan vivos e as versións difiren. Salvat recoñece que Díaz Pardo nega telo coñecido nesa reunión e si posteriormente en Coímbra. Isto ten a súa lóxica (podería ter asistido á reunión unicamente o seu amigo e socio Luís Seoane). João Rodrigues fala de Blanco Amor como outro dos asistentes, mais esa versión só é corroborada polo artigo de Salvat no *Primer Acto* (Salvat, 1970) e non polos seus textos posteriores. Por outra banda, a presenza de Méndez Ferrín tamén está en entredito.

amigo Adolfo Gutkin, figura que terá impacto na historia do teatro en Portugal²². Salvat tamén foi convidado para dar unha conferencia sobre Gorki en Lisboa o día 24 de xaneiro. Foi na capital do país, no mesmo día da conferencia, cando o director toma coñecemento do estado de excepción de tres meses decretado en España. Ben sexa polo impacto da noticia ou por outros motivos, Salvat non queda contento co resultado da súa conferencia, como deixa indicado no seu diario no día 26 de xaneiro.

Ao longo da súa estancia en Portugal, Salvat foi establecendo contacto con diferentes persoas do mundo do teatro, sendo de destacar, pola súa importancia no proxecto CSE, a relación con Paulo Quintela, que comezara o ano de 1969 afastado do teatro. O histórico director do TEUC dimitira no seguimento dunha crise interna en torno da necesidade dunha actualización estética do grupo, até a data asociado a un repertorio tradicional. Sabendo isto, Salvat visita ao profesor para informalo da futura posta en escena dun espectáculo que partía de textos de Bertolt Brecht e pedir a súa colaboración na tradución dalgúns poemas do alemán. Esta aproximación entre CITAC e Paulo Quintela (que até ao momento era visto polos integrantes do grupo como un conservador pouco amigo das modernidades) viuse reforzada pola colaboración do profesor en *Brecht + Brecht* e na participación en futuros debates nas representacións deste espectáculo.

O inicio de febreiro trouxo consigo avances substanciais no traballo de Salvat sobre Brecht, mais tamén foi un mes decisivo para a comunidade estudantil. O movemento académico de Coímbra depárase coas tan agardadas eleccións á Dirección Geral da AAC. As dúas listas candidatas representaban políticas opostas: a lista CR (Conselho de Repúblicas) é contestataria, de esquerda, contraria ao réxime e aglutinadora de estudantes das Repúblicas e organismos autónomos como o CITAC. A lista MRR (Movimento Revolução e Reforma) é afecta ao poder e presenta poucas diferenzas en relación á Comissão Administrativa que fora nomeada polas autoridades. No día 10 de febreiro celébrase un debate público entre as dúas listas. A vitoria do CR é tan evidente que o propio axente da PIDE encargado de facer o informe do evento augura pésimos resultados para a lista da dereita. Efectivamente, dous días despois, as eleccións deixan un contundente resultado: dos sete lugares en competición, o CR gaña seis e a MRR só un. Para alén deste desastroso resultado, o MRR renuncia a tomar posesión, quedando o grupo do CR coa totalidade dos lugares. Os estudantes tomaran a palabra nas eleccións e decidiran apoiar sen dúbidas a unha candidatura de esquerda contraria ao goberno. Quedaban así definidos os grupos que se oporían na futura crise académica.

Salvat continua coas súas aulas e o CITAC traballa sobre *Brecht + Brecht*, espectáculo en dúas partes compostas por *A exceção e a regra* xunto con poemas do propio Brecht (em

22 E será tamén expulsado pola PIDE en 1973.

carta enviada ao director galego López-Veiga, datada en 24 de febreiro, Salvat cita *Historias do calendario*²³), de Carl Sanburg, textos de John Dos Passos e de diferentes economistas americanos. Segundo explica Salvat en entrevistas posteriores tratábase dunha reflexión sobre a crise capitalista de 1929. Como xa referimos anteriormente, Salvat sabe que se trata da primeira ocasión en que un grupo de portugueses represente Brecht no país (en posteriores capítulos trataremos a presenza deste autor en Portugal) e é ben consciente das implicacións deste feito. Este é o principal motivo para que o texto non teña sido enviado á censura, xogando así cunha omisión legal: se non había representación nin billete, non había espectáculo. *Brecht + Brecht* era presentado como unha “Conferência-Teatro” de carácter pedagóxico ou como un “ensaio aberto” para o cal non era preciso cobrar billete. Ficaba así solucionado o problema do envío de textos á censura, a cal, sen ningún lugar a dúbidas, os tería prohibido.

É bastante probábel, segundo os datos que encontramos na prensa, que unha parte de *Brecht + Brecht* teña sido representada durante as aulas de historia do Teatro que Salvat impartía no Teatro de Bolso do CITAC, probabelmente o día 10 de febreiro e como apoio da lección sobre o *teatro épico* do dramaturgo alemán. O público asistente, grazas ao éxito que as aulas de Salvat estaban a ter e tamén á novidade que constituía a presentación de textos de Brecht en Portugal, encheu o local. No día 22 de febreiro (coa peza aínda sen estar ao cento por cento, para incomodo do director) o CITAC representou novamente o “espetáculo-conferência” na Marinha Grande. O espectáculo vai, progresivamente, tomando forma. O axente da PIDE encargado do informe describe as poesías pertencentes ao espectáculo como “magistralmente encenadas pelo espanhol Ricardo Salvat Ferrer” (Informe 333/2, in Processo N°38711). A fama de Salvat en Coímbra continúa a crecer e a incomodar aos sectores máis reaccionarios, polo que o director, consciente do clima de confronto que vai en aumento na universidade, comeza a ficar preocupado polas posíbeis represalias das autoridades. Nunha carta a uns amigos datada a 26 de febreiro, o director comenta:

Como están las cosas aquí y dado mi trabajo en Portugal sobre Brecht, podría darse el caso de que me echaran. Sin dramatismo ninguno y siendo casi seguro que esto no sucederá, pero cabe pensarlo. De echarme probaría ir a París. Hay avión directo. Pienso que no me conviene entrar en España mientras haya estado de excepción. [...] Yo allí talvez necesite ayuda. Pensad que tengo a mi mujer y a la niña. Yo olvidé los contactos en París. No sé, no os preocupeis por eso siempre es mejor prevenir que curar, no?

23 Ou *Historias do almanaque*, dependendo da tradución.

A seguinte representación do traballo do CITAC realizouse durante unha gala en homenaxe a Azeredo Perdigão, Presidente do Conselho de Administração da Fundação Calouste Gulbenkian, que fora nomeado *Honoris Causa* pola Universidade de Coímbra. A gala decorreu no teatro da Faculdade de Letras da UC e para participar nela foran convidados o Coral da Faculdade de Letras, o Orfeão Académico, o Coro Misto, a tuna académica, o TEUC e o CITAC. Sendo que os traballos dos grupos de teatro non estaban aínda concluídos, estes optaron por un recital: o TEUC presentaría poesía neorrealista portuguesa e o CITAC poemas de Bertolt Brecht. A inclusión de textos do dramaturgo alemán na gala incomodou a algunhas personalidades como o Vice-Reitor Arnaldo Barbosa, quen protestou pola repetición do recital realizado na Marinha Grande (e, probablemente, no Teatro de Bolso do CITAC) e, vendo que os seus protestos non tiñan provocado ningunha reacción, anunciou a súa ausencia da gala e pediu a súa exoneración do cargo, como relatan os informes da PIDE sobre o evento. Tamén o grupo de teatro académico OTUC (Oficina de Teatro dos Estudantes de Coímbra) elevou unha protesta ao reitor, indignados pola representación en Coímbra de textos do dramaturgo comunista. Como se a “afronta” de levar Brecht á Faculdade de Letras non tivese sido pequena, no escenario no que o TEUC e o CITAC presentaban o seu traballo había, ben visíbel, un improvisado cartel onde o público podía ler a seguinte frase: “Trazem-se versos em vez de flores, porque a Primavera não vem...”, nunha clara alusión ás políticas de abertura iniciadas por Marcelo Caetano coa chamada “Primavera Marcelista”.

Chegado o día da gala, o CITAC impresiona co seu traballo. O público, cerca de cincocentas persoas, responde cunha entusiasta ovación. Salvat describe a reacción no seu diario (no día 28 de febreiro) como “euforia” e “entusiasmo” entre o público: “Jo vaig quedar força satisfet. Els nois tan contents que és difícil d’explicar”. Algúns chegan a considerar o visto no teatro da Faculdade de Letras como o mellor espectáculo do CITAC até a data. Unha das profesoras que asisten ao espectáculo comenta con Salvat que, comparando este Brecht con outro presentado anteriormente por unha compañía brasileira na capital (ver capítulo 3.1.3), non dubidaba de cualificar o de Lisboa como un espectáculo feito “á moda antiga”. Se a primeira representación pública de Brecht na Universidade de Coímbra fose pouco movemento para unha academia que fervía, nesa mesma noite prodúcese un sismo que abala a cidade. Se callar un presaxio dos movidos tempos que se aveciñaban.

As dereitas académicas non se atreven a boicotear o espectáculo, mais inician accións de protesta pola representación de textos de Brecht na universidade. O ambiente estudantil da cidade non fala doutra cousa e Salvat teme seriamente pola súa expulsión. Envía cartas a amigos no estranxeiro e comeza a preparar unha saída do país que lle evite ser deportado para España (que, lembremos, aínda se mantiña en estado de excepción). Escribe no seu diario (o día 3 de marzo) que “[e]n aquest país tot és possible malgrat que m’avala el director de

la Facultat de Dret” e indica que Marcelo Caetano, nunha intervención pública, tiña falado de “estranxeiros inimigos do país” cos que habería de ser “moi inflexíbel”. Pensa en pedir asilo político a algunha embaixada, probabelmente a de Suecia, caso dispuxese de vinte e catro horas para abandonar Portugal: “La pitjor de les hipotèsis és que m’agafin i em deixin immediatament a la frontera”. Mal sabia Salvat que os negros presaxios que confesaba no seu diario persoal virarían realidade poucos meses despois.

O día 8 de marzo, o Centro de Formación e Assistència Social de Águeda anuncia a “Conferência-Teatro: Tendências do teatro moderno” a cargo do CITAC. No folleto que acompaña o evento, o CITAC presenta unhas *Breves notas sobre o noso traballo* que se revelan como unha das poucas reflexións escritas polo grupo sobre o seu traballo neste espectáculo.

Com esta montagem de Brecht, que não é um espetáculo mas apenas um ensaio, Ricard Salvat quis iniciar uma nova linguagem e forma de expressão teatrais, fugindo aos trâmites arcaicos do teatro burguês tradicional, com uma reconsideração absoluta das linhas básicas do espetáculo, construindo assim uma nova visão do texto teatral. (...)

Salvat tenta, nestas ilustrações sobre Bertolt Brecht, analisar criticamente a validade e a riqueza da época deste grande homem de teatro, montando os seus poemas nunha linha cronológica e evolutiva do pensamento de Brecht, o que simultaneamente nos transmite uma ideia informativa sobre um momento fundamental da sua época (...) (CITAC, 1969b).

Podemos encontrar neste texto varias características de Brecht + Brecht, algunhas tamén presentes en CSE. En primeiro lugar, o espectáculo é introducido como un ensaio (xa vimos que esta clasificación do traballo do CITAC impedía moitos problemas coas autoridades) e un traballo que procura unha nova linguaxe teatral, diferente do teatro que se acostumaba representar²⁴. A estrutura é unha presentación cronolóxica de diferentes textos que describe tanto a vida do dramaturgo alemán como o tempo que lle tocou vivir, característica que tamén comparte CSE. A de Águeda é a terceira e última representación pública de *Brecht + Brecht*.

O inicio de marzo é un momento difícil para o catalán. Por un lado, o medio intelectual e artístico da universidade está marabillado co *Brecht + Brecht*, mais como efecto deste éxito para sobre el a posibilidade de expulsión. A isto temos que sumar a dificultade de comezar coa preparación do espectáculo CSE, xa que o proxecto non conseguía arrincar

²⁴ No apartado 3.2. abordaremos a linguaxe teatral de Ricard Salvat con maior profundidade.

con forza. Despois dunha maior aproximación á figura e á obra de Castelao, os integrantes do CITAC, e mesmo Salvat, descubren que o galego non é a figura que tiñan idealizado. Imaxinaron un Castelao ultrasquerdista e revolucionario, mais a realidade dos textos dos que dispuñan non lles devolvía esa imaxe. Salvat relaciona a súa desilusión con outras xa sufridas anteriormente con algúns mitos culturais da II República Española (o director cita Alejandro Casona, Rafael Alberti ou Federico García Lorca)²⁵. Perante esta situación, o grupo encóntrase nunha encrucillada: ou politiza Castelao ao seu xeito (seguindo algunhas liñas xa existentes, como a de Míguez en *El pensamiento político de Castelao*) ou abandona o proxecto e inicia outro. Xorde entón a idea de facer algo sobre Almeida Garrett (proxecto presentado por José Baldaia e Marcelo Ribeiro)²⁶.

O propio Baldaia afirma (CITAC, 2006: 67) que a preferencia por Castelao en detrimento de Garrett se debera a finalidades políticas, sendo o espectáculo unha forma de aproximación entre partidos comunistas dos dous países. Encontramos difícil que esta fose a motivación que residía na escolla da peza de Castelao, pois era un proxecto que xa viña na cabeza de Salvat desde había polo menos tres anos e que nacera para un contexto social e político diferente. O propio director reconece posteriormente que sempre tivera o proxecto de representar OVN de Castelao (Salvat, 1971a: 75). Supoñemos que Salvat defende a realización de CSE por ser este un proxecto interesante, que envolve a figura de Castelao e partes de OVN e que se podía politizar ao gusto do CITAC, para alén do feito de xa ter sido conseguida a colaboración de artistas estranxeiros no proxecto como Isaac Díaz Pardo ou Luís Seoane. CSE era un proxecto demasiado prometedor para ser trocado con tan pouca antecendencia. Ademais, a dificultade e lentitude que os integrantes do CITAC demostran á hora de escoller un espectáculo (lembramos que esta cuestión non ficou resolta até comezos de 1969, sen dúbida por culpa do axitado contexto académico) disuade a Salvat da tentativa de emprender outro proxecto desde o inicio.

Sexa como for, da reunión do grupo resulta a conservación do proxecto inicial sobre a vida de Castelao realizado cunha estrutura semellante á do espectáculo *Adrià Gual i la seva época*. Con este traballo, o CITAC continúa co traballo na aplicación das teorías aprendidas con Salvat e xa experimentadas en *Brecht + Brecht*.

25 Concretamente, o catalán acusará o autor galego de “l’home era amic de totes les dretes d’aquest país i que queda molt poc revolucionari i molt alienador”, “és un simple regionalista, paternalista, que creu en els fets diferencials de la raça celta i recolzant-se en aquest feble argument parla d l’ independència de Galícia” (Diario de Salvat, 3 de marzo de 1969).

26 Esta será a última entrada que conservamos do diario persoal do catalán durante a súa estancia en Portugal, amablemente cedido pola súa familia. Os diarios encóntranse en proceso de publicación en Publicacions de la Universitat de Barcelona tendo xa saído ao prelo o volume co título *Diaris (1962-1968)* e baixo a edición de Eulàlia Salvat. Durante o proceso de edición final deste traballo, foi editado o volume *Diaris (1969-1972)* baixo a edición de Francesc Foguet i Boreu.

Supoñemos que, resolta finalmente a cuestión da escolla da peza, o inicio do traballo sobre CSE teña coincidido coa finalización de *Brecht + Brecht* (entre febreiro e marzo de 1969). Tamén coincidirá coa tomada de posesión da nova dirección da Associação Académica de Coimbra, electa despois dunha esmagadora vitoria da lista CR nas eleccións de febreiro. No día da tomada de posesión, o CITAC pecha o seu ciclo sobre Brecht coa representación do espectáculo en Águeda. Que o traballo de Salvat co CITAC non estaba a ser do agrado das autoridades fica constatado polo feito de que o centro onde levaron a Brecht fose pechado pola PIDE no día seguinte da representación. O mes de abril de 1969, que se iniciara con grandes expectativas despois do traballo realizado con *Brecht + Brecht*, marcou o final da colaboración de Ricard co CITAC e a súa designación como *persona non grata* en Portugal.

Unha vez escollida a peza e iniciado o traballo, os ensaios de CSE transcorrían con normalidade e os colaboradores estranxeiros viaxaban á cidade para participar no proxecto. Os actores do CITAC traballaban intensamente, axudados por Seoane e Díaz Pardo no apartado gráfico ou Marina Noreg na coreografía. O proxecto logo se converte nun remuíño de propostas artísticas en torno dun motivado conxunto de criadores de alta calidade.

O día 3 de abril, o CITAC entra en contacto coa Comissão de Censura a través dos procedementos habituais. En nome da Vice-Presidenta, Isabel Pinto, envían o texto de CSE para a súa avaliación pola Comissão de Exame e Classificação de Espetáculos. É importante lembrar que o espectáculo xa fora programado para a súa representación no Teatro Avenida, durante o XI Ciclo de Teatro do CITAC, nos días 23 e 24 dese mesmo mes²⁷. O grupo estaba a traballar para presentar a peza en Benavente no día 19 de abril. Ensaian os cadros, afinan para as cancións, ultiman as musicalizacións e os textos traducidos, mentres no medio universitario aumenta a expectativa en relación ao seguinte traballo de Salvat co CITAC. A tarefa é intensa e os membros do grupo chegan a prescindir das vacacións de Semana Santa, ficando na cidade para preparar CSE. Mentres, o XI Ciclo transcorre con normalidade. Con excepción da renuncia da Companhia Vasco Morgado, diferentes compañías profesionais e de teatro universitario pasan polo Teatro Avenida para mostrar os seus traballos. Destácase entre elas a representación do TEUC de *A ilha dos escravos*.

O traballo do CITAC continúa con normalidade até o día 17 de abril, data en que chega a resposta da censura: A Comissão de Exame e Classificação dos Espetáculos suspende o espectáculo no día 15 de abril. A representación de CSE queda prohibida “no Portugal Continental e Ilhas Adjacentes”.

²⁷ Se ben o grupo tiña programado un espectáculo anterior en Benavente, no sábado 19 de abril, e en Lisboa na segunda 21, moi probabelmente a convite do Cênico de Direito. Ningunha destas dúas representacións tiveran lugar, prólogo do que acontecería coa participación do grupo no seu propio ciclo de teatro.

A resposta do grupo non se fai esperar. No día seguinte, envían un documento ao Diretor Geral dos Serviços de Inspeção de Espectáculos pedindo a reconsideración da prohibición do espectáculo e que, no mínimo, permitise a representación exclusiva en Coímbra durante o XI Ciclo de Teatro. O grupo comprometíase a retirar despois as partes da peza que fosen necesarias para poder iniciar unha xira de verán polo interior do país. O CITAC tentaba facer o imposíbel para salvagardar a participación no seu propio festival de teatro e así non deixar desaparecer todo o traballo feito neses meses²⁸.

Para que se entenda a dimensión que esta prohibición tiña para o CITAC, é necesario comprender a importancia que o propio ciclo representaba para o grupo de teatro universitario. De feito, case desde os seus inicios (1959 é a data do primeiro ciclo de teatro) o CITAC empeñárase, coa importante axuda económica da Fundação Calouste Gulbenkian, na organización dun festival que levase á cidade o mellor do que se facía nas grandes cidades do país, tanto por parte dos grupos universitarios como dos profesionais. “Ao CITAC tería que agradecer-se (...) o establecemento de una infraestrutura logística que todos os anos acollía três ou quatro espectáculos que faziam furor nos palcos portugueses e que a crítica assinala como relevantes” (Oliveira Barata, 2009: 302). No primeiro semestre do ano chegaban á cidade as compañías cos espectáculos mais aclamados, para se someteren ao ollar dun público entendido e altamente selectivo, encarando os Ciclos como unha proba decisiva para testar a calidade do espectáculo. O CITAC mobilizábase desde o inicio do ano para certificar a celebración do Ciclo, contando coa axuda económica da Fundação Gulbenkian e a colaboración da familia Mendes de Abreu, xerentes do Teatro Avenida e figuras moi destacadas do espazo cultural de Coímbra. O Teatro Avenida convertíase, así, no centro cultural onde moitas xeracións “encontravam a fascinação mágica da descuberta e da fruição artística” (*ib.* 305) que os Ciclos de Teatro ou as sesións do cineclub de Coímbra lles ofrecían. Para alén das representacións, o Ciclo alargábase en frecuentes debates no Teatro de Bolso, que por veces se prolongaban por máis dunha sesión e nos que interviñan directores, participantes nos espectáculos e público.

Definitivamente, o grupo non quería perder a presenza nun dos seus maiores sinais de identidade e nun dos principais eventos culturais do ano. A importancia dos Ciclos queda patente nas palabras de Oliveira Barata (*ib.* 305): “Os Ciclos de Teatro fizeram parte do grande colectivo cultural da Coimbra resistente ao obscurantismo cultural do país (...) cuidando (...) em oferecer o que a modernidade teatral portuguesa ia realizando nos apertados caminhos que lhe permitiam trilhar”.

28 O proceso de censura e a correspondencia entre grupo e autoridades son analizadas no apartado 3.3.

O CITAC tentaba desesperadamente facer entrar en razón ás autoridades, mais o clima académico tiña aquecido e as relacións entre estudantes e goberno xa pasaran un punto de non retorno. No mesmo día da recepción da carta da censura, o Presidente da República Américo Tomás inaugura, xunto co Ministro de Educación Hermano Saraiva, un novo edificio universitario, o das Matemáticas, situado no Largo de D. Dinis. Esta sería a primeira ocasión en que a nova Dirección Geral da AAC podería facer valer o cargo recentemente oficializado. Envoltos nun clima de solidariedade e revolta, os estudantes organizan unha manifestación á porta do edificio, exhibindo carteis que, entre outros, mostran os seguintes lemas: “Em Portugal 40% de analfabetos”, “Exigimos o diálogo”, “Intervenção das AAEE²⁹ na vida e na reforma da universidade”, “Democratização do ensino”, “Ensino para todos” ou “Reintegração dos professores e alunos expulsos”. A comitiva militar que acompañaba ao Presidente da República toma conta da entrada e as autoridades van entrando no edificio das Matemáticas diante dun ben visíbel acto de protesta dos estudantes. Unha vez acomodadas as autoridades, os estudantes obteñen permiso para entrar no edificio, enchendo a sala de actos, o atrio e quedando moitos fóra.

Despois dos discursos de rigor dun representante dos profesores e do reitor, toma a palabra o Ministro Saraiva. Ao rematar, o presidente da Dirección Geral da AAC érguese entre o público e pide a palabra en nome dos estudantes, nun acto nunca antes visto e que representaría a presenza da voz dos mozos nun acto oficial. Durante algúns instantes, as autoridades dubidan diante de tan inaudita actitude. Despois deses breves momentos de dúbida, o Presidente Tomás indica que antes falará o Ministro das Obras Públicas, o que é visto polos estudantes alí reunidos como un consentimento da súa intervención dos no acto. Unha vez terminado o discurso do ministro, as autoridades abandonan a sala sen dar a palabra prometida. Cando os representantes do goberno marchan, o Presidente da Dirección Geral da AAC, nas súas propias palabras, “fai a verdadeira inauguración” da sala. Este acto de desagrado en relación ao Ministro Saraiva e ao Presidente da República marca o inicio das hostilidades abertas entre goberno e estudantes na chamada “crise académica”. Os xornais do día seguinte non relatan ningún incidente, mais tempo despois chegan a suxerir que o Presidente de República fora “vaiado” polos estudantes, nun esforzo do Ministerio da Educación Nacional para xustificar a represión exercida ao colectivo universitario de Coímbra a partir desa data. O día 18 de abril, o Presidente da Dirección Geral da AAC é preso durante unhas horas. Os estudantes que se desprazan até a sede da PIDE/DGS para protestar son atacados pola policía. Nese mesmo día, como xa indicamos, o CITAC enviara a súa petición para que CSE puidese, no mínimo, ser estreado o día 23 e 24 de abril no Teatro Avenida. Preocupados por veren seriamente en perigo a estrea do espectáculo no que tanto traballo e diñeiro tiñan investido, e conscientes de que unha carta non facía a presión necesaria, José Niza, Isabel Pinto e Ricard Salvat

29 Siglas de “Associações de Estudantes”.

deciden viaxar até Lisboa para falaren coa censura e tentaren salvagardar a estrea³⁰. Saen de Coímbra en coche o luns día 21, despois do xantar, mais en Lisboa non teñen éxito no intento de falar con alguén da Censura. Na noite do día 21, aproveitan para asistir á estrea no Teatro Politeama do *Volpone*, espectáculo do Cénico de Direito dirixido por Adolfo Gutkin. Pasan o resto da noite, segundo nos referiu Niza en entrevista (2010), conversando e establecendo contactos políticos co movemento estudantil da capital, a pesar de non ter sido ese o motivo da viaxe. O día 22, sen teren durmido, volven tentar o contacto coa Censura mais, de novo, éelles imposíbel. Retornaran a Coímbra no final da tarde, coa lixeira esperanza de que as autoridades reconsiderasen a avaliación e de que a estrea, no día 23, puidese realizarse.

Esta viaxe a Lisboa impediu que Salvat asistise á conferencia do seu amigo Xesús Alonso Montero, que se trasladara a Coímbra para falar no Teatro de Bolso sobre a Galiza e a figura de Castelao. Supoñemos, pois non temos datos definitivos, que a conferencia decorreu nos días 21 ou 22 de abril, xa que sabemos polo propio Alonso Montero que foi pouco antes da estrea, cando Salvat se encontraba en Lisboa tentando falar coa Censura e a cidade contaba cunha forte presenza policial. Sabemos tamén que o profesor galego non ficou máis tempo en Coímbra debido a compromisos profesionais e que abandonou a cidade sen se encontrar con Ricard Salvat. A conferencia de Alonso Montero no Teatro de Bolso do CITAC, segundo palabras del propio, contou cunha grande asistencia e moi boa recepción por parte do público, sendo moi felicitado pola mesma. Aínda nas palabras do propio Alonso Montero, a conferencia foi “unha análise máis ou menos esquerdista” da figura de Castelao.

Eles pensaban que era unha cousa folclórica, da Galiza, costumista, (...) e faleilles da República, faleilles do exilio, faleilles... da visión esquerdista que en ocasións ten [Castelao] das cousas... ou en todo caso a que tiña eu. E quedaron, naturalmente, moi contentos (Alonso Montero, entrevista febreiro 2010).

Mentres, o día 21, fora emitida desde Lisboa unha resposta á reclamación do CITAC na cal se reafirmaba a prohibición do espectáculo sobre Castelao. Ese documento chega ao CITAC no día 23, xa con Salvat expulsado, día da suposta estrea en Coímbra. Naquel momento, o ambiente na cidade era extremadamente tenso e o confronto entre estudantes e autoridades unha realidade imposíbel de ignorar, pois entre a reclamación do CITAC e a estrea prevista de CSE rebenta o confronto aberto debido á reacción das autoridades perante o acontecido durante a inauguración do edificio das Matemáticas.

30 O mais probábel é que tivesen intención de falar co Dr. Caetano de Carvalho, contacto do CITAC na censura e ver se el conseguía destrabar a representación no XI Ciclo de Teatro.

O día 22 de abril, oito representantes estudiantís (todos os elementos activos da Dirección Geral da AAC, un representante da Junta de delegados de Ciências e un membro da Comissão Nacional dos Estudantes Portugueses) reciben un comunicado oficial declarándolles que “... se encontram preventivamente privados de todas as prerrogativas universitárias e proibidos de quaisquer actividades relacionadas com a Universidade, incluíndo a frecuencia ás aulas, até á conclusión do inquérito...” (Cruzeiro, 1989: 136). Esta acción das autoridades universitarias, que procuraba amedrentar o movemento estudiantil coa decapitación das principais figuras, non tivo ningún éxito. Os estudantes actuaban cunha firmeza e unha unidade en poucas ocasións vista neste colectivo. Foi convocada unha Asemblea Magna de estudantes ese mesmo día e, para sorpresa e alegría dos presentes, compareceron tamén os profesores Paulo Quintela e Orlando de Carvalho, demostrando como o colectivo estudiantil gañaba apoios. Nesa Asemblea, xa histórica, os estudantes aproban con ampla maioría a folga ás aulas, desafiando dese xeito ás autoridades universitarias. É o inicio do chamado “loito académico”. No día seguinte, a Dirección Geral edita un comunicado titulado *A Academia está de luto* no que se informa o seguinte:

Que seja decretado luto académico com várias formas:

1. Que amanhã, dia 23, os estudantes:

a) evitem sob todas as formas que as aulas se realizem;

b) transformem essas aulas, sempre que possível, em debates onde sejam discutidos os últimos acontecimentos, bem como os problemas próprios da Faculdade (que essa discussão seja feita com base nos comunicados saídos) (*apud* Cruzeiro, 1989: 137).

E, máis adiante:

Quando são negadas as mais justas reivindicações dos estudantes, quando se considera crime político pedir respeitosamente a palabra ao Presidente da República, quando é violada a autonomia da Universidade, quando à defesa dos intereses e direitos estudiantis as autoridades respondem com injustiça, a Academia responde: LUTO ACADÉMICO! (*ib.*).

Este chamamento ao loito académico e á ocupación da Universidade polos estudantes é abrazado con total fervor polo colectivo, resultando todo un éxito. Os organismos autónomos da AAC, entre eles o CITAC, apoian, como é lóxico, o chamamento. Os profesores, xa en masa, mostran tamén o seu apoio ás mobilizacións dos estudantes. Nos seguintes días, verificase unha moi elevada adhesión ao loito académico (100% en Dereito, Medicina e Letras, contando o loito na segunda facultade co apoio da maioría dos profesores; 93% en Ciências...). A Universidade desafiaba, abertamente, ao goberno.

Mais Ricard Salvat non puido vivir ese momento da historia universitaria da cal el fai, para sempre, parte. Chegado de Lisboa no final da tarde do día 22, acordada encontrarse no día seguinte cos membros do grupo para preparar a estrea, mais a PIDE o desperta de madrugada na súa casa da rúa Combatentes da Grande Guerra. Cinco axentes entran na residencia familiar onde vivían Salvat, Núria e a súa filla pequena. Os axentes ordenan ao director que os acompañe á comisaría e comezan a rexistrar o apartamento e a requisar papeis e documentos varios (desde apuntamentos e cartas do director a brinquedos da crianza, segundo nos contou Núria en entrevista). Salvat tranquiliza a Núria e pídlle, en catalán, que garde as súas axendas. Despois foi levado para a comisaría e, nese mesmo día 23, para o posto de fronteira en Vilar Formoso, pasando nese momento o director para as mans da policía franquista. Xa en España, Salvat é mantido na cela da comisaría, pois o superior se encontraba ausente para asistir a un evento deportivo e os policías preferían ser precavidos con aquel expulsado de Portugal. Unha posterior confusión co seu nome (o xefe da comisaría pensou que estaba relacionado coa editora Salvat) permite que Ricard saia da comisaría sen problemas e poida esperar nunha pensión pola chegada da súa familia días despois, segundo nos relatou a súa viúva. Unha vez en liberdade, chama a Núria para tranquilizala e para lle pedir que recupere a súa carpeta verde, onde gardaba correspondencia con diferentes personalidades de Cataluña (como o poeta Salvador Espriu ou o President da Generalitat de Catalunya no exilio, Josep Tarradellas).

Mais antes de ter noticias de Ricard, Núria seguira o consello de amigos e se enfrontara afoutamente á policía. Foi para a comisaría coa súa filla e negouse a abandonar o local mentres o oficial de maior rango non lle explicase o que acontecera co seu marido. Foille comunicado, despois dunha longa espera, que Ricard fora posto na fronteira por ser “persoa indesexábel ao goberno da República”, tal e como nos relatou Núria Golobares que lle indicaron na comisaría (entrevista, 2010). Comezou entón o contacto telefónico de Núria con todos os postos da fronteira até que un deles informa que Ricard Salvat foi, efectivamente, deportado e que se encontra en territorio español.

Despois de recibir a tranquilizadora chamada telefónica de Ricard e seguindo o consello dun amigo avogado de recoller todo canto tivese sido confiscado na súa casa, Núria viaxa até Lisboa para recuperar os documentos que lle tiñan sido retirados. A policía, sen moita vontade, devolve todo salvo uns exemplares do xornal cubano *Gramma*, que ficarán retidos na sede da PIDE.

Cancelada a representación do día 23, no día 24 é o Teatro Universitário do Porto (TUP) quen substitúe ao CITAC no Teatro Avenida. A representación da peza *Fuenteovejuna* serve como homenaxe a Ricard Salvat e Luís de Lima (este último, director artístico do outro gran grupo de teatro universitario de Coimbra, o TEUC), expulsados no día anterior. Segundo

o informe da PIDE, sabemos que na sesión da noite o local estaba cheo, principalmente de estudantes universitarios. Prevendo algún tipo de alteración da orde, a policía cerca o Teatro Avenida durante a representación, noticia que corre de boca en boca entre o público. Segundo sabemos polo relatorio da PIDE, os momentos que preceden á representación son aproveitados por representantes do CITAC e do TUP para mostrar o seu malestar e tristeza tanto pola situación da universidade como pola expulsión dos dous directores que traballaban en Coímbra e tamén polo feito insólito de que o grupo anfitrión non puidese participar no seu propio ciclo de teatro. A representación da peza, de enfoque fortemente combativo, foi feita para un auditorio emocionado que interrompe con salvas de aplausos (“apoteóticos”, en palabras do axente da PIDE) os momentos de maior carga política. No final da representación, os actores reciben unha grande ovación e son distribuídos entre o público comunicados da AAC e vendidos selos que tiñan como finalidade reducir o gasto económico que a censura de CSE provocara no grupo universitario.

Entre a recuperación dos documentos antes indicada e as homenaxes e mostras de afecto no Teatro Avenida, Núria vai metendo as súas pertenzas dentro dun coche para, un día ou dous despois da expulsión de Ricard, dirixirse ao posto de fronteira onde este a agardaba. Segundo nos relatou, foi acompañada nesta viaxe por varios integrantes do CITAC, que armaron unha comitiva de seis ou sete coches para se despedir daquel que fora o seu mestre e director nos últimos seis meses. Finalizaba así a estancia de Ricard Salvat co CITAC, entre abrazos cheos de rabia por todo o traballo perdido mais que selaban unha experiencia que nunca poderían esquecer e unha amizade que perduraría para sempre. A familia Salvat puña rumbo a Barcelona e a novos proxectos artísticos.

De volta a Coímbra encontramos que, como é lóxico, a detención e expulsión dos directores dos dous principais grupos de teatro universitario da cidade provocou entre a comunidade académica unha onda de indignación, especialmente forte nas seccións culturais da AAC. O CITAC lanza un comunicado titulado *Aos estudantes e à cidade de Coimbra*, moi probabelmente entre os días 23 e 24 de abril. Nese comunicado, infórmase da prohibición por parte da Comissão de Censura de CSE e lígase este facto aos expedientes e prohibicións abertos o día 22 contra os oito representantes estudantís e á represión contra o teatro e a AAC³¹. Esta non é a única reacción do grupo universitario, pois como informa un telegrama enviado ao Diretor Geral da PIDE desde a delegación de Coímbra o día 24 de abril “*Sócios CITAC protestam saída forçada de Portugal pela PIDE seu encenador Ricard Salvat*”.

Tendo xa en conta as expulsións, encontramos reaccións de repulsa e solidariedade cos

31 Con total seguridade este comunicado foi redactado antes da expulsión de Salvat, pois non menciona nin este feito nin a expulsión de Luís de Lima.

grupos teatrais asinados por diferentes seccións e grupos culturais universitarios: o propio TEUC, a Coral dos Estudantes de Letras ou a Tuna Académica lanzan comunicados despois das intervencións da policía do réxime e a expulsión dos directores. Noticias sobre esta represión aparecen en diferentes panfletos e publicacións clandestinas dos estudantes.

No decorrer da *Crise de 69*, verificamos que, o día 30 de abril, Hermano Saraiva, Ministro da Educación Nacional, declara na RTP (Rádio Televisão Portuguesa) que “a orde será mantida” na cidade universitaria. Perante esta demostración de forza do Ministro, os estudantes deciden, nunha Asemblea Magna moi participada, continuar co loito académico. Isto leva a que no día 6 de maio, e fronte a imposibilidade de controlar o movemento estudantil, as autoridades pechen oficialmente a Universidade. A partir desa data a crise segue o seu curso, co confronto entre estudantes e autoridades debido á folga aos exames. Os membros do CITAC, xa sen Salvat nin proxecto artístico, participan activamente nas accións levadas a cabo polo colectivo estudantil. As mobilizacións académicas deron varios episodios hoxe en día célebres, mais nestas páxinas destacaremos as Noites Culturais que, durante todo o mes de maio, transcorren nos xardíns da AAC. Nestas multitudinarias reunións de estudantes, as diferentes seccións culturais presentan os seus traballos. Como nos relatou João Duarte Rodrigues (entrevista, 2010), entre esas presentacións están algunhas das cancións que integraban os espectáculos que o CITAC tiña realizado baixo a dirección de Salvat. Son os espectadores das máxicas sesións nos xardíns da Associação os únicos que puideron gozar de fragmentos (adaptados) do intenso traballo nacido da colaboración CITAC/Salvat. É naquelas Noites Culturais cando algunhas composicións, principalmente a chamada *Cantar de emigração* e que ten como letra un poema de Rosalía de Castro, se transforman en himnos dos estudantes, cantares de protesta e resistencia. Os estudantes, a pesar de non teren posibilidade de asistir ás aulas na universidade, mantéñense unidos. As autoridades debían ser conscientes do efecto destas noites culturais, pois nos inicios de maio envían cartas a diferentes seccións culturais lembrando-lles o *Decreto Lei N° 42.660 e § 3º do Artº. 63º do Decreto 42.661*, segundo o cal:

(...) nenhuma peza poderá ser levada à cena sem que seja comunicado a esta Direção de Serviços a hora e local do respetivo ensaio de apuro com, pelo menos, cinco dias de antecedência. (...) os ensaios em que (...) os artistas [não] respeitem rigorosamente os cortes indicados acarretará a imediata invalidação do ensaio.³²

Mais naquel momento de unión estudantil, a ameaza non tivo efecto algún e as Noites Culturais continuaron nos xardíns da AAC. De repercusións máis graves para o CITAC e a

32 Comunicado enviado a diferentes seccións culturais, entre elas o CITAC e o TEUC, datado en 6 de maio de 1969.

vida académica son as incorporacións forzadas á vida militar de 49 estudantes, en outubro de 1969. Esta manobra do goberno fixo diminuír os activos das fileiras estudantís, acción especialmente nociva no caso dos grupos culturais como o CITAC, que presenciaba non só incorporacións regulares (de José Niza, por exemplo), como incorporacións compulsorias (João Rodrigues, Joaquim Brandão, Pedro Mendes de Abreu, Agostinho Pessanha Gonçalves, Fernando Riveiro Cunha, Joaquim Pais de Brito ou José Baldaia, para citar algúns exemplos). Estes membros do CITAC desempeñaban funcións diversas, tanto nos corpos xerentes como nos postos técnicos e artísticos. O mesmo acontecería co TEUC, cos membros da DG da AAC e varios elementos activos no movemento estudantil (Oliveira Barata, 2009: 208). Esta medida do goberno provoca unha grande manifestación de estudantes que acompaña os forzados recrutados desde a Praça da República até a estación de tren cantando, con letra adaptada á triste situación, o *Cantar de Emigração*. CSE podía ter sido prohibido, e co tempo esquecido, refuxiado apenas na memoria dos participantes, mais conseguiu deixar, a través de algunhas composicións musicais (a única compoñente do espectáculo algunha vez presentada en público), unha semente de unión na xeración que, naquel axitado ano de 1969, abalou un réxime que se cría intocábel.

Até aquí unha pequena aproximación ao acontecido desde a chegada de Salvat até despois da súa expulsión. Pasaremos, nos seguintes apartados, a tratar con maior profundidade diferentes cuestións arredor da montaxe de CSE e o traballo de Ricard Salvat en Coímbra.

3. “Facer entrar ao espectador na Historia”: Pegadas dun desafío ao Estado Novo.

3.1. A estancia de Ricard Salvat en Coímbra: Pedagogía e dirección teatral.

Como xa vimos no apartado anterior, o luns 18 de novembro de 1968 chega Ricard Salvat a Coímbra acompañado da súa muller Núria Golobares e da filla deles, Neus, tras unha longa viaxe en coche desde Barcelona. Instálanse no ático do número 100 da rúa dos Combatentes na Grande Guerra, o mesmo lugar onde a PIDE, en abril do ano seguinte, entrará de madrugada para prender ao catalán. Entre un feito e o outro, Salvat toma conta da dirección artística do CITAC, desenvolvendo un plan con dúas vertentes: a pedagóxica e a artística, tal como era desexo do grupo universitario, que contratara a Salvat para realizar dous espectáculos e un curso de teatro (Salvat, 1999b: 905). Pese a ter, no inicio, reticencias (Salvat, 2015: 495), Salvat acepta a proposta do CITAC xa que o seu proxecto de dirección do teatro Romea durante a temporada 67/68 fora un fracaso en termos económicos (Isasi Angulo, 1974: 482). Fronte ás condicións de traballo propostas polo grupo (8 meses de traballo, 2 de vacacións e 20.000 escudos), Salvat pide 5 meses de traballo e 1 vacacións e indica que a súa incorporación ten que ser adiada até que regrese dunha viaxe a Cuba (Salvat, 2015: 495). Tras a aceptación dos portugueses será esta, como indica o propio Salvat, a súa primeira experiencia teatral cun grupo da universidade (CITAC, 1969a: 49).

O teatro universitario é, como afirma Oliveira Barata (2009: 38), un territorio de difícil definición. Non pertence ao teatro comercial, como é obvio, mais tampouco coincide coas características do teatro amador sendo, ademais, amplamente diverso dependendo de cada país e situación histórica, percorrendo polo xeral “un caminho teatral propio e sintonizado com problemas da vida académica no quadro de uma autonomia reivindicada perante o poder político central e os poderes universitários locais” (*ib.* 29-30). Destilar unha definición está lonxe das finalidades deste traballo, mais non podemos deixar de destacar dúas características do teatro universitario da época que encadran perfectamente co cometido de Salvat en Coímbra. En primeiro lugar, o teatro forma parte dunha concepción da aprendizaxe “alongada” da época universitaria. Como indica Oliveira Barata, había unha universidade para alén da simple formación académica oficial. Outra universidade que se desenvolvía “(...) nas tertúlias, nas leituras proibidas e nas realizações culturais que articulavam o desejo de saber e aprender dos universitários” (*ib.* 22). As diferentes seccións culturais e deportivas da Associação Académica de Coimbra (AAC) dan conta da amplitude da oferta existente, se ben que non todas elas ofrecían o mesmo grao de aprendizaxe ou de formación social. Outros investigadores (Cardina, 2008; Estanque e Bebiano, 2007) teñen chamado a atención para a

importancia das actividades culturais no movemento estudantil da época, pois eran “espazos permanentemente renovados de sociabilización alternativa à tradicional e de preparación de actividades culturais e políticas de resistencia” (Estanque e Bebiano, 2007: 69), a importancia dos grupos teatrais dentro da comunidade de estudantes fica patente se comparamos os nomes dos seus integrantes cos dos principais axentes do movemento estudantil. Desde un punto de vista máis artístico, o teatro universitario presta unha especial atención tanto á linguaxe estética como ás “rigorosas propostas éticas” (Oliveira Barata, 2009: 21). Encontramos neste teatro unha maior dispoñibilidade para a experimentación e a mudanza de dirección estética, característica que non sorprende se temos en conta que os teatros universitarios sofren unha renovación natural cada certo tempo. Hai, lonxe da necesidade de vender un produto do teatro comercial, unha maior aposta pola experimentación e a aprendizaxe.

A procura da modernidade e este gosto pola experimentación encóntranse na xénese do CITAC. Dentro do campo cultural da cidade, no relativo ao teatro universitario, destacaba o Teatro dos Estudantes da Universidade de Coímbra (TEUC). Fundado en 1938, foi o primeiro grupo de teatro universitario portugués, estando sempre moi relacionado coa figura do profesor Paulo Quintela así como cun traballo especialmente centrado nos clásicos portugueses e na traxedia grega (*ib.* 112). Durante as décadas de corenta e cincuenta, as teses teatrais de Quintela dominaban o panorama teatral universitario en Coímbra. Mais ao longo da década dos cincuenta o ambiente estudantil foi mudando e unha nova xeración entrou en escena, contraria aos dogmas estéticos imperantes e anhelosa de novidades. Esta xeración consideraba que as propostas do TEUC se encontraban estancas, sentindo o traballo do grupo, e a figura de Quintela, como algo pertencente ao pasado. Durante os “longos anos sesenta” de Hobsbawm, aparece unha nova cultura xuvenil (*ib.* 163) que fai que, dentro dos sectores opostos ao Estado Novo en Coímbra, poidamos diferenciar dúas xeracións ben marcadas. A máis nova abraza todo o que sexa moderno e rexeita calquera dogma estético, o que a enfronta coa xeración máis antiga: “não era só o desejo por uma novidade europeia ou norte-americana. Fundamentalmente era uma mitigada rebeldia contra uma inteligentzia que, na segurança das suas convicções, estabelecia a ortodoxia do gosto e do compromisso ético que a arte devia expressar” (*ib.*). Esta, pola súa parte, teme que as diverxencias estéticas enfraquezan a oposición ao réxime (*ib.* 164). Mais, pese aos receos da xeración máis vella, o embate da modernidade foi imparábel e, imbuído nese espírito, naceu en 1956 o Circulo de Iniciação Teatral da Academia de Coimbra (CITAC) como evolución do CAIT (Círculo Académico de Iniciação Teatral), proxecto creado no curso 51/52 por un grupo de estudantes do Liceu D. João III. Na xénese do CITAC encóntrase, por tanto, a necesidade de procurar linguaxes modernas e o rexeitamento ao primado estético de Paulo Quintela (*ib.*).

A chegada do CITAC ao medio teatral da cidade supuxo unha renovación e obtivo un éxito inmediato, pois foi rapidamente aceptada polos estudantes. Nunha entrevista na revista *Via Latina* (*apud* CITAC, 2006), Gomes Teixeira declara:

O CITAC é un organismo com algo de novo. Sente-se que nós trazemos algo de novo. Vocês reparem uma coisa: não temos deslocações de vulto, ao contrário da maioria dos outros organismos; não temos director artístico; não fizemos portentosas realizações. E, no entanto, querem crer que, em quinze dias, foram aprovadas as propostas de 110 novos sócios? Uma entrada de sócios nesta proporção tem de ter uma causa (...) a que tu chamas-te o “espírito do CITAC” (...) Preencheu-se uma lacuna que se fazia sentir no nosso teatro universitário: a falta de teatro moderno.

Pasado un ano da súa fundación, o CITAC presentou o seu I Ciclo de Teatro, que contou coa colaboración, estreita desde ese momento e capital para a supervivencia económica do grupo, da Fundação Calouste Gulbenkian. O CITAC logo se caracteriza por presentar un repertorio moderno, experimental e sobre autores de vangarda (Estanque e Bebiano, 2007: 69). O apoio económico e as boas relacións coa Fundação Calouste Gulbenkian permiten que o CITAC poida contratar como director ao brasileiro Luis de Lima (que tamén será expulsado en 1969 pola policía, sendo director do TEUC), introducindo outra característica do proxecto do grupo: a contratación de directores externos e estranxeiros para traballar durante un ou varios cursos, o que non deixou de ter certa polémica dentro do ambiente teatral estudantil, como comprobamos polas palabras de António José Soares na revista *Vértice* (*apud* Oliveira Barata, 2009: 187): “...o CITAC importou de Paris un cenógrafo e figurinista, tal como um grupo de futebol aluga jogadores no Brasil ou na Itália. A discutível e contingente subida do valor do espectáculo compensará a quebra efectiva do princípio educativo que está na base do teatro dos estudantes?”.

Tras a saída de Luis de Lima, o grupo non ten director fixo até Víctor García, con quen acadan unha grande proxección, mesmo a nivel internacional (*ib.* 200). Porén, o seu estilo é considerado por algúns membros do CITAC como “estetizante” (Salvat, 1999b: 905) e pouco comprometido (Oliveira Barata, 2009: 205), polo que o grupo procura un novo director para o curso 68/69. A primeira opción do CITAC foi o francés Jack Lang, impulsor do Festival de teatro de Nancy, na época un dos principais encontros internacionais do teatro universitario (*ib.* 295). Será este quen suxira o nome de Ricard Salvat (CITAC, 2009: 67), figura que podería dar solución á inqueda do grupo por entrar en contacto co teatro de Bertolt Brecht (Salvat, 1999b: 905).

O interese formativo que mantivo o CITAC desde os seus inicios queda patente coa publicación non-periódica que editou baixo o título de *Boletim de Teatro* e que reforzaba, con artigos e estudos, o traballo artístico do CITAC. En abril de 1969 o grupo lanza o *Boletim de Teatro* 5³³, tras varios anos de ausencia. Esta retoma da publicación, que sae coa promesa de ser máis regular a partir dese número, é de especial interese xa que é unha publicación moi centrada no traballo recente do grupo, xa baixo a dirección de Salvat. Nun dos primeiros textos, titulado “Citac 68 69”, a dirección do grupo (quen asina o texto) reflexiona sobre o traballo do CITAC durante ese curso.

A directriz que presidiu à programación do noso traballo para este ano lectivo foi a de impulsar un amplo traballo interno de carácter formativo que abranguesse não só a massa asociativa do CITAC mas também os estudantes em geral e a de levar os resultados do noso traballo pelo País fora. Com a vinda de Ricard Salvat para o CITAC, os nossos objectivos começaram a tornar-se realizáveis (CITAC, 1969a :6).

Temos, polo tanto, que a escolla de Ricard Salvat non ten orixe, unicamente, no seu profundo coñecemento sobre Brecht, mais tamén na súa faceta como pedagogo³⁴. Lembremos que Salvat fora contratado non só para dar formación interna ao grupo e artellar dous espectáculos, mais tamén para realizar un curso teórico aberto ao resto do colectivo universitario. O boletín presenta, ademais, unha biografía artística do director e unha ampla entrevista, na que podemos rescatar moita información sobre as ideas que o catalán tiña sobre o teatro universitario, do cal confesa que é a súa primeira experiencia³⁵ (*ib.* 49):

- Como situa o teatro na problemática da sociedade contemporânea, ou melhor, na perspectiva de uma civilização que tende a transformar-se?
- (...) Neste apaixonante momento de crise aguda que o mundo atravessa, o teatro pode ajudar a provocar essa crise, agudizá-la e deve, logo em seguida, propor caminhos de ordenação e orientação. (...)
- Na sua opinião, quais devem ser as funções dum grupo universitário de teatro?
- Os grupos universitários devem ser a verdadeira vanguarda das ideias expostas

33 Editado polo CITAC, aparecen os seguintes nomes como responsábeis: Director e editor (sic), Maria Isabel Pinto; Redactor, Augusto Leitão; Direcção Gráfica, Miguel Terroso e João Botelho; Composição e impressão, Gráfica de Coimbra; Colaboradores: Ana Alvim Costa, María Isabel Silva, António Mesquita, António Travanca, Artur da Costa, Cabral Martins, José Borges, Marcelo Correia Ribeiro, Sónia Rodrigues, Teresa Feijó, Teresa Saraiva e Vasco Goucha.

34 No seu libro sobre o teatro universitario, Oliveira Barata (2009) presenta o percorrido do CITAC dedicando un amplo apartado a cada director escénico convidado, titulando cada subcapítulo cunha categorización de cada un deles. Dese xeito, fala de Luis de Lima “o estrangeirado”, Víctor García “o alquimista” e Ricard Salvat “o pedagogo”.

35 Entendemos que Salvat non considera a ATE (Agrupación de Teatre Experimental, 1953) un grupo universitario.

na resposta anterior. (...) em Portugal, onde os grupos universitários são amplamente ajudados pela Fundação Calouste Gulbenkian, estão moralmente obrigados (...) a fazer um teatro enraizado na sua história, apresentando todo tipo de problemas, quase diríamos, um teatro conflitivo. Pessoalmente, acho que se não deve tratar os grupos universitarios com paternalismo, com indulgência. (...) O Teatro Universitario nunca deverá ser uma cópia do teatro profissional, deve ser fundamentalmente precursor de todas as inovações teatrais. Se não trabalharem dentro desta linha de orientação, não vejo necessidade de existirem os grupos de teatro universitário (*ib.* 49).

Observamos como Salvat procura un teatro universitario que, lonxe de conformismos evasivos, afronte seriamente unha renovación estética e ética. Consciente do desfase estético entre o teatro portugués e o europeo, e tendo en conta as importantes achegas económicas da Fundação Gulbenkian e a ausencia de finalidades comerciais, Salvat aspira a un teatro social, ligado ás teorías de Piscator ou Brecht. Na mesma entrevista aparece a cuestión da elaboración dun repertorio para o teatro universitario, e Salvat indica a recuperación de clásicos e a colaboración con dramaturgos actuais que puidesen crear “por exemplo, espectáculos de teatro documental onde se poderá desmontar críticamente a historia do País” (*ib.* 50), descrición que nos remite a Piscator, a anteriores espectáculos realizados en Cataluña por Salvat e dentro da que encaixaría perfectamente o proxecto de CSE.

Pasamos agora, tras esta breve introdución do que significaba o CITAC na época e as súas características como grupo, a revisar o traballo de Salvat en Coímbra, dentro dos dous vectores que o guiaron: o pedagóxico e o artístico. En relación ao primeiro, describiremos e analizaremos o curso de teatro que ofreceu, poñéndoo en relación coa súa anterior obra ensaística. Do traballo artístico de Salvat co CITAC (formación interna e espectáculos), centraremos a nosa análise no seu primeiro proxecto (*Brecht+Brecht*), xa que CSE está amplamente abordado en apartados posteriores. Relacionaremos esta montaxe coa tradición brechtiana dentro do teatro portugués.

3.1.1. O curso de historia do teatro.

O CITAC comezou a ofrecer “Cursos de Teatro” desde a temporada 1960/1961, sendo Luís de Lima o primeiro profesor que os impartiu. Estes cursos, abertos á totalidade da comunidade académica e non unicamente aos integrantes do CITAC, servían para captar novos integrantes e proxectar a súa presenza na comunidade estudantil (Oliveira Barata, 2009: 183). Este coidado en abrir o grupo á comunidade na que se insire é unha das liñas de acción do CITAC, o que se aprecia tanto nestes Cursos de Teatro como na organización dos Ciclos de Teatro que, moitas veces acompañados de debates posteriores ás representacións,

serviron para crear un público esixente e un lugar de contacto e comunicación interno entre os grupos mais tamén cos espectadores (*ib.* 305).

No caso de Salvat, o curso ofertado era de carácter teórico e serviu para que a figura do director catalán gañase presenza no medio universitario de Coímbra. Dez días despois da súa chegada á cidade, o 28 de novembro, comezaba o seu curso no Teatro de Bolso do CITAC, situado nas instalacións da AAC. En horario nocturno (comezaba ás 22h), o recinto do CITAC reunía, os martes e os xoves, arredor de dúas centenas de asistentes, segundo indica o propio grupo (CITAC, 69: 6), destacando o interese que o curso despertou na comunidade. O curso tivo unha duración de aproximadamente catro meses e nel tratouse “A evolución histórica, social e estética do teatro desde 1830 até os nosso días” (*ib.*). O boletín do CITAC tamén indica que o curso constaba de 22 leccións, se ben que na programación do propio curso consta outra organización. No sabemos con exactitude se o número de asistentes chegaba ás dúas centenas, mais si que foron clases moi esixentes para Salvat, como afirma no seu diario:

Ahir vaig fer la segona lliçó, encara va venir més gent. Em cansen molt aquestes conferències, perquè com que les faig en el teatre de butxaca he de cridar molt i he de parlar clarament i amb molta cura perquè m’entenguin. Les faig en castellà, es clar. Ells diuren que m’entenen però l’he de parlar molt clar i poc a poc. Sembla, però, que els agrada molt (Salvat, 2015: 527).

Os sumarios, segundo o propio grupo (CITAC, 1969a: 6) foron repartidos entre os inscritos e algúns deles chegaron a ser publicados, tempo despois na revista *Vértice*, nos seus números entre xullo de 1971 e xaneiro/febreiro de 1972. Son estes últimos, os aparecidos en *Vértice*, os únicos que chegaron ás nosas mans. O programa do curso, publicado en *Vértice* e polo propio CITAC, é o seguinte³⁶:

Lección 1. Introducción ao curso. A) As raíces da nova obxectividade: Zola, Ibsen, Hauptmann, Strindberg, André Antoine. O impresionismo: Tchekov. B) As raíces da nova subxectividade. Aspectos do subxectivismo romántico.

Lección 2. O Teatro Literario: Copeau, Jouvet, Giradoux.

Lección 3. O subxectivismo: os primeiros pasos do Teatro do Absurdo: Alfred Jarry-Artaud. Expresionismo e futurismo.

Lección 4. O obxectivismo: os primeiros pasos do “Teatro Político”. Maiakovsky,

³⁶ Traducimos os títulos do portugués.

Gorki, Piscator. O Movemento en *Francia* e nos EUA.

Lección 5. O teatro da desmitificación, de B. Shaw a Salacrou.

Lección 6. Prestixio e aniquilación da traxedia: O teatro nos EUA e o teatro soviético.

Lección 7. Os camiños da creación poética.

Lección 8. O novo subxectivismo. Teatro do Absurdo de Ionesco a Genet.

Lección 9. O novo subxectivismo (continuación). De Becket a Orson Wells. Os seguidores do teatro da crueldade.

Leccións 10, 11 e 12. Concretización da nova obxectividade: Realismo épico.

Leccións 13, 14 e 15. A presenza da realidade: de Adamov a Max Frisch. De Max Frisch a Sastre.

Lección 16. Posibilidade dun teatro popular? Sean O'Casey. Berliner Ensemble. Piccolo Teatro de Milán.

Ricard Salvat publicara tres anos antes o que sería un dos seus grandes traballos ensaísticos, *El teatro contemporani* (1966). Lanzado en dous volumes na colección *a l'Abast* de Edicions 62 (o primeiro *El teatro és una arma? De Piscator a Espriu* e o segundo *El teatro és una ètica. De Ionesco a Brecht*, números 39 e 40, respectivamente, da colección) é a primeira publicación en volume unitario, sen contar prólogos ou artigos, na que Ricard se debruza sobre historia do teatro. Inicialmente o traballo deste libro debía ter sido a tese doutoral de Salvat, baixo a orientación e dirección de Walter Biemel e José María Valverde (Isasi Angulo, 1974: 469), mais esta non chegou a ser presentada e acabou por publicarse en Barcelona. Posteriormente, Salvat preparará, para Ediciones Península, unha versión en castelán titulada *Historia del teatro moderno*, proxectada tamén en dous volumes mais do que só sairá do prelo o primeiro, *Historia del teatro moderno I. Los inicios de la nueva objetividad* (1981). Estes traballos académicos de Salvat insírense conscientemente nunha tradición anterior, de carácter positivista tal e como sinala Ferrán J. Corbellá (1999: 9), conformando unha ambiciosa achega ao terreo da historia do teatro do século XX.

(...) mou a admiració el nivell acadèmic que traspuen aquest llibres, tots tres en molt bona sintonia, dins les lògiques limitacions intrínseques a quasevol manual d'ampli

abast, amb els manuals històrics dels seus tan admirats Siegfried Melchinger, Silvio D’Amico, Allardyce Nicoll o Vito Pandolfi, noms als quals hauria d’afegir els de René Köning, Carl Niessen o Walter Biemel, alguns dels mestres influents que han fornint la seva visió alhora hegeliana i positivista de l’evolució del teatre segons el rerefons sociològic i les tensions socials que feien possible l’evolució d’unes determinades formes o procediments comunicatius.

A coincidència entre curso de teatro en Coímbra e o traballo previo para a súa historia do teatro é total, como podemos comprobar comparando o programa do primeiro e os índices dos dous volumes lanzados por Edicions 62. Podemos concluír, sen pensar que nos arriquemos moito, que tamén hai coincidencias co curso libre impartido por Salvat na Universidade de Barcelona sobre “O teatro moderno desde 1830 até os nossos dias” (CITAC, 1969a: 7).

Programa do Curso de Teatro Coímbra (1968)	El teatre contemporani Edicions 62 (1966)
	Volume I
Lección 1. Introducción ao curso. A) As raíces da nova obxectividade: Zona, Ibsen, Hauptmann, Strindberg, A. Antoine. O impresionismo: Tchekov. B) As raíces da nova subxectividade. Aspectos do subxectivismo romántico.	Introducción. Fonaments del teatre del segle XX. A) Les arrels del a nova objectivitat. Émile Zola, André Antoine. Ibsen, Björson, Hauptmann, Strindberg. Impressionisme: Txèkhov. B) Les arrels de la nova subjectivitat. Les derivacions del subjectivisme romàntic.
Lección 2. O Teatro Literario: Copeau, Jouvet, Giradoux.	I. La dignificació per la paraula. Teatre literari: Copeau. Jouvet: refermament del teatre literari. El binomi Giradoux-Jouvet. El binomi Romains-Jouvet. Els directores de “Le Cartel”. Els autors de “Le Cartel”: Lenormand, Obey, Vildrac. Teatre literari sense directors. Unamuno. Azorín, Gómez de la Serna, Jacinto Grau.
Lección 3. O subxectivismo: os primeiros pasos do Teatro do Absurdo: Alfred Jarry-Artaud. Expresionismo e futurismo.	II. El subjectivisme. Els primers passos del teatre de l’absurd: Alfred Jarry. Roger Vitrac. Antonin Artaud. Roussel, Cocteau, Goll. El preexpressionisme: Franz Wedekind. El moviment expressionista. Futurisme i crepuscularisme.

<p>Lección 4. O obxectivismo: os primeiros pasos do “Teatro Político”. Maiakovsky, Gorki, Piscator. O Movimento en Francia e nos EUA.</p>	<p>III. L’objectivisme. Els primers passos del teatre polític: Maiakovski. Màxim Gorki. Grandesa i servitud del teatre polític: Piscator. Teatre polític a França: el grup “Octobre”. Teatre polític als Estats Units: El Teatre Federal.</p>
<p>Lección 5. O teatro da desmitificación, de B. Shaw a Salacrou.</p>	<p>IV. Els hereus d’Ibsen: teatre de desemascarament i desmitificació. Bernard Shaw. Pirandello. Ugo Betti. Buzzati, Fabbri. Jean-Paul Sartre. Albert Camus. Gabriel Marcel. Thierry Maulnier. Armand Salacrou.</p>
<p>Lección 6. Prestixio e aniquilación da traxedia: O teatro nos EUA e o teatro soviético.</p>	<p>VI. Prestigi i anihilació de la tragèdia. Teatre nord-americà: intent de crear una tradició. O’Neill. Thornton Wilder. Saroyan. Arthur Miller. Tennessee Williams. Altres dramaturgs nord-americans. L’avantguarda nord-americana. El Nou Teatre Nord-americà. El teatre soviètic: Vixnievski o l’intent de destruir una tradició. Altres autors soviètics. L’avantguarda soviètica.</p>
<p>Lección 7. Os camiños da creación poética.</p>	<p>VII. Els camins de la creació poètica. Teatre de fira, guinyol i “esperpento”: Valle Inclán. Salvador Espriu. Ghelderode. El teatre poètic a Irlanda. Sygne. La solució espanyola d’un teatre poètic: García Lorca, Alberti i altres. El teatre poètic a altres països. Els autors anglo-saxons: d’Eliot a Fry. L’experiència Valéry. Un nou teatre poètic.</p>

	Volume II
<p>Lección 8. O novo subxectivismo. Teatro do Absurdo de Ionesco a Genet.</p> <p>Lección 9. O novo subxectivismo (continuación). De Becket a Orson Wells. Os seguidores do teatro da crueldade.</p>	<p>I. El nou subjectivisme: el Teatre de l' Absurd. La crisi de la paraula. Ionesco. Vauthier. Jean Tardieu. Boris Vian. Obaldia. Billetedoux. Weingarten, Dubillard, Kenen. Gombrowicz, Mrozek. El lirisme: Audiberti, Schehadé. El dimonisme: Genet. La crisi de la transcendència: Beckett. Pinget. Arrabal. Un precursos: Kafka. Pedrolo. L'absurd de la quotidianitat: Harold Pinter. Jellicoe, Simpson. L'absurd a Alemanya. L'absurd a Itàlia. L'absurd a la Península Ibérica: Mihura, Brossa. L'absurd als Estats Units. Albee, Gelber i altres. Orson Welles. Els seguidors del teatre de la crueltat.</p>
<p>Leccións 10, 11 e 12. Concretización da nova obxectividade: Realismo épico.</p>	<p>II. Concreció de la nova objectivitat: el realisme épico. La tradició teatral alemanya. Les primeres obres de Bertolt Brecht. Del teatre tradicional al teatre épico. La llengua de Brecht. Les peces didàtiques. Les grans obres dramàtiques de Brecht. Brecht, com a home de teatre. Contemporanis de Brecht a Alemanya.</p>
<p>Leccións 13, 14 e 15. A presenza da realidade: de Adamov a Max Frisch. De Max Frisch a Sastre</p>	<p>III. La presència de la realitat. En la cruilla d'un nou realisme: Adamov. Armand Gatti. Vinaver, Prost, Cousin, Vailland, Planchon. Jean Vilar, Georges Wilson. Seguidors directes de Brecht: Dürrenmatt. Max Frisch. Hacks, Hochhuth i altres autors realistes. El teatre realista a la Gran Bretanya. Arnold Wesker. John Arden. Les obres recents de John Osborne. Altres autors britànics. Els camins del realisme a Espanya. Buero-Vallejo. Sastre.³⁷</p>

<p>Lección 16. Posibilidade dun teatro popular? Sean O’Casey. Berliner Ensemble. Piccolo Teatro de Milán.</p>	<p>IV. Possibilitat d’un teatro popular. Sean O’Casey. Brenda Beham. Eduardo de Filippo. Autors dialectals italians revalorats. Conjunts teatrals modèlics: “Berliner Ensemble”. “Piccolo Teatro” de Milà. Creadors teatrals</p>
---	--

Como podemos comprobar tras cotexar os dous traballos, a única parte do libro que non aparece directamente relacionada cunha lección do curso é o capítulo quinto do primeiro volume, dedicado ao teatro burgués³⁸, así como parte do capítulo terceiro do segundo volume. A comparación parécenos interesante xa que os sumarios das leccións publicados pola revista *Vértice* non recollen a totalidade das leccións e, grazas á comparativa, podemos intuír como se abordou cada unha delas.

Tanto o curso como o libro parten da base de que cada época ten o seu teatro particular, sendo que á época na que se encontraban lle correspondía o teatro épico. Desde esa premisa, Salvat, plenamente consciente de que o seu traballo resulta unha novidade no ermo dos estudos teatrais que é a España franquista, fai un percorrido polos séculos XIX e XX describindo dúas correntes enfrontadas: a subxectiva e a obxectiva, ambas envoltas nun constante proceso evolutivo que vai sendo analizado ao longo das leccións do curso. Cómpre destacar que este traballo ensaístico de Salvat está moi enfocado cara o seu facer artístico, presentándose como unha análise da historia do teatro que lle permite reflexionar sobre a práctica teatral. O propio Salvat indica isto na “justificació” que abre o primeiro volume:

M’he plantejat el fenòmen teatral, i la seva vasta producció literària, no amb el criteri d’un historiador de la literatura, sinó com a home de teatre. El teatre és, doncs, per a mi no un fenomen literari solament, sinó un producte complex que anomenarem, per entendre’ns, spectacle (Salvat, 1966: 7).

37 No libro, despois de Sastre, aparecen os seguintes apartados: La lliçó del sàinet i del teatre d’Arniches. Autors aïllats. Un contemporani mític: Max Aub. El teatre realista català. Joan Oliver. Xavier Benguerel. Maria-Aurèlia Capmany. Baltasar Porcel. Altres autors catalans. Addenda: El teatre basc. El teatre gallec. El teatre llatino-americà. El teatre portuguès. Entendemos que non facían parte do curso de teatro.

38 O índice do capítulo é o seguinte: V. Inmobilitat del teatre burguès i de les seves fórmules. Teatre comercial amb categoria literària. Marcel Pagnol. La tradició anglesa: de Wilde a Osborne. Altres autors. Henry de Montherlant i les fórmules aristocràtiques. Julien Green i el teatre catòlic. Altres seguidors del teatre poètic: Cocteau, Aymé. Jean Anouilh. Actituds aïllades dins el corrent burguès. André Gide. Romain Rolland. Jean-Jacques Bernard. Bernard Crommelynck. Els cacics del teatre: Benavente. Els seguidors de Benavente. Alejandro Casona. Els autors compromesos. Teatre regional i còmic. Josep Maria de Sagarra. Altres autors catalans.

Com a home de teatro, el fenómeno teatral m'interessa, no en tant que arqueología, sinó en tant que realidade existente i en la seva projección en el futur; projección en el futur que, naturalment, va lligada a l'evolució de la societat en la qual estic vivint (*ib.* 9).

A liña na que Salvat se debruza máis é a obxectiva, na que el mesmo se insería e que vai desde o naturalismo de Zola até o teatro de Bertolt Brecht. O realismo épico, polo tanto, tería as súas raíces no século XIX, nunha corrente enfrontada ao dominante teatro burgués. Nas leccións, Salvat presentou a evolución destas dúas correntes (a subxectiva, que tende á evasión da realidade, e a obxectiva, de cariz máis social e que representa o mundo para intentar melloralo) cunha pormenorizada análise do traballo dos seus integrantes. Ao longo das súas aulas, Salvat foi modelando para os asistentes unha visión propia do teatro, non exenta de cariz ético, como podemos comprobar coa súa posición contra o gusto polo triunfo fácil que procura o teatro comercial (Oliveira Barata, 2009: 206) ou a diferenciación entre teatro de autor, de director ou de actor (este último, xermolo dun divismo que Salvat rexeita) e a súa proposta dun binomio autor/director (Iglesias Mira, 2011: 47). Durante eses catro meses, pasaron múltiples autores polas súas aulas, destacando nomes como Strindberg ou Meyerhold e, especialmente, Piscator e Brecht.

O traballo que Salvat desenvolve nos seus dous libros e no curso de teatro é especialmente sistemático, completo e didáctico, polo que non pretendemos nestas páxinas mostrar o que se encontra excepcionalmente descrito neles. Porén, non podemos deixar de ofrecer un breve repaso da concepción que Salvat ten destas dúas correntes do teatro moderno. A primeira delas, da que xa referimos que é na que o propio director se inscribe, nace do realismo/naturalismo e na súa xénese teñen unha grande importancia dúas figuras: Zola, teórico do movemento naturalista, e André Antoine quen, co seu traballo iniciado no Théâtre-Libre, crea o concepto de dirección escénica, fundamental para entender o teatro do século XX³⁹. Este movemento, o naturalista, está intimamente relacionado co elo final da cadea descrita por Salvat, o teatro épico de Brecht, pois o realismo/naturalismo implica unha figura autorial tomada por un espírito “científico” ao representar a sociedade, mesma idea que move a Brecht a bautizar o seu teatro épico, nun primeiro instante, como “científico”. Entre estes dous momentos, encontramos autores como Strindberg, Ibsen ou Chekhov (lección 1), así como outros xa directamente politizados como Maiakovsky, Gorki ou Erwin Piscator (lección 4).

Da outra banda, Salvat describe un teatro esquivo coa realidade, que parte do subxectivismo romántico contra o que se revolta Zola e vai pasando polas vangardas e o teatro do absurdo, coa análise do traballo de autores como Ionesco, Artaud, Jarry, Beckett ou Pinter. Teatro este

39 Salvat ten, en galego, un artigo no que desenvolve especificamente a importancia de Zola e Antoine para o teatro moderno (Salvat, 1997).

moi do gusto da burguesía, segundo Salvat, xa que non pon en causa a sociedade forxada por esta clase social, tal e como fai o teatro denominado obxectivista. A cuestión das clases sociais encóntrase dentro da cuestión teatral, pois da burguesía que se asenta no século XIX é de quen obtemos a *pièce bien faite* que representa, e xustifica, a súa sociedade. Co ascenso do proletariado, o teatro político está intimamente ligado ao marxismo, cómpre un novo teatro que analice o mundo coa intención de transformalo. É esta a finalidade do teatro político de Piscator e do teatro épico de Brecht e Piscator, figuras referentes para Salvat, como abordaremos en apartados posteriores, na súa tarefa de director escénico.

A seguir trataremos o labor de Salvat como guía do CITAC, relacionando os traballos desenvolvidos en Coímbra coa tradición brechtiana en Portugal.

3.1.2 Brecht en Coímbra.

O curso de teatro impartido nas instalacións do CITAC non só serviu para que Salvat dese a coñecer o seu traballo e as súas teorías á comunidade estudantil, senón que foi importante para reforzar e cimentar o traballo práctico realizado co grupo. O rigor no traballo, que xa vimos que Salvat destacaba na entrevista publicada no *Boletim de Teatro* como unha característica esencial do teatro universitario, sumábase ao compromiso ético e estético que se vía reforzado co aprendido no Teatro de Bolso (Oliveira Barata, 2009: 206). En paralelo ao curso de historia, Salvat desenvolvía unha intensa actividade formativa cos integrantes do CITAC nun curso interno de dous meses de traballo actoral (CITAC, 1969a: 6) especialmente enfocado ao teatro de Brecht. Nesta formación interna, Salvat emprega poemas de Brecht (o que acabaría desembocando no traballo presentado durante a gala a Azeredo Perdigão na Facultade de Letras) e o texto dramático *A excepción e a regra*, tamén do dramaturgo alemán. A unión de ambos traballos xera o primeiro espectáculo do CITAC dirixido por Salvat, baixo o revelador título de *Brecht + Brecht*. A unidade do traballo de Salvat reflíctese no aproveitamento do traballo interno para a presentación de mostras e espectáculos e tamén na súa utilización como reforzo e exemplo das clases teóricas, pois *Brecht + Brecht*, que analizaremos a seguir, foi presentado, en dúas sesións, como exemplo de teatro épico durante o Curso de Teatro (Gouveia Delille, 1991: 42). A seguir a este espectáculo, e antes de dar inicio á montaxe de CSE, o grupo segue a traballar sobre o alemán, cun exercicio de interpretación sobre o texto da nona escena de *Terror e miséria do III Reich*, titulada “A mulher judia” (CITAC, 1969a: 50).

Esta coherencia coa liña ético-estética brechtiana é unha das características que se destacan do traballo realizado por Salvat en Portugal, tanto docente como artístico (Oliveira Barata, 2009: 206). O director catalán propón un teatro de compromiso (lembramos que o grupo

quería dar un xiro tras unha etapa, a de Víctor García como director, que consideraban demasiado estetizante) e responsábel. Encontramos moi ilustrativo ao respecto desta cuestión a entrevista ao director publicada no *Boletim de Teatro*:

— Como situa o teatro na problemática da sociedade contemporánea, ou melhor, na perspectiva de una civilización que tende a transformar-se?

— (...) acredito que no futuro só deve haver teatro para una clase; o teatro será una tribuna, un podium, onde se fará a desmontagem anatómica da historia.

Neste apaixonante momento de crise aguda que o mundo atravesaba, o teatro pode ajudar a provocar esa crise, agudizá-la e debe, logo em seguida, propor caminos de ordenación e orientación (CITAC, 69: 49).

Para alén diso, na mesma publicación (*ib.* 6), infórmase de que o CITAC prepara unha xira (entendemos que con CSE) polo interior de Portugal para visitar áreas que, tradicionalmente, estiveron afastadas dos circuitos teatrais. Hai, máis outra vez, unha perspectiva social da finalidade do teatro, en especial o universitario, que debe levar a cultura ás camadas máis desfavorecidas. A figura de Salvat era a indicada para un grupo que procuraba unha maior “intervención social” e que tiña moita vontade de traballar baixo as teses de Bertolt Brecht (Gouveia Delille, 1991: 43).

De 1955 a 1957⁴⁰ estudou teatroloxía, socioloxía e filosofía en Alemaña, onde entrou en contacto co teatro de Piscator, entre outros, e o traballo que se mostraba no Berlin Ensemble, aínda que Salvat confesa que o que realmente o impresionou foi a Ópera de Pekín, nunha actuación que puido ver en Munich (Isasi Angulo, 1974: 468). Volvería a Alemaña en 1964, para realizar unha montaxe de *Yerma*. Nesta segunda etapa coñecerá en persoa a Piscator pouco antes da morte do mestre alemán (*ib.* 468-469). Estas estadias en Alemaña foron moi importantes para Salvat quen, consciente do estado de subdesenvolvemento no que se encontraba o teatro español, segundo ás súas palabras, puido acceder ao teatro máis avanzado de Europa (*ib.* 469).

A nivel de información, me abriu mucho los ojos. Progresivamente fui dándome cuenta de algo que había siempre intuído, y era que el teatro era una realidad muy diferente de la que yo había tenido ocasión de ver en España. Podía cumplir una alta función educativa y servir para hacer entrar al espectador en la Historia. En otras palabras, el teatro era un escenario donde se podía reflexionar sobre el devenir

40 Na biografía que aparece na páxina web da Fundació Ricard Salvat, nun texto do propio director, aparece o seguinte: “El 1956 obté una beca de l’Institut Alemany per anar a Heidelberg un mes a l’estiu. Es queda fascinat i decideix quedar-s’hi més temps treballant en una fàbrica de Mannheim traient òxid a les estufes. Allargar l’estada li permet estudiar estètica a Heidelberg amb el professor H. G. Gadamer durant el semestre d’hivern.”

histórico y en donde se podía ayudar a mejorar el mundo. Eso, fundamentalmente, me lo hizo ver Piscator.

É durante a súa etapa alemá cando o estudante Salvat comeza a se mergullar nas teses de Bertolt Brecht, empezando a definir daquela o que sería a tese que despois plasmaría nos dous volumes do *Teatro Contemporani* e no seu curso de teatro en Coímbra. Posteriormente, realizará o prólogo da edición española da obra de Jacques Desuché *La técnica teatral de Bertolt Brecht*, publicada en español en 1966. Do mesmo ano é a montaxe en catalán de *La bona persona de Sezuan* coa Companyia Adrià Gual, o que significa a primeira representación deste texto en España (Puig Taulé, 2007: 94). No ano seguinte, a versión en castelán *La persona buena de Sezuan*, chegará ao Teatro Reina Victoria de Madrid coa Companyia Núria Espert. Temos, polo tanto, que o Salvat que chega a Coímbra para traballar co CITAC tiña xa publicada unha ambiciosa obra sobre a historia do teatro, entrara en contacto co teatro alemán e as teses de Brecht e Piscator (no segundo caso de primeira man) e interviñera na realización de máis de un espectáculo sobre textos do dramaturgo alemán. E, alén diso, tamén xa botara a andar unha liña persoal ao abeiro que proporciona o chamado teatro épico mais adaptada ao contexto catalán, como veremos en posteriores apartados. A figura de Salvat preséntase como a ideal para introducir o teatro de Brecht no CITAC, polo que non sorprende que planifique a súa primeira experiencia escénica co grupo universitario arredor da figura do dramaturgo alemán.

Brecht + Brecht estaba composta de dúas partes ben diferenciadas e o proceso de creación foi, como xa dixemos antes, gradual. Unha primeira parte estaba formada por poemas de Brecht traducidos por Paulo Quintela (Gouveia Delille, 1991: 42) e parte do proceso de creación foi presentado na gala homenaxe ao profesor Azeredo Perdigão pola súa distinción como *honoris causa* da Universidade de Coímbra o 27 de febreiro de 1969, xunto cunha presentación de poemas neorrealistas de autores portugueses. Posteriormente, o grupo incluíría outros textos de John Dos Passos, Carl Sandburg ou Maurice Dobb (CITAC, 1969a: 50) e unha segunda parte, que inclúe *A excepción e a regra*⁴¹, para completar o espectáculo e servir de exemplo nas aulas de historia do teatro de Salvat (Gouveia Delille, 1991: 42). Máis tarde, o espectáculo será presentado baixo diferentes denominacións⁴² na Marinha Grande e en Águeda.

Temos poucos indicios do que puido ter sido *Brecht + Brecht*; tan só referencias do propio grupo, textos que acompañaban ás representacións e os informes dos censores. A partir destes

41 Na súa entrevista ao CITAC, Salvat indica que a segunda parte está formada por *A exceção e a regra* e “uma apresentação dita pelos autores, tirada dum ensaio de René Vicent”. Non atopamos ningunha outra referencia tanto ao autor como ao texto.

42 Co obxecto de escapar á censura, como veremos no apartado 3.3.

retallos, tentaremos aproximarnos ao espectáculo para despois enmarcalo nos diferentes achegamentos teatrais a Brecht realizados durante o Estado Novo.

Encontramos poucas referencias concretas ás influencias que recibe o proceso de creación de *Brecht + Brecht*, se ben encontramos unha especialmente interesante nun fragmento da entrevista a Salvat no boletín do CITAC e na que o director se refire aos referentes do espectáculo:

Neste espectáculo procuro superar algúns aspectos do teatro de Brecht, ou mellor, sensibilizá-lo através das lições do Living Theater e das lições de humildade do Bread and Puppet e da “La Mamma” (sic), teatro experimentais dos E.U.A. Claro está, seguindo a liña persoal de un teatro documento (CITAC, 1969a: 50).

Encontramos abondosa información neste pequeno fragmento. Por unha banda, o director afirma partir dunha base brechtiana, superándoa coas achegas de arriscados grupos de teatro norteamericanos como son o Living Theater, quen presentara xa textos de Brecht no seu espectáculo *Ladies voices* (1951) e que viña de presentar en Europa en 1967 outro proxecto baseado nunha peza do dramaturgo alemán: *Antígona*. Pouco máis podemos saber do contestatario Bread and Puppet e do grupo do off-off Broadway La MaMa, ambos fundados na década dos sesenta (1963 e 1961, respectivamente) salvo que Salvat destaca a humildade do seu traballo. Por último, hai unha referencia directa ao teatro documento de Piscator que se repetirá, como veremos, na creación de CSE. Podemos definir o teatro documento como aquel que utiliza fontes auténticas e documentos de variada procedencia para realizar con estes unha montaxe, no sentido cinematográfico do termo, para desenvolver o espectáculo, que terá un marcado enfoque socio-político (Pavis, 1998: 451).

A segunda referencia por parte do grupo a *Brecht + Brecht* encontrámola no texto que acompañou ao que denominou “Conferência-Teatro” *Tendências do teatro moderno*, que o CITAC impartiu no Centro de Formação e Assistência Social de Águeda o sábado 8 de marzo. O texto, probablemente escrito por algún dos estudantes, é en ocasións grandilocuente, mais permite intuír algunha das referencias das que partiu o traballo presentado (CITAC, 1969b).

Ricard Salvat quis iniciar una nova linguagem e forma de expresión teatrais, fugindo aos trâmites arcaicos do teatro burguês tradicional, com uma reconsideração absoluta das linhas básicas do espectáculo, construindo assim una nova visão do texto teatral.

(...) montando os seus poemas numa liña cronológica e evolutiva do pensamento de Brecht (...)

Esta tentativa, agora e pela primeira vez em Portugal, sobretudo com este autor, representa um grande passo em frente no desenvolvemento da arte teatral portuguesa, aínda sufocada por unha tradición difícil de superar, devendo ser tomado en conta o risco que este salto tão brusco implica, risco esse que alguén tería de correr e que a nós nos coube em primeira mão.

Os fragmentos destacados volven apuntar para as teorías destacadas por Salvat no seu curso, principalmente as contrarias ao teatro burgués, considerado desfasado e arcaico e inadecuado para a época que vivían, á que lle cumpriría unha nova linguaxe. Destacamos tamén a estruturación cronolóxica do espectáculo, que se repetirá en CSE e no proxecto posterior titulado *Trajecto com Brecht*, xa sen Salvat en Coímbra, e do que falaremos no apartado 3.4 deste traballo. O CITAC, como comprobamos no fragmento que acabamos de citar, era consciente da novidade da súa proposta tanto pola forma do espectáculo como polo autor escollido que, como veremos a continuación, mantivera até o momento unha relación pouco fluída co teatro portugués.

Por este meio se pretende entrar no camiño que conduza a uma forma de expresión teatral, tanto quanto possível concordante com as exigências da sociedade da segunda metade do século vinte, e que tem como antecedente o Teatro Documental, o Living Newspapers, o Teatro objectivo em geral e o Teatro político de Piscator (*ib.*).

Esta última cita remítenos ás referencias teatrais de *Brecht + Brecht*, primeiro traballo de Salvat co CITAC e que terán certa continuidade en CSE. Semella claro que a referencia ao teatro obxectivo foi feita seguindo as directrices do curso de teatro de Salvat, no que se refire á liña da nova obxectividade. O teatro de Piscator, teatro documental e político, aparece como referencia, o que non sorprende se temos en conta que no *Boletim de Teatro* aparece un artigo sobre o alemán. A referencia aos Living Newspapers temos que procurala no teatro norteamericano da segunda metade da década dos 30⁴³, dentro do controvertido Proxecto de Teatro Federal iniciado durante o New Deal como un dos Federal Project Number One da Works Progress Administration rooseveltiana, unha iniciativa que procuraba fomentar o emprego no eido artístico (Salvat, 1966: 129). Este tipo de espectáculo baseábase en situacións de actualidade que afectasen á clase obreira norteamericana, sustentando a peza un traballo previo de investigación xornalística que acumulaba noticias, estatísticas ou textos que eran organizados e entregados aos escritores para que traballasen sobre eles. A nivel escénico, os Living Newspapers fuxían da representación realista tradicional, optando en moitas ocasións polo experimentalismo. No primeiro volume da súa historia do teatro,

43 Se ben o xermolo desta práctica está nas pezas propagandísticas bolxeviques, agitprop, dos anos vinte.

Salvat cita unhas declaracións de Joseph Losey, que foi director dun Living Newspaper, a respecto desta forma teatral (*ib.* 130):

Anàvem buscant un estil, a realitzar una forma, els diaris vius utilizaven totes les tècniques: era un teatre polític que se servia del mitjà de la mímica, de la dansa, del cabaret i del cinema. Una temptativa de trencar amb els costums del teatre tradicional, per establir una relació nova entre l'espectacle i el públic... Avui dia es reutilitzen certes formes que nosaltres havíem inventat aleshores, nosaltres havíem trobat el nostre camí sota la pressió d'una situació política i econòmica: la crisi. En aquella època tots érem compromesos.

Vemos como, de novo, Salvat crea lazos entre o seu traballo e un teatro internacional, de marcado carácter político e que procura unha renovación da linguaxe como contrapunto a un teatro burgués, acrítico e narcotizante.

Deste espectáculo encontramos tamén referencias nacidas desde fóra do grupo, como as que conteñen os informes confidenciais da PIDE sobre as representacións de *Brecht + Brecht* na Facultade de Letras (daquela aínda non se trataba do espectáculo na súa totalidade) e tamén en Águeda, aínda que este segundo informe remita en varias ocasións para o primeiro. En relación ao escrito da policía sobre a actuación do CITAC na Facultade de Letras, encontramos as seguintes anotacións:

(...) ficou exuberantemente demonstrado o carácter revolucionario dessas poesias, aliás, exertos de tetos daquele autor comunista, magistralmente encenados pelo español Ricardo Salvat Ferrer (...)

“No palco, em letras sugestivas, o nome de Bertolt Brecht. Os trinta e cinco figurantes moviam-se na cena em gestos ora arrogantes e agressivos, com punhos fechados, ora sensuais, despidos de dignidade, como que votados a uma escravidão fatalista.

O texto, apresentado pelos declamadores, versava a revolução industrial norteamericana, a crise dos anos 20, o desemprego, a miséria e a submissão a um capitalismo satânico e demolidor.

Tudo no entrecho era propenso a criar um clima emocional, dissolvente, apelando para os sentidos, que não para a inteligência ou razão (333/2 in PIDE Processo N° 38711).

Chama poderosamente a atención o xeito como o axente fala dun espectáculo que se dirixe “aos sentidos e non á intelixencia ou razón”, todo o contrario do que correspondería agardar

partindo das descrições e dos referentes dos que, en teoría, bebía o traballo de Salvat co CITAC. O propio director fala nun texto posterior sobre a xénese do espectáculo, aportando novos referentes para a estrutura de *Brecht + Brecht*.

(...) Viveca Lindfords (...) nos falou do espectáculo que había feito hacía pouco, dirixido por (...) Georg Tabori y (...) con Lotte Lenya. Nos mandó el libreto original que se titulaba *Brecht on Brecht*. Siguiendo este modelo hicimos un espectáculo compuesto por una primera parte en la que se incluían poemas de Brecht y Carl Sanburg. Añadimos fragmentos de la trilogía U.S.A. de John Dos Passos y textos de economistas americanos sobre el crack del 29. Esta propuesta constituía la primera parte del espectáculo. En la segunda parte escenificamos el texto de Brecht *La excepción y la regla*. El título del espectáculo fue *Brecht + Brecht*. La idea era hacer un Brecht actualizado: la primera parte, con las técnicas de alienación modernizadas y puestas al día y, en la segunda, con un todo absolutamente académico y didáctico, con un tipo de interpretación muy rabiosamente “distanciado” (Salvat, 1999b: 906).

A organización dicotómica do espectáculo, que se artella na diferenza das técnicas interpretativas, reforza a idea expresada polo censor diante da presentación de poemas de Brecht na Facultade de Letras, cando falaba dun espectáculo que apelaba aos sentidos e non á razón. Deste xeito, a especificidade do teatro épico quedaría destacada en comparación coa técnica utilizada polo grupo na primeira parte do espectáculo, enfocadas a nivel actoral de xeitos diametralmente opostos. Salientamos tamén o uso de textos sobre o crack do 29 e do americano John Dos Passos⁴⁴, que repetirá en CSE.

Destaca tamén na descrición do axente a contextualización temporal do espectáculo, no que se referencia a revolución industrial nos EUA, o crack da bolsa e a posterior situación de crise, entendendo que a crise á que se refire o policía é a dos anos 30 e non a dos *golden twenties*. Para alén destas indicacións, o informador pon de relevo o carácter subversivo e disolvente do espectáculo, así como a súa excelente calidade artística. Resalta de Brecht a súa connotación co comunismo, pois o dramaturgo alemán non era descoñecido para as autoridades portuguesas, sendo un dos autores marcados pola censura.

Parécenos moi interesante que Salvat admita que na base dos seus espectáculos están outros proxectos, xa que cremos que é sintomático de certa idea salvatiana de teatro, que lle permite incorporarse, como xa sinalamos, a un teatro de denuncia e moderno que está en constante comunicación cos seus predecesores. Até o de agora, e referíndonos só a *Brecht + Brecht*,

44 Para Piscator, referente de Ricard Salvat polo seu teatro épico e político, o escritor norteamericano representaba a aplicación do drama épico no campo da novela (Piscator, 2001: 101).

atopamos unha serie de nomes de grupos e proxectos aos que Salvat non ten reparo en vincularse, dando mostras dunha concepción mundial e evolutiva do seu teatro: Brecht, Piscator, Tabori, o Living Theatre, Bread and Puppet e La MaMa conforman, neste caso, a familia recoñecida de *Brecht + Brecht*, nunha concepción da tradición teatral que supera fronteiras, algo no que tamén incidirá o proxecto de CSE no referente á adscrición dos seus textos, como veremos en páxinas posteriores.

Porén esta superación da fronteira que sinalamos non é sempre positiva para Salvat. En paralelo coa súa visión da historia do teatro, que analizamos noutra parte desta tese, opina que encontramos dúas clases de internacionalismo, unha relacionada coa corrente obxectivista e outra coa subxectivista. Nun artigo posterior (Salvat, 1974a: 95-103), o director reflexiona en relación a un internacionalismo positivo, “ese teatro que se apoia en la supresión de fronteras culturales, pero que tiende a la valoración de lo diferencial y autóctono como base necesaria para conseguir un verdadero universalismo (...) sirviendo unas cosmovisiones y unas actitudes estéticas comprometidas con la circunstancia cultural en que apoia su trabajo” (*ib.* 103), fronte a outro de carácter esteticista e alienador, que máis do que “internacionalista” sería “cosmopolita” (*ib.* 96). A frase citada para ilustrar este primeiro internacionalismo teatral acaería á perfección como baliza moral do traballo de Salvat co CITAC.

Mais volvendo sobre a figura de Brecht, non podemos deixar de relacionar a mesma coa historia do teatro en Portugal, pois o dramaturgo alemán ostentou sempre unha posición delicada. Autor marcadamente comunista, indicado por un censor portugués como “socialmente inconveniente” (Abreu, 2013: 353), encontrou sempre dificultades para ser mostrado no territorio portugués, pese a que a súa posición central no teatro do século XX despertase o interese de intelectuais e artistas. Nas seguintes liñas trazaremos unha breve panorámica da relación entre Brecht e o teatro luso, na que *Brecht + Brecht* e Ricard Salvat ocupan un lugar de importancia, malia a reducida repercusión destes traballos.

3.1.3. Brecht no Portugal do Estado Novo.

Non atopamos moitas representacións de Brecht antes de 1969, principalmente fragmentos e escenas illadas, o que é sorprendente se temos en conta que as traducións ao portugués das súas pezas ou textos se inician a comezos da década de 1940 e que o seu é un nome bastante mencionado por parte das persoas interesadas no teatro. A aparición de Bertolt Brecht no campo cultural portugués dáse, curiosamente, da man de Júlio Dantas, autor dunha obra que poderíamos considerar antagónica á do alemán. Achega, polo demais, pouco interesante xa que nos dous artigos nos que menciona de modo superficial a Brecht, Dantas deixa patente que o seu coñecemento sobre a figura deste dramaturgo é só referencial e de

escasa profundidade (Gouveia Delille, 1991: 27-28). Por outra banda, en 1940, o semanario artístico *O Diabo* presenta unha tradución dun fragmento do texto *Cinco dificultades ao escribir a verdade*, que titula “A coragem de escrever a verdade” baixo a sinatura de Mario Fonseca de Azevedo. É aquí onde atopamos por primeira vez referencias á súa vertente política e á defensa da implicación do autor coa sociedade, idea que, por outra banda, ía en consonancia coa publicación opositora que publicaba o texto (*ib.* 28). Porén, a figura de Brecht non será abordada aínda con rigor, pois até finais da década de 1940 encontramos só abordaxes superficiais e unha tradución en prosa. Será Luiz Francisco Rebello, importante home de teatro moi interesado polo que se facía fóra das fronteiras do país, quen presente o primeiro achegamento á figura do alemán como renovador da arte teatral, nun artigo aparecido na revista *Vértice* en novembro de 1949 e titulado “Notícias de Bert Brecht”. Neste texto, que será o primeiro en portugués dedicado en exclusiva ao dramaturgo, Luiz Francisco Rebello fai un breve percorrido sobre a súa produción nos anos 20 e comezos dos 30 (*ib.* 30) para presentar despois a traxectoria do alemán como paradigma do camiño que tomaba o teatro moderno (*ib.* 31). Destaca Gouveia Delille, no seu estudo da presenza de Brecht no Portugal previo ao 25 de Abril, a importancia de Luiz Francisco Rebello como un axente empeñado na renovación do teatro portugués, naquel tempo ancorado en teses naturalistas, e exemplifica este interese coa súa participación na fundación en Lisboa do Teatro-Estúdio do Salitre, de carácter experimentalista moi ligado á cultura italiana. Probabelmente é por esta vía italiana da que proveñen as súas informacións sobre Brecht (*ib.* 31-32).

Durante a década dos 50 aparecen varias referencias ao traballo de Brecht na prensa portuguesa, manténdose sempre o silencio, ou a calculada indefinición, no referente ás coordenadas políticas do dramaturgo. Posteriormente, tal como indica Gouveia Delille (*ib.* 34), o inicio da publicación en Francia pola editorial L’Arche do *Théâtre Complet*, proxecto que comeza en 1955 e finaliza en 1962, facilita ao lector portugués interesado o acceso á obra de Brecht, o que trae consigo unha maior aceleración da recepción da mesma, como tamén o fará o éxito do Berlinier Ensemble e o seu *Mutter Courage* no Festival Internacional de Teatro de París de 1954. Un ano despois, en 1955, Luiz Francisco Rebello publica outro artigo na revista *Vértice* tratando de novo a figura de Brecht. Encontramos sintomático da aproximación permitida no Estado Novo a frase que Rebello dedica ao teatro máis empeñado socialmente: “(...) obras didácticas, declaradamente de tese (mais não de propaganda), nas quais, sem alienar nenhuma das suas excepcionais qualidades estilísticas, Brecht defende unha dada concepção da vida e do mundo” (*apud* Gouveia Delille, 1991: 35). Como podemos comprobar, na segunda metade dos anos 50 a figura de Brecht comeza a ser destacada pola súa calidade artística mais aínda sen poder referir, por causa do ambiente pechado da ditadura, uns alicerces políticos que son inseparábeis do seu teatro. Será de novo Rebello quen volva sobre Brecht no seu *Teatro Moderno* de 1957, peza central no estudo do teatro europeo e

norteamericano desde Portugal (*ib.* 36). Neste libro o autor presenta a tradución completa de *A exceção e a regra* así como dous textos teóricos do alemán nos que aborda o Teatro Épico: “Ensaio sobre a ópera” e “Por uma nova técnica dramática”. Non esconde Rebello no seu ensaio a admiración polo alemán, e será el quen fomente a iniciativa de acompañar a súa conferencia sobre *Os caminhos do teatro moderno*, pronunciada no Teatro da Trindade en Lisboa en 1959, co *Prólogo a Antígona*⁴⁵ representado polas actrices Eunice Muñoz e Lúcia Teles (*ib.* 37), na primeira representación documentada dun texto de Brecht en Portugal.

As aproximacións críticas e noticias sobre a figura deste importante home de teatro foron aumentando en cantidade conforme avanza a década dos sesenta⁴⁶. Destaca a comparación feita polo profesor António José Saraiva en “Gil Vicente e Bertolt Brecht. O papel da ficção na descuberta da realidade”, publicado na revista *Vértice* en setembro de 1960 (*ib.* 50-51) polo que representa de innovador dentro dunha revisión do teatro portugués na figura principal de Gil Vicente. É de resaltar tamén o traballo que Carlos Porto inicia no suplemento literario do *Diário de Lisboa* en decembro de 1968 e que titula “Inquérito Brecht”, onde procura a opinión de diferentes figuras do teatro portugués en relación ao dramaturgo alemán. As primeiras preguntas desta enquisa deixan ver que no ambiente teatral pairaría un certo fastío en relación ás teses brechtianas (*ib.* 54), o que non deixa de sorprenden se temos en conta que poucas das súas pezas foron presentadas en Portugal e que a influencia do teatro épico dentro das producións lusas, influencia peneirada polo acceso polo xeral indirecto á súa teoría teatral salvo os casos de asistencia á representacións na Inglaterra, Francia ou Alemaña, tampouco foi hexemónica⁴⁷. Porén, o máis interesante desta enquisa do *Diário de Lisboa* é que, nas tres respostas publicadas antes da súa prohibición (Luzia Maria Martins, Luís Sttau Monteiro e Mário Sérgio), existe unanimidade na idea de que son precisas representacións de obras de Brecht en Portugal mais que, por motivos políticos, estas non eran posíbeis (*ib.*). Á incomparecencia deste autor no teatro portugués sumaráselle a aparición de novas linguaxes teatrais vistas como máis modernas, por exemplo a do Living Theatre ou o teatro de Artaud, o que leva, en parte do campo teatral portugués, á idea da articulación das teorías do alemán coas novas propostas escénicas que é algo que, como vimos, propuxo Salvat nos seus proxectos co CITAC.

45 En tradución do propio Luiz Francisco Rebello, publicada catro anos antes na revista *Vértice* (XV, 139, abril de 1955, pp. 203-208; *apud* Gouveia Delille, 1991: 499).

46 O traballo coordinado por Gouveia Delille (1991), nos seus anexos, presenta unha listaxe de todas estas aproximacións, así como das traducións e os proxectos teatrais sobre Brecht (*ib.* 499-542).

47 Gouveia Delille (1991) destaca o traballo de Luzia Maria Martins no Teatro-Estúdio de Lisboa, Fernando Gusmão no Teatro Moderno de Lisboa e o Grupo Cénico da Facultade de Direito de Lisboa, João Guedes no Teatro Experimental do Porto e Luís Miguel Cintra no Grupo de Teatro da Facultade de Letras de Lisboa. No total, contando teatro profesional e universitario, unha decena de pezas, aproximadamente a metade delas posteriores á enquisa.

Até o de agora abordamos resumidamente a influencia de Brecht a nivel teórico e crítico. Pasaremos deseguido ao campo da práctica teatral, coas diferentes aproximación a textos brechtianos, que se inician co *Prólogo a Antígona* que acompañaba a conferencia de Rebello xa citada. Distinguimos, seguindo o criterio de Gouveia Delille (1991) entre teatro profesional e teatro amador/universitario.

Desde aproximadamente a metade da década dos cincuenta, coa popularización de Brecht entre o medio teatral, varias compañías inician o proxecto de levar a prestixiosa *Nai Coraxe* ás escenas portuguesas. A lonxeva compañía Rey Colaço-Robles Monteiro fai a tentativa en 1955, con permiso do propio Brecht, e despois en 1959 mais choca coa censura do Estado Novo, tal como acontece co proxecto do Teatro Experimental do Porto para a temporada 59/60 (*ib.* 39-40). Pouco tempo despois destas prohibicións, o grupo brasileiro Companhia Maria Della Costa presentou no Teatro Capitólio de Lisboa a que sería a primeira e única representación dunha peza completa de Brecht nun teatro público antes da revolución do 25 de abril⁴⁸, *A alma boa de Setsuan*. A avaliación da Comisión de Censura para este espectáculo actuou dun xeito moito máis laxo do que con os grupos portugueses⁴⁹, catalogando o texto dramático baixo a cualificación de aprobado con cortes para adultos, o que reducía a asistencia aos maiores de 17 anos (Abreu, 2013 : 351). Posteriormente, tras o ensaio previo (práctica que os grupos estaban obrigados a realizar, unha representación en exclusiva para os censores), o censor demandou que se retirasen os panos do fondo, onde se representaban estatísticas comparativas entre o prezo dos alimentos e dos salarios, e que non fose lido ningún texto no inicio do espectáculo (*ib.* 354). A compañía acatou as modificacións indicadas pola Censura, mais isto non salvou o seu traballo dun desenvolvemento polémico, xa que tras cinco representacións a peza foi prohibida polas autoridades para garantir a seguranza do grupo diante de grupos que rexeitaban esta “perturbação da ordem” e “ataque à saúde moral do povo” (*Diário da Manhã*, 22-03-1960 *apud* Carrington, 1991: 264).

Como a propia compañía puido comprobar desde a estrea, un grupo de espectadores afectos ao Estado Novo e presuntamente molestos pola presentación en Portugal da obra dun autor comunista, asistían á peza para dificultar o traballo dos artistas. Segundo a propia Maria Della Costa, o grupo tiña sido avisado con anterioridade por “os estudantes de Coímbra”, que asistiron á representación para mostrar apoio e acompañar á compañía:

Maria comentou que, já no início do espetáculo, arremessaram bombinhas e ovos ao palco. Parte do público gritava “fora os comunistas” e fora “Carlos Prestes”⁵⁰. Por sua

48 Lembremos que o *Prólogo à Antígona* foi un acompañamento teatral para unha conferencia.

49 Se ben, como indica Abreu (2013: 251-252), a decisión da Comisión foi dubitativa e non acadou a unanimidade dos cinco censores.

50 Luís Carlos Prestes (1898-1990) foi Secretario Xeral do Partido Comunista Brasileiro.

vez, os estudantes aplaudiram. Sorrindo, a actriz lembrou sobre o susto que apanhou na estreia: “Meu marido teve um chique e desmaiou”. (...) Ela começou a gritar perguntando se havia algum médico no público. Este episódio esfriou os ânimos exacerbados. Um tempo depois, Sandro deixou-a tranquila quando ele se levantou e piscou o olho para a mulher (...). Tudo não passou de uma estratégia inteligente para acalmar a gritaria (Abreu, 2013: 354-355).

Os disturbios foron tan notorios que a policía portuguesa tivo que defender á Companhia Maria Della Costa dos boureóns estadonovistas, interrompendo a representación e resolvendo a situación con expulsións e mesmo a prisión dalgún dos alborotadores (Carrington, 1991: 264). A peza, xa sen boicoteadores, terminou a altas horas da noite, baixo unha clamorosa ovación (*ib.*). Posteriormente, as manifestacións contra a compañía gañaron resonancia grazas á Mocidade Portuguesa e outros sectores de extrema-dereita, que sistematicamente tentaron impedir a representación, como refire o editorial asinado por Pedro Correia Marques:

(...) nas noites inmediatas à da estreia repetiram-se, entretanto, os incidentes, sendo cada vez em maior número os contramanifestantes, reforçados, agora, por jovens de organizações católicas. É verdade que a Polícia intervinha, é verdade que todas as noites efectuava prisões, é verdade que sempre acabava por “restabelecer a ordem” (*A Voz*, 21-03-60, *apud* Carrington, 1991: 264).

Vista a situación de estancamento na que a representación se encontraba, a embaixada brasileira recomendou a Maria Della Costa e o seu grupo que abandonasen Portugal. Non é arriscado deducir que foron as relacións entre ambos países as que permitiron que *A alma boa de Setsuan* fose presentada na escena portuguesa (Abreu, 2013: 357), cun Estado Novo luso que procuraba a toda costa evitar conflitos coa antiga colonia. Finalmente e tras os incidentes e a polémica, á compañía foille ofrecida a posibilidade de continuar o seu percorrido por Europa, viaxando ao Festival do Théâtre des Nations en París en troca de manter o silencio sobre o acontecido en Portugal. A compañía accede e parte cara Francia permitindo que moito do seu material quedase retido en territorio portugués. Unha vez rematada a participación no festival na capital gala, a Companhia Maria Della Costa retorna a Brasil desde Lisboa (*ib.* 356). Anos despois, en 1969 e tras a representación de *Brecht + Brecht* na Facultade de Letras, Salvat foi abordado por unha espectadora daquel *A alma boa de Setsuan* representado en Lisboa, recibindo eloxios o traballo do catalán e do grupo universitario:

Una de les profesores, dona molt llesta em va dir que ella havia vist a Lisboa la *Bona alma* i que era el dia que va entrar la PIDE. Em va dir que ella creia haver vist representar Brecht més que ara després d’haver vist el nostre spectacle s’adonava

que els brasilers ho havien fet a la manera antiga i tradicional. A mi em va agradar molt de sentir-li aquestes paraules (Diarios de Salvat, 24 de febreiro de 1969).

Coa experiencia da Companhia Maria Della Costa en Portugal ficou patente que Brecht nunca sería un autor de fácil representación a ollos da sociedade do Estado Novo, e o chamado teatro comercial nunca volve a tratar de levar a escena ningunha das súas pezas de modo explícito. En 1969 a compañía Rey-Colaço procurou a intercesión do propio Marcelo Caetano, aproveitando o período de apertura co que iniciou o seu mandato, para que *A vida de Galileo Galilei* puidese ser levada á escena, tal e como comprobamos pola correspondencia do grupo (Gouveia Delille, 1991: 40-41), mais probabelmente a proposta formal nunca chegou a ser feita por falta de resposta do xefe de goberno. De xeito clandestino, sen indicar o autor do fragmento, Henrique Santana introduce no seu espectáculo *Os elefantes não sentem as pulgas*, o poema “Maria Farrar”, adaptación da balada de Brecht “Da infanticida Maria Farrar”. Este espectáculo foi levado á escena no Teatro Monumental de Lisboa en decembro de 1969 (*ib.* 41), resultando este breve *cameo* de Brecht a última aparición de textos do autor alemán nos escenarios profesionais de Portugal até 1974.

Maior presenza tivo no teatro amator e universitario, menos sometido a presións censoras e máis proclive a proxectos destemidos. Nas seguintes liñas faremos unha breve aproximación a algúns dos espectáculos dos que se ten constancia. As primeiras noticias que encontramos veñen de Mozambique, pois en 1964 o Teatro de Amadores da Beira representou *A exceção e a regra* baixo a orientación de Cardoso dos Santos e coa colaboración musical de José Afonso⁵¹. Sobre a orixe deste espectáculo fala João Afonso dos Santos, irmán do Zeca Afonso:

Havia a tal associação (associação dos antigos estudantes de Coimbra) que resolveu promover as comemorações da Tomada da Bastilha como se estivéssemos em Coimbra. A direção mandou fazer uma réplica da fachada da Sé Velha em cartão ou madeira para montar na praça, onde se faria a sessão comemorativa. No programa incluíram-se fados e guitarradas. Cantaria eu e o meu irmão. Uma peça de Brecht, *A exceção e a Regra (...)*. O doutor da censura resolveu cortar o Brecht (...). Perante isto meu irmão, e depois eu, disse logo: “Se não há Brecht, eu não canto fados.” Isto a uns dias da festa. Ora sem fados não haveria espetáculo (...) de modo que teve que dar o dito por não dito e autorizar a representação da peça. Foi assim que Brecht

51 Artista que, en 1969 e xa como un referente cultural, se sitúa na órbita do CITAC. Porén, o traballo musical da etapa Salvat será desenvolvido por José Niza pese a que o nome de José Afonso sexa suxerido para a gravación do disco coa Sonoplay. As pezas de José Afonso para este espectáculo de Mozambique aparecerán editadas no seu álbum *Coro dos tribunais* (1974), curiosamente un dos catro traballos que, entre 1972 e 1976, produza José Niza.

apareceu pela primeira vez no império colonial. O Zeca musicou então as canções que vieram a integrar o álbum *Coro dos Tribunais* (in Lima, 2014).

No ano seguinte e tamén en Mozambique, o Teatro Académico Lourenço Marques, dirixido por Mário Barradas, tentou estrear *A boa alma de Sé-Chuão*, mais este proxecto fracasou por causa da censura. Retomou o grupo ao dramaturgo alemán e, en 1966, puido levar á escena *O que diz sim* e *O que diz não* (Gouveia Delille, 1991: 41)⁵².

No territorio continental a chegada de Brecht ao teatro amator foi posterior e fragmentada, pois no espectáculo *Autores Modernos*, que presentou en 1968 o Grupo Cénico da Associação de Estudantes do Instituto Superior Técnico de Lisboa baixo a dirección de Mário Sérgio, aparecía a escena número dez de *Terror e Miséria do Terceiro Reich*, titulada “O espião”. O espectáculo foi presentado na cantina do Instituto, onde tamén sería presentado, no ano seguinte, a *Antígona* de Brecht. (*ib.*). Tamén nesa altura, Maria Helena Dá Mesquita presentou en Lisboa, con alumnos do Liceu Padre António Vieira, *A excepção e a regra* e, un ano despois, “O espião”. Mais no segundo proxecto só foi permitida a asistencia como público aos alumnos e despois da mesma a Maria Helena foille prohibido volver retomar a Brecht (*ib.* 41-42).

Na temporada 1968/69, como sabemos, o CITAC presenta o espectáculo *Brecht + Brecht* e finaliza o proxecto de *Castelao e a sua época*, ambos baixo a dirección de Ricard Salvat. Desta etapa nacerán outros proxectos teatrais que describiremos no capítulo 3.4 “Consecuencias artísticas e culturais”. O interese do CITAC sobre Brecht xa viña de vello, pois nos números 2 e 4 do seu *Boletim de Teatro*, aparecían, respectivamente, unha tradución dun artigo sobre o alemán e unha nota biográfica. (*ib.* 43). Fóra do territorio portugués, foi en París, cidade coñecida polo seu grande número de emigrantes lusos, onde actores e actrices non profesionais presentaron as pezas *As espingardas da Mãe Carrar*, *A excepção e a regra*, e *A Mãe*, sendo que a segunda peza foi dirixida polo antigo integrante do CITAC Hélder Costa (*ib.* 44).

Tras este reducido percorrido polas principais tentativas de levar a Brecht á escena portuguesa podemos comprobar como o Estado Novo, fose con António Salazar ou Marcelo Caetano no mando, procurou impedir na medida do posíbel a aparición de obras do dramaturgo comunista. Cando estas, por diferentes motivos, furaban o bloqueio, a política era minimizar as súas consecuencias. Mais, pese a eses esforzos por parte da censura ou dos sectores máis

52 Non serán estes as únicas achegas dos territorios africanos, pois pouco despois da falida tentativa do CITAC, José Niza, destinado en Angola, traslada o aprendido con Salvat para realizar unha nova montaxe de *A excepção e a regra*, como veremos en posteriores capítulos.

reaccionarios, a figura de Brecht vai gañando presenza e interese en Portugal desde finais dos anos 50, converténdose nunha referencia para os intelectuais portugueses, non sen certa dose de idealización. O dramaturgo alemán é en ocasións un referente de carácter central, porén descoñecido ou mitificado, fillo dunha interacción indirecta, incompleta e moitas veces tardía coa escena portuguesa. O traballo de Salvat, que actualizaba e adaptaba as teses brechtianas, revélase como unha das achegas máis interesantes en relación a Brecht no panorama teatral portugués dos anos sesenta.

3.2. O teatro de Ricard Salvat en 1969.

“El teatro era un escenario donde se podía reflexionar sobre el devenir histórico y en donde se podía ayudar a mejorar el mundo”

Ricard Salvat (Isasi Angulo, 1974: 469).

“Salvat havia de ser el pal de paller del teatre català d’una Catalunya que sortia del malson del franquisme”

(Rom, 2014: 15).

O labor de Ricard Salvat como creador escénico non pode ser desvencellado, como é lóxico, do seu traballo como historiador e ensaísta teatral. Como xa vimos no apartado anterior, Salvat desenvolveu ao longo da súa vida un amplo traballo de reflexión sobre o teatro dos séculos XIX e XX e que desembocou en variadas publicacións. Esta actividade analítica sobre o devir do teatro contemporáneo e a súa organización en correntes é fundamental para entendermos ao Salvat director, pois é destas teorías de onde nacen as bases éticas e estéticas do seu traballo artístico. O seu proceso reflexivo afecta non só ao facer teatral de Salvat senón tamén ao seu obxectivo como artista, outro dos vectores que consideramos interesantes á hora de abordar a súa carreira no mundo do teatro.

O coñecemento que Salvat tiña do teatro, non só desde unha perspectiva histórica, mais tamén das máis recentes propostas teatrais no seu tempo, fixo que o director fose moi consciente do contexto no cal se desenvolvería o seu traballo. En varias ocasións, Salvat lamenta o atraso e a pouca calidade do teatro en España, panorama que chega a denominar como “subdesenvolvido a nivel teatral” (Isasi Angulo, 1974: 470).

Outra das características que se destacan do traballo artístico de Salvat é que o director ten plena consciencia do seu percorrido teatral, enfocado a un esixente obxectivo. Como ben sinala o prólogo do primeiro volume dos seus *Diaris*:

(...) el seu objectiu principal és convertir-se en un dels directores d’escena més importants del moment. Ni més, ni menys. De manera conscient, meditada, Salvat es planteja lúcidamente els reptes i els entrebancs que ha de superar per arribar-hi, n’analitza els pros i els contres, els encerts i els fracassos, amb un alt grau d’exigència i professionalitat (Foguet e Molins, 2015: 9).

A análise dos textos de Salvat (foran estes pensados para dirixirse directamente ao público, como os seus artigos e libros, ou ben, como no caso dos seus diarios, textos que semellan ter sido pensados para unha publicación posterior) revela un pensador e un creador ambicioso, que observaba o panorama europeo sen complexos nin inferioridades mentres iniciaba e percorría un vieiro de construción persoal, estética e social (*ib.*). Salvat, consciente da pobreza do panorama teatral español e da pouca bagaxe do teatro catalán, arelaba converterse nun director de referencia, unha figura destacada da súa época, cun proxecto que non se reducía ao marco ibérico e que co que pretendía poñer en contacto o teatro catalán co resto dos teatros de vangarda do momento. Facer parte dos creadores do *Welttheater*, concepto que podemos relacionar coas propostas teatrais máis interesantes do momento (Salvat, 1974a: 9-17). Mais para acadar o seu obxectivo, esa posición central dentro do campo teatral global, Salvat era consciente de que precisaba crear unha linguaxe escénica de seu, como o propio director indica na súa entrevista no *Boletim de Teatro 5* do CITAC:

A essa procura de uma linguagem teatral própria respondem os meus espectáculos: *Ronda de mort a sinera* (sic) sobre textos de Espriu; *Vinte cinco anos de poesia espanhola* (sic) segundo a antologia feita por Jose Maria Castellet e *Adria Gual e su época* (sic) escrito por mim (CITAC, 1969a: 49).

A evolución do labor teatral de Salvat é a procura desa linguaxe persoal, busca que non podemos desligar do seu traballo ensaístico nin tampouco do contexto social na Cataluña do franquismo. Para entendermos o seu traballo en Coímbra, abordaremos esa procura salvatiana dunha linguaxe escénica propia e concreta, procurando as características principais do seu facer teatral e as súas bases éticas, estéticas e técnicas.

Sendo Salvat, como xa se indicou en repetidas ocasións, un creador que mantivo un intenso labor de investigación, non é estraño que a análise do seu teatro relacione este coa súa obra ensaística. Atendendo aos textos teóricos do catalán, atopamos as principais ideas que guían a súa angueira como director. Destacan entre elas a complexa definición da instancia autorial no teatro e a concepción deste como fenómeno espectacular, a función social da arte e a súa adscrición na corrente obxectivista, coa conseguinte oposición á evasión subxectiva e ao denominado teatro burgués.

A primeira cuestión, por básica, que cómpre sinalar para enfrontar o traballo de Salvat é a consciencia da total autoría e responsabilidade do director de escena en relación ao espectáculo teatral. O propio director deixa constancia disto, por exemplo, no prólogo a *Ronda de muerte en Sinera* titulado, non por casualidade, “De qué maneira convertí en espectáculo unos textos de Salvador Espriu”:

Es lo más usual considerar al director escénico como un hábil virtuoso que convierte en visible una obra que, en potencia, ya existía en un texto. En este caso, el director no es más que un buen traductor, tanto mejor cuanto más “visibilidad” consigue, a través de la buena calidad de su trabajo, la obra, ya previamente acabada y pulida, del dramaturgo. (...) Esta concepción supone que la obra teatral es un todo autónomo en su mismo texto y que se trata de un género literario para el cual la puesta en escena no tiene otro fin que darle “visibilidad” (Salvat, 1974b: 12).

Fronte a esta visión do teatro como simple traslado dun texto escrito á escena, que Salvat denomina como “literaria”, o autor opón a súa visión, amplamente secundada ao longo da historia do teatro e á que chama “espectacular”:

En mi opinión, es un hecho evidente que el teatro propiamente dicho es espectáculo y se sirve del elemento literario sólo como base y no como único componente. (...) el director teatral tiene en sus manos la posibilidad de convertir en espectáculo no sólo los textos especialmente escritos para el teatro – en el sentido de obra literaria para el escenario – sino incluso aquellos géneros que, en una actitud que creemos equivocada, se martienen al margen de la escena: la poesía y la narración (*ib.* 13 e 15-16).

Para Salvat, a un teatro excesivamente centrado na palabra, que noutras partes deste estudo temos denominado como *logocéntrico*⁵³, hai que opoñer un teatro visual, onde a escena non estea subordinada á tinta do papel impreso, sendo simple apoio do escrito polo autor dramático, “La imagen siempre se apoyaba en la palabra. El teatro de estos últimos años nos ha enseñado que la imagen escénica es tan importante o más que la palabra (...)” (Salvat, 1973). Porén, Salvat cóidase moito de desbotar o texto literario ou exiliarlo do teatro, xa que, a pesar de afastalo do centro do espectáculo, segue a considerar que é un elemento de valor dentro do conxunto teatral:

53 O artigo xa citado de García Barrientos (1991) mostra unha acertada e lúcida descrición destas correntes.

Me parece evidente que la calidad del espectáculo no debe prescindir de la del texto literario que se utilice, sino todo lo contrario: su plenitud y validez dependerá, entre otras cosas, de la calidad literaria del texto utilizado. Entre las muchas aportaciones de Brecht, no es quizá la menos importante el habernos hecho comprender que la eficacia de un espectáculo iba unida a la calidad del texto utilizado, no para reproducirlo, sino para manejarlo como un instrumento con el que se crea una nueva realidad. (...) No se trata de una actitud antiliteraria, sino de un retorno a la fuerza comunicativa del lenguaje, liberándolo del prestigio de la letra impresa (Salvat, 1974b: 13-14 e 15).

Salvat confronta esta estrutura teatral, a do director como eixo central, con outras nas que son diferentes axentes do proceso artístico sobre quen recae a importancia. Partindo da idea de “nómina teatral” (Salvat, 1983), o conxunto das persoas que compoñen un determinado espectáculo, Salvat vai organizando varios esquemas de importancia segundo o tipo de teatro que estea presentando. Así teremos un “Teatro de Autor”, un “Teatro de Actor” (que estaría exemplificado polo *star-system*) ou o xa descrito “Teatro de Director” ([Salvat], 1971c: 715-716). Salvat tamén indica outro sistema, unha colaboración estreita entre un escritor (autor) e un director, que chamada de “binomio” (“duumbirato”, en palabras de Meyerhold) e exemplifica co traballo de Jovet e Giraudoux, Jovet e Romais ou Pitoeff e Lenormand (Salvat, 1966: 69) e que no Curso de Teatro impartido en Coímbra aparecía relacionado cos fracasos comerciais de Copeau ([Salvat], 1971c: 716-717)⁵⁴.

É interesante ver a Salvat nun equilibrio entre o gusto polos textos de calidade e o desexo de liberación do director teatral do xugo do logocentrismo. Salvat é consciente que o teatro é un espectáculo que supera amplamente o xénero literario, “[a]nalitzar el teatre com a simple gènere literari és, repetim, una anàlisi fragmentària i desorientadora” (Salvat, 1966: 259), e que está conformado por diversos elementos, entre os que se atopa o texto dramático. Así, noutras ocasións, Salvat mostrará a súa predilección por unha superación do texto que incluso pode facer que a compoñente literaria desapareza do proceso. O director pode, daquela, ou ben traballar sobre un texto escrito para elaborar un segundo texto, o espectacular, ou chegar a ese texto final que é o mostrado sobre as táboas sen ter ningunha base literaria previa. Semella claro que Salvat é consciente na afirmación da autonomía do director en relación ao autor do texto dramático, colaboren estes dous nun “binomio” ou non. Esta independencia pode vir dada, polo tanto, pola ausencia de texto literario: “Los espectáculos de la Escuela d’Art Dramàtica Adrià Gual tuvieron por norma la creación de realidades escénicas prescindiendo de los textos teatrales establecidos por la tradición, etc. Si ser artesano implica la creación total de un espectáculo, sin apoyarse en un texto teatral al uso, ¡vivan nuestros artesanos!” (Isasi Angulo, 1974: 466); pola reversión dun texto dramático establecido ou

54 Non é difícil ver na anterior colaboración Salvat/Espriu unha tentativa de “binomio”.

ben pola utilización de textos que non fosen pensados, inicialmente, para seren levados á escena, como é o caso de CSE. O propio Salvat declara que o director ten potestade para realizar co texto dramático o que encontre axeitado para “decir algo máis de lo que el texto escrito decía” (*ib.* 465-466).

Salvat, en resumo, enfoca o fenómeno teatral desde a súa vertente espectacular e dando por superada a mera aproximación literaria, nunha corrente que o emparellaría dentro da historia do teatro, por exemplo, coa Commedia dell’Arte, os misterios medievais ou autores como Appia, Meyerhold ou Erwin Piscator (Salvat, 1974b: 13). Tamén traballa asumindo por completo a responsabilidade e a autoría do resultado e situando ao director de escena no centro do proceso creativo.

Efectivamente, aínda que CSE sexa presentado como unha tentativa de “traballo autenticamente colectivo” (CITAC, 1969a: 50), observamos como nas diferentes comunicacións oficiais do grupo (por exemplo cos servizos de Censura) sempre aparece referido como un “espectáculo de Ricard Salvat”. Por outra banda, a propia composición de CSE presenta un afastamento da obra dramática común, pois está formada por múltiples textos autónomos⁵⁵ sendo poucos destes os que tiñan en orixe unha finalidade espectacular. Podemos relacionar esta composición especial que existe en CSE e que pretende “sacar”, en palabras de Salvat, un espectáculo teatral de textos non teatrais, cunha característica do Teatro Épico de Brecht: a contestación duna liña argumental tradicional que pode desembocar na alienación de quen asiste, absorto polo decorrer da historia e a identificación coa personaxe. Ese risco, como veremos máis adiante, non está presente no texto dramático de CSE. Tamén atopamos no proxecto co CITAC mostras da concepción do teatro como un espectáculo integrado por diferentes elementos igualmente importantes, como demostra o traballo plástico de Luís Seoane e Isaac Díaz Pardo, louvado por Salvat nun artigo titulado “De cómo dos pintores gallegos me ayudaron a encontrar un camino” (1973); as composicións de José Niza, realizadas ao tempo e en colaboración cos ensaios do grupo (Iglesias Mira, 2011: 63-64) ou as coreografías traballadas con Marina Noreg⁵⁶ (*ib.* 60-61). En relación á importancia que tiña o aspecto musical para Salvat, cómpre lembrar que do espectáculo *Ronda de Mort a Sinera* nacería un disco (García Ferrer e Rom, 1998: 45) e que, tras a expulsión de Salvat de Portugal, tamén se iniciaran dous proxectos coa discográfica Sonoplay, un correspondente a *Brecht + Brecht* e outro a CSE, que non chegarían a ver a luz por medo á censura (Iglesias Mira, 2011: 66-72). Hai polo tanto, no traballo de

55 O tratamento do texto dramático de CSE será realizado con maior profundidade no apartado 3.5. “Achegamento ao texto dramático de *Castelao e a súa época* e criterios de edición”.

56 Marina Lie de Goubonina (San Petersburgo 1902-Barcelona 1976) foi unha coreógrafa que, baixo o nome de Marina Noreg ou Marina Lee, traballou na Escandinavia e Barcelona. Suposta espía para Alemaña na II Guerra Mundial, fixa a súa residencia nos anos 40 en Barcelona, colaborando coa Adrià Gual (Salvat, 1985: 26). A colaboración con Salvat tamén se estende ao seu traballo en Coímbra. O fondo de Marina Lie pode ser consultado no Arxiu Nacional de Catalunya.

Salvat co CITAC, unha vontade expresa de teatro como espectáculo, vontade que o director xa tiña declarado para anteriores proxectos como *Ronda de mort a Sinera*:

(...) el teatro no es sólo un género literario, sino también un fenómeno público, un espectáculo, con unas leyes estéticas claras e independientes de las del género literario propiamente dicho. El espectáculo es un complejo estético-social proyectado en el tiempo y en el espacio, que recoge, no sólo elementos literarios, sino también musicales, plásticos e incluso arquitectónicos (Salvat, 1974b: 12-13).

Xa temos indicado, dentro desta aproximación á linguaxe salvatiana, como o director se sitúa no centro do proceso e como ese teatro é, ante todo, un espectáculo sostido por diversos alicerces, entre as que o texto literario se atopa inter pares. Pasemos agora a abordar a finalidade do teatro para Ricard Salvat, quen é consciente de que o traballo artístico está composto por vertentes éticas e estéticas, intimamente relacionadas: “Todo acto de creación es una elección. Toda ética es una estética y una política y cualquier montaje implica un compromiso” (*ib.* 55).

No prólogo a unha antoloxía dos seus artigos, *Quan el temps es fa espai. La professió de mirar* (Salvat, 1999a), trázanse algunhas das liñas éticas que sustentan o percorrido teatral, e vital, de Ricard Salvat. Nese clarificador texto, Ferrán J. Corbellá define a traxectoria do director co delicioso título de *humanismo dramaturxico*. Para Salvat, nunha concepción progresista, a cultura era un elemento mediante o cal as comunidades poderían mellorar, un servizo de auténtica utilidade social.

(...) la trajectòria de Salvat ha estat eminentment culturalista, sempre orientada sota l’impuls de la gran tradició progressista i voltaireana del Segle de les Llums: la cultura, en aquest cas la cultura teatral, l’humanisme dramaturgic, com a condició de possibilitat d’un millorament de la societat (Corbellá, 1999: 10).

O propio director, nos seus textos ensaísticos, sitúa en Alemaña o berce desta corrente: “(...) o teatro é, dentro da sociedade alemã, um elemento essencial e constitutivo e um factor pedagógico importantíssimo. Lessing, Goethe e Schiller foram os primeiros a verem o teatro como uma potência educadora e orientadora dos destinos do homem (...)” (Salvat, 1969a: 9)⁵⁷. Esta función educadora está intimamente relacionada, claro, coa perspectiva esquerdista de Salvat. O director é consciente de que o teatro é unha arte baseada, dado o seu carácter performativo, no “aquí e agora”, nun cruzamento espazo-temporal (Salvat, 1997: 53). E sabe que para que a función pedagóxica do seu teatro sexa efectiva precisa que o seu traballo

57 O artigo orixinal foi publicado en *Primer Acto* 62, 1964.

este tamén cimentado no “aquí e agora”, con plena consciencia do seu momento histórico e contexto social. É por iso que Salvat, durante os seus ensaios e historias do teatro, mostra o seu rexeitamento ao que chama “teatro da evasión”, o cal é acusado en variadas ocasións de reaccionario por parte do director (Salvat 1966, 1966b). Como veremos máis adiante, na proposta artística de Salvat é tan importante definir o que esta afirma como contra que se sitúa en oposición. A función pedagóxica, que é política, ten que estar inserida na realidade e ser plenamente consciente da súa situación:

(...)el teatre que cal fer en el nostre temps ha de ser un teatre arrelat a la nostra circumstància, plenament historicitzat, i per tant, en la mesura en què ens hem de fer conscients de la nostra problemàtica i les formes adequades per a abordar-la, ens és necessari de conèixer el contingut de l’herència rebuda, i des de quin moment i com aquesta herència actua sobre nosaltres (Salvat, 1966b: 327).

Este interese na función pedagóxica do teatro relaciónao, como o propio director indica no *Boletim de Teatro* do CITAC (Salvat, 1969a: 9), cun dos seus referentes principais no Teatro Épico, Erwin Piscator:

Con esto apareció un nuevo momento de la representación: el pedagógico. El teatro ya no debía producir en el espectador un efecto meramente sentimental ni espectacular con su rapidez de reacción emotiva...; ahora se dirigía conscientemente a su razón. No debía proporcionar solamente arrobamiento, entusiasmo, desgarramiento, sino también explicaciones, instrucción y enseñanzas (Piscator 2001: 80).

(...) el teatro era una realidad muy diferente de la que yo había tenido ocasión de ver en España. Podía cumplir una alta función educativa y servir para hacer entrar al espectador en la Historia. En otras palabras, el teatro era un escenario donde se podía reflexionar sobre el devenir histórico y en donde se podía ayudar a mejorar el mundo. Eso, fundamentalmente, me lo hizo ver Piscator (Isasi Angulo, 1974: 469).

No caso concreto da situación política peninsular a finais da década de 1970, o *Boletim de Teatro*, na súa entrevista a Salvat, inclúe un fragmento no que podemos observar como o director reflexiona sobre a utilidade do teatro naquel momento e lugar:

- Como situa o teatro na problemática da sociedade contemporânea, ou melhor, na perspectiva de uma civilização que tende a transformar-se?
- (...) acredito que, no futuro, só deve haver teatro para uma classe; o teatro será uma tribuna, um podium, onde se fará a desmontagem anatómica da historia.

Neste apaixonante momento de crise aguda que o mundo atravesa, o teatro pode ajudar a provocar essa crise, agudizá-la e deve, logo em seguida, propor caminhos de ordenação e orienração (sic) (CITAC, 1969a: 49).

Vemos como, neste fragmento, o teatro aparece definido como un axente transformador político que, mediante a educación e a pedagogía do público, se ergue como un elemento de crítica ao devir da historia e, ao tempo, de ampliación do campo do posíbel. O teatro é, como afirmaba o GAC en relación á cantiga, unha arma⁵⁸.

Dentro deste empeño pedagóxico e culturizador, hai en Ricard Salvat un elemento (na súa vertente de director máis tamén na de programador) que toma grande importancia: o repertorio, entendido como o conxunto de pezas, non necesariamente clásicos canónicos, que cómpre que sexan mostradas a un público. O contacto con estes espectáculos culturiza e forma a quen asiste (Corbellá, 1999: 10). Unha das características de CSE, e que podemos relacionar cunha tentativa de educar ao público, é a orixinal conxunción de autores pertencentes a diferentes campos culturais, entre os que destacan o catalán, o portugués, o español e o galego. Isto revélase como unha asunción consciente dun campo cultural ibérico e supra-nacional. Reflexionando sobre a figura de Castelao, Salvat indicaba que era, na súa opinión, un autor fundamental para entender o que se podería denominar como “auténtico teatro español” ou mesmo “ibérico”:

(...) obra necessària i imprescindible en el repertori d’un veritable teatre nacional espanyol, o bé, encara més, ibèric. Crec que al repertori d’un veritable teatre nacional espanyol no pot faltar-hi l’obra de Castelao, com tampoc no hi pot faltar, posem per cas, *Primera història d’Esther*. Si algun dia algú es planteja la veritable funcionalitat d’un teatre nacional, crec que haurà de partir de les aportacions de les diverses dramàtiques nacionals, i no del criteri centralista i discriminador del qual es parteix de massa anys ençà (Salvat, 1971a: 74-75).

Hai na concepción teatral e cultural de Salvat unha recusa do centralismo e unha arela integradora moi relacionada coa problemática da configuración política de España e moi en sintonía co ambiente cultural catalán dos anos sesenta e setenta, como veremos máis adiante. Esta idea dun auténtico teatro español ou mesmo ibérico é parte fundamental da concepción e da compoñente ética que atopamos en CSE, como veremos posteriormente.

58 O Grupo de Acção Cultural, fundado en Maio de 1974, foi un conxunto de cantores portugueses (entre os seus fundadores se encontran Fausto, José Mario Branco, Tino Flores e Afonso Dias) formado para crear cancións de marcado carácter político. O tema “A cantiga é uma arma” dará título ao seu primeiro álbum e nela se recolle unha reflexión sobre a relación entre arte (cantiga, na denominación do grupo) e loita de clases.

O teatro de Salvat conxuga diferentes características entre as que temos destacado a concepción espectacular e a función pedagóxica e política. Nos seus textos, Salvat diferencia claramente as limitacións destas características, como antídoto que evite a confusión de que a forma puidese facer sobordar o contido:

El elemento espectáculo no se autojustifica, ya que no se trata de maravillar, sorprender o ganar al espectador por el camino visual —eso es tarea del cine—, sino de comunicarle reflexivamente unas ideas, un contenido y una visión del mundo, de tal manera que se vea obligado a tomar una actitud crítica ante el espectáculo. Comunicación que solo se puede realizar a través de la presencia humana expresiva: vibración de la palabra en el espacio y en el tiempo (Salvat, 1974b: 15).

Salvat era consciente de que as finalidades ética, política e pedagóxica do seu teatro non poderían ser nunca abandonadas en beneficio da forma, pois o resultado sería van e insubstancial e polo tanto nocivo. En varias ocasións o director sintetiza este teatro negativo na chamada *pièce bien faite* (peza ben feita), teatro creado pola burguesía e que destaca polo seu carácter taxidérmico. “La *pièce bien faite* es la fórmula más inmovilista de toda la historia del teatro. Se adecúa de manera tan perfecta a las exigencias de la burguesía que ella misma repite como fórmula el inmovilismo esencial de la clase (...)” (Salvat, 1981: 27). Un formato ben definido e consciente das teclas, trilladas e gastas porén eficaces, que debe pulsar para acadar o seu obxectivo:

(...) unos industriales del entretenimiento. Crean unas leyes para la consecución de una obra de teatro divertida. Las cosas más importantes serán, pues, los golpes de efecto, la trama complicada y el desenlace feliz y ‘moral’ (...) Todo este andamiaje teatral no sería posible si el autor no hubiera hecho un tácito convenio con el público. La sorpresa de los golpes de efecto no es tal sorpresa. El desenlace no es nunca misterioso, porque, de hecho, no puede decepcionar jamás. El público oye las réplicas que espera, las escenas ofrecen las ‘sorpresas’ que el público reclama. Si el público no fuera al teatro dispuesto a conformarse con este mínimo abanico de posibilidades, no le sería posible aguantar ni una sola de estas obras. Pero el público va a buscar precisamente eso, una especie de juego de sociedad cuyo desarrollo y desenlace ya conoce (Salvat, 1981: 23-24).

Como se comproba, os ataques de Salvat ao teatro burgués non teñen piedade. Tamén é interesante a apreciación do director, indicativa da súa visión esquerdista da sociedade, ao analizar os motivos que levan á burguesía a sentir esta predilección por unha arte teatral de carácter evasivo e concibida coma un simple divertimento:

Es preciso decir que la burguesía subía al poder con mala conciencia. Con una mala conciencia que, costara lo que costase, quería ahogar. Y que, cuando esta burguesía iba al teatro, no quería que le presentasen ningún tipo de problemáticas que le pudiera inquietar (...) La burguesía de 1830 quiere que la diviertan al precio que sea, pero, eso sí, que le proporcionen fundamentos para su propia moral. Es paradójico que nunca se haya hablado tanto, en el teatro, de moral. Quizá porque jamás había habido un teatro tan absolutamente amoral (*ib.* 23).

Introduce así Salvat a oposición subxectivismo/obxectivismo, iniciada coa dupla romanticismo/realismo, sendo o primeiro elemento dos pares o predilecto da burguesía. Este tipo de teatro é designado como evasivo, pois foxe da representación da realidade impedindo dese xeito a crítica á mesma (Salvat, 1966: 105) tal e como fará despois o teatro do absurdo, tamén atacado por Salvat (1966b: 332) “Pel camí de l’evasió, de la interioritat, de l’abstracció pura, només podem trobar l’anihilació”.

Este teatro burgués, mero pasatempo ocioso, é elevado pola nova clase dominante e chega a conformar segundo Salvat o centro do teatro comercial durante os séculos XIX e XX. Contra este centro, tan estático, van xurdindo diferentes correntes artísticas que son as que, en verdade, fan avanzar o teatro (*ib.* 190). Entre esas correntes artísticas, abordadas nos dous volumes dedicados á historia do teatro (Salvat, 1966 e 1966b), destaca o Teatro Épico, do que Salvat toma a base para a súa linguaxe persoal. Definiríamos este tipo de teatro como aquel que se opón a unha concepción dramaturxia clásica, baseada na progresión linear da acción, no conflito, na identificación e na catarse aristotélica. O Teatro Épico, que apela á razón e non ás emocións, utiliza o escenario para “explicar” e non para “mostrar”, tentando por todos os medios que o público non se vexa arrebatado polo decorrer da historia, provocando para iso constantes interrupcións e incentivando os momentos reflexivos.

Afirma Salvat que o Teatro Épico é a forma propia do teatro alemán, froito dunha tradición nacional xermana da que Brecht sería o último e máis brillante elo, dotando a esta de coherencia e rigor (Salvat, 1966b: 79-80). Desta corrente, da que aparecen indicios nos misterios medievais como destaca Patrice Pavis (1988: 162) e que é teorizada e aplicada sistematicamente grazas a Piscator e posteriormente Brecht, herda Salvat unha oposición consciente ao teatro burgués e unha función claramente pedagóxica e política, centrada nas clases traballadoras. Unha concepción de teatro consciente de que a compoñente ética e a estética son inseparábeis:

La fe de Brecht reposa únicament en la confianza en l’home, no pas en tant que essència humana, sinó en tant que realitat histórica en moviment. De fet tota la seva obra i la seva projecció en tant que home de teatre anavem dirigidés a comunicar als

altres homes aquesta fe. Aquesta fe de Brecht é o fundamento de la súa ética, aló que fa que diante do espectador refusa toda posibilidade de estupidizalo. (...) Aquesta ética, en manifestarse, dá lugar a la súa estética (Salvat, 1966b: 144).

Salvat parte do Teatro Épico para crear a súa linguaxe artística, mais sendo consciente de que esta non debe permanecer estática ou encallada en dogmatismos, pois correría o risco de ficar varada e inútil: “No creo que sea un contrasentido seguir sendo brechtiano a los dieciseis años de la muerte del maestro, siempre que uno no se detenga en el momento de su defunción (...) Creo que hai que ir evolucionando, como Brecht lo hubiera hecho de haber vivido aún” (Isasi Angulo, 1974: 473). Pódense atopar moitas liñas en común entre as propostas de Piscator e Brecht e o traballo de Salvat, comezando pola feroz oposición ao teatro burgués, que xa temos comentado, ou o aprecio polo traballo colectivo, partindo da consideración de que o mostrado na escena nace do traballo colaborador de todos os participantes. O xogo escénico individual de cada actor acádase grazas ao traballo conxunto cos outros actores máis do que con esforzos solitarios, como nos indica o propio Salvat (1966b: 138). Este sentido comunal tamén aparece nas reflexións de Piscator, que consideraba a colectividade esencial para o teatro “Ninguna otra forma artística, excepto la arquitectura y la música de orquesta, se basa en la existencia de una comunidad igualitaria tan esencialmente como el teatro.” (Piscator, 2001: 210). Na entrevista no *Boletim de Teatro*, cando é preguntado sobre o traballo que pensa realizar en Coímbra, Salvat fala de CSE nos seguintes termos: “Estou a escribir este espectáculo com a colaboración de todos os elementos do CITAC, numa tentativa de teatro total e de trabalho autênticamente colectivo” (CITAC, 1969a: 50). As reservas que, chegado un determinado punto, provocou a idea do espectáculo en parte do grupo e que estivo a piques de fanar o proxecto son proba do carácter colectivo do traballo (Iglesias Mira, 2011: 57-58). A visión de Salvat (CITAC, 1969a: 49) dun teatro para unha única clase vén na liña da idea piscatoriana da unión do proletariado con diferentes artes, da cal tería resultado o Naturalismo na literatura e, no teatro, o seu traballo no *Volksbühne* de Berlín (Piscator, 2001: 64).

En relación aos estamentos sociais, Piscator afirmaba que os papeis estaban intimamente relacionados con estes, sendo que todo actor ou actriz tiña que sentirse representante dunha clase concreta (2000: 228-229). No final do prólogo de *Ronda de muerte en Sinera*, Salvat afirma: “Quedaban abiertamente definidos en el transcurso del espectáculo dos planos comunicables y opuestos: dos planos que eran plasmación visual de las fronteras de clase. Unos planos que la infancia y la muerte unían sólo por azar” (Salvat, 1974b: 23). Non temos modo de saber como resultou a preparación de CSE⁵⁹, mais conversas con Eugénia

59 Tal angueira implicaría un proceso de localización e entrevista ás persoas que participaron no proxecto, seguido dun tratamento distanciada e crítico das diferentes memorias presentadas, obxectivos que fican lonxe,

Vásques⁶⁰ sobre aquel traballo apuntaban cara unha separación dos actores en dous grupos sociais diferentes, segundo lle relataron integrantes no proxecto. O propio deseño de Seoane para o cartel do espectáculo (que contrapón a imaxe dunha nena tapada con mantas cun festín da alta sociedade, ver anexo 7.2) e certas fotografías dos ensaios (ver anexo 7.4), así como algúns textos do espectáculo (por exemplo o texto 2, seguindo a edición neste traballo presentada) semellan confirmar que, canto menos, nalgúns secuencias de CSE opera esa distinción como marca estética, técnica e ética.

Anteriormente xa temos indicado a importancia que os diferentes elementos escénicos tiñan para Salvat, quen sabía que a escenografía, as coreografías ou a música posuían o mesmo valor que o texto dramático. Atopamos as mesmas ideas en Brecht: “La actuación, la música, los elementos visuales del escenario, en breve, todo lo que la audiencia percibía, tenía que contribuir a contar la historia y a hacerla lúcida, convincente, entretenida y ‘elegante’ (...)” (Weber, 1998: 223). En CSE encontramos tamén un abundante uso das cancións, un dos recursos máis queridos e empregados polo teatro de Brecht (Rosenfeld, 1985: 161). O propio Piscator tamén considera como elementos iguais o traballo de actores, a construción, o texto ou a música (Piscator, 2001: 132). En relación á escenografía, a colaboración con artistas plásticos, o afastamento de escenarios realistas e a utilización da luz como un medio creador de espazos escénicos ten sido referida como outra característica que achega o teatro de Salvat ao de Piscator (García Ferrer e Rom, 1998: 92).

No relativo á estruturación do espectáculo, o teatro épico está caracterizado por ir alén da dramaturxia clásica e do seu desenvolvemento linear e progresivo da acción. Salvat afirma estar en sintonía con esta idea na súa entrevista para o CITAC: “Procuró conseguir una linguagem teatral que não precise da história contada, do argumento, um teatro em que se elimine a servidão ao argumento, no qual se conteste ou se ponha em questão a necessidade do argumento.” (CITAC, 1969a: 48-49). Xa anteriormente, coa montaxe de *Ronda de mort a Sinera*, Salvat anunciaba que, partindo da base do teatro de Brecht, formaba parte do grupo dos seus renovadores, desbordando os cánones do realismo épico para adaptar esta técnica á posta en escena do complexo universo espriano (Salvat, 1974b: 17). Na procura desa representación do mundo de Espriu, Salvat indica que “(...) los actores trabajaron, con una absoluta entrega, en el montaje, sin saber nunca, a ciencia cierta, qué parte del espectáculo estaban construyendo en aquel momento. Nuestro trabajo se me apareció entonces como semejante a los procedimientos de la creación cinematográfica, montaje a posteriori de unas tomas realizadas sin orden cronológico narrativo” (*ib.* 19-20). Outra técnica de representación

actualmente, das miñas posibilidades.

60 A doutora Eugénia Vásques, docente e coordina a Escola Superior de Teatro e Cinema en Lisboa, foi a presidenta do xurado que avaliou o meu traballo de mestrado.

destacada por Salvat para o traballo sobre Espriu é o *gestus* brechtiano, que o autor localiza xa en Lessing e que define como un conxunto de ademáns que non son complemento expreso da palabra mais que aportan algo á personaxe que a verbalización non pode expresar (Salvat, 1981: 74-ss). A consecución do atinado *gestus* da personaxe sería un dos principais obxectivos do traballo dos actores e Weber relaciónao coa posición social e a historia da personaxe (Weber, 1998: 223). De novo atopamos que os condicionamentos de clase son importantes á hora de traballar a creación das personaxes. Esta técnica brechtiana de interpretación non era allea a Salvat, pois os alumnos da EADAG, no seu segundo e terceiro ano, traballaban sobre Brecht, tras ter pasado a base de Stanislavsky do primeiro ano⁶¹. Salvat é moi explícito a respecto diso: “Brecht era el nostre nord” (García Ferrer e Rom, 1998: 37).

Porén, pese a ter moi claro que Brecht é a pedra sobre a que edificará o seu teatro xunto coa influencia de Piscator, Salvat sabe que ese Teatro Épico non pode ser un calco das teses do alemán as cales, por outra banda, non consideraba ríxidas e estáticas (Isasi Angulo, 1974: 473). Gran admirador deste tipo de teatro, é consciente que non debe ser copiado como un esquema inflexíbel que se aplica por moda mais si como un exemplo ao que as diferentes tradicións teatrais deben encamiñar os seus pasos. Chegar ao Teatro Épico polo camiño propio, da súa tradición nacional e sen realizar imitacións simplemente formais (Salvat, 1966b: 293). Algúns críticos culturais non teñen pasado por alto esta cuestión na avaliación e comentario dos espectáculos de Ricard Salvat, como comprobamos no artigo de Terenci Moix, asinado como Ramon Moix, publicado no número 83 da revista *Primer Acto* e que levaba por título “Barcelona. Temporada de la EADAG”:

Que Salvat escogiese para la presentación de la fórmula épica un pensamiento y una realidad catalanas, me parece otro de los grandes hallazgos de “Ronda” [RMS] al margen de sus cualidades intrínsecas en cuanto a espectáculo y busca de una forma total del mismo (*apud* Salvat, 1985: 15).

É por iso que Salvat afirma que o seu camiño consistiu en aplicar o aprendido do teatro brechtiano á situación concreta do contexto no que o seu teatro se insire. Concretamente, na etapa que estudamos, a entrevista co CITAC volve ser clarificadora: “Pessoalmente, procuro, a partir das coordenadas estético-sociais de Piscator e Brecht, nas quais me formei, ir evoluindo para um teatro mais amplo, procurando recriar as normas do teatro tradicional burguês, no qual, ja o disse, a nossa circunstância está imersa” (CITAC, 1969a: 48).

61 Para un maior coñecemento do traballo pedagóxico da EADAG, o traballo de Puig Taulé proporciona unha aproximación ao programa pedagóxico da escola en tres momentos diferentes da súa historia (Puig Taulé, 2007: 28-37).

No percorrido teatral de Salvat, nesta evolución e creación da linguaxe salvatiana, destaca, nun primeiro momento, a colaboración con Salvador Espriu. O traballo sobre o mundo deste escritor inicia-se con *La pell de brau* en 1960 e a colaboración vai ser especialmente intensa entre 1961 e 1966 (Corbella, 1999: 16) coincidindo cos primeiros tempos da EADAG. Este traballo resulta dunha tentativa de situar a Espriu como un autor catalán sobre o que erguer un teatro nacional, pois Cataluña carecía desa figura nun período tan importante para a súa construción cultural como era a posguerra e o franquismo. *La pell de brau*, así como as versións de *Primera història d'Esther* (1962), *Antígona* (1963) e *Gent de Sinera* (1963), que rematará desembocando en *RMS* (1965) conforman un “cicle literari mitopoètic dignificador i legitimador d’un poble i una identitat que així trobaven expressió revitalitzadora” (ib. 15). Paralelamente ao traballo coa EADAG, no que levan á escena pezas dos propios integrantes (*Mort d’home* ou *El desert dels dies*), clásicos (Shakespeare ou Lope de Vega) e autores máis contemporáneos (Pinter, Ionesco, Shaw, Pirandello...), Salvat vai conformando este traballo con Espriu, co que profundar na súa propia linguaxe escénica, que se sabía rompedora e allea con todo o que pairaba sobre os escenarios españois. Segundo nos indica Corbella:

La pell de brau havia estat l’obra veritablement pionera en l’inici d’un nou estil èpic i antidramàtic contraposat a la tradició conversacional i neodramàtica que dominava tot el teatre espanyol de postguerra (...) partir d’una posada en escena que per primer cop a la Catalunya de postguerra combinava l’antiga lírica coral amb els postulats èpics i distanciadors de la “vulgata” brechtiana (ib.).

Neste ciclo espriuano, Salvat quere achegar o teatro catalán aos grandes teatros europeos, co inicio dunha “via catalana” ao teatro épico, ao servizo tamén dun teatro de reivindicación nacional fortemente ancorado na cultura do seu país. O punto álxido deste ciclo, *RMS*, acadará un grande valor tanto a nivel de público como simbólico, conformándose unha das pezas estandarte do teatro catalán da posguerra, “la més destacada mostra del repertori de teatre català els anys de resistencialisme” (ib.) e chegando a exercer como embaixadora do teatro catalán, e en catalán, no Teatro Beatriz madrileño. Un traballo que trouxo consigo novidades e renovacións estéticas tomadas do Teatro Épico postas en función dunha revisión “dels orígens mítics, ancestrals i populares d’un poble sense institucións culturais representativas de las seva identitat històrica” (ib. 19). Existe unha finalidade nacional nese ciclo, mais non unha aberta e clara politización como ben indica Corbella (ib.) “(l)a raó fundamental de l’originalitat salvatiana en l’encreuament del món espriuà i l’estètica brechtiana: Salvat va defugir, en efecte, tot dogmatisme recusatori, tota actitud de ‘denúncia’ directa (...)”.

O seguinte “ciclo épico” de Salvat, seguindo a guía de Corbella, abandona o mundo mítico de Espriu para asentarse na historia dun xeito máis realista e documentado, utilizando

como pretexto, principalmente, a vida de Adrià Gual e Salvat-Papasseit, artistas cataláns de comezos do século XX. É un ciclo de maior duración temporal, xa que se inicia con *Adrià Gual i la seva època* (AGS) en 1966, dous anos antes da aventura portuguesa de Salvat e continúa con *Salvat-Papasseit i la seva època* (composta de dúas partes, actualmente a segunda aínda inédita) en 1976. A estas dúas aproximacións habería que sumarlle *Josep Andreu i la seva època* (1996) e o noso obxecto de estudo, CSE (1969). Complementan estes espectáculos os prólogos dramáticos e pedagóxicos que Salvat realiza para *El caballero de Olmedo* (1971) e a terceira versión de *Noche de guerra en el Museo del Prado* (1978) (*ib.* 21). Corbellá designa este ciclo como “histórico”, en contraposición ao “espriuano”, e destaca, no paso entre estes dous, a intensificación do carácter rupturista. Sen perder nunca de vista o seu obxectivo, erixirse como un gran director de escena e levar ao teatro catalán a un modelo propio, moderno e de calidade, o ciclo histórico preséntase como un avance na creación dunha linguaxe propia, arela perfectamente integrada no contexto da “cultura resistencialista” dos anos sesenta e setenta en Cataluña (*ib.*). Superando o modelo mítico-nacional, opta Salvat nesta segunda etapa por presentar unha aproximación a Cataluña moito máis contextualizada desde o punto de vista histórico e cunha maior aposta no valor pedagóxico. Se o ciclo espriuano é a conxunción dos mundos de Espriu e Brecht, encontramos nesta segunda fase, sen abandonar o alicerce do Teatro Épico e os seus recursos distanciadores e antidramáticos (*ib.*), grande influencia do teatro documento do dramaturgo alemán Erwin Piscator:

Su cometido [el del teatro] es engranar activamente en la marcha de los acontecimientos de su época. Y solo puede cumplir ese cometido mostrando la historia de su verdadero curso (...) no se reduce a presentar los acontecimientos históricos considerados en si mismos. Tendrá que sacar de esos acontecimientos enseñanzas para el presente, tendrá que precaver a nuestra época (...) e intentará, en la medida de sus fuerzas, intervenir de manera activa en la marcha del desenvolvimiento social (Piscator, 2001: 262-263).

Neste ciclo atopamos un desenvolvemento cronolóxico da acción, enmarcado na vida da personaxe cultural indicada no título, e con abundantes referencias históricas ao mundo da política, da cultura e da ciencia. Toma Salvat esta idea de Max Aub, concretamente da súa orixinal novela *Jusep Torres Campalans* (JTC). Conforma unha descrición histórica típica dos libros divulgativos sobre arte, á que o escritor francés chama “anais”. Neses anais preséntanse as principais noticias culturais e políticas de cada ano, unha especie de efemérides, conformando unha base intermitente que vai dotando ao espectáculo de unidade, caso especialmente visíbel no proxecto portugués⁶².

62 Recuperamos na nosa edición a denominación empregada por Max Aub.

Dentro deste ciclo histórico no que se integra, CSE presenta certas diferenzas que o caracterizan como espectáculo. Se este conxunto de proxectos destaca por unha percepción histórica catalanista, cunha clara finalidade nacional, e por unhas bases éticas sólidas (como o antibelicismo ou a denuncia social), en CSE Salvat fai pivotar o seu anticentralismo castelán cara unha perspectiva que podemos relacionar co iberismo, movemento que xa contaba con certa tradición na península. Esta idea dunha “Iberia cultural”, que integrase en igualdade os diferentes campos culturais nacionais que a conforman, acompañou a Salvat ao longo dos seus escritos, como xa referimos en páxinas anteriores ao falar do que el denominaba como “auténtico teatro español”. Partindo da base formal xa experimentada en AGS e coa que acadara un grande éxito, Salvat move o marco cultural, ampliando o foco para abranguer toda a península ibérica, cos seus diferentes pobos. Este carácter supranacional de CSE, coa integración plena dos diferentes campos culturais ibéricos (salvando o vasco, entendemos que por descoñecemento), é unha das características máis orixinais de CSE. Tamén destaca este proxecto por presentar un enfoque esquerdista máis explícito e desafiante, como podemos comprobar no texto dramático que presentamos, destacando especialmente o explícito ataque ao militarismo que encerra CSE nun contexto, o portugués, onde a guerra colonial se erixía coma o grande tabú.

É esta a situación teatral de Salvat que enfrontamos ao encarar CSE e o traballo co CITAC en Coímbra. Un autor consciente do seu camiño de investigación, que acadou o éxito en Cataluña coas súas experiencias escénicas arredor do mundo espriuano e que, nun segundo paso no seu vieiro artístico, vai iniciando e profundando na súa vía ao Teatro Épico, optando por unha aproximación máis histórica e didáctica, con espectáculos como AGS. Partindo do modelo deste espectáculo, Salvat móstrase en CSE menos contido en relación a determinadas posicións contestatarias, moi probabelmente contaxiado polo contexto político que envolvía ao movemento estudantil en Coímbra. Salvat tamén aproveita CSE para realizar unha defensa da periferia fronte ao centralismo cultural, presentando un espectáculo que, no canto dun enfoque catalán como viña sendo habitual nel, aposta pola xunción dos diferentes campos culturais ibéricos, como veremos a seguir no tratamento do texto dramático de CSE.

3.3. A Censura e Castelao e a sua época.

“A supressão forçada, necessária, de certas liberdades, de certos direitos humanos, tem de ser coroada através da alegria, do entusiasmo, da fé”

(Antonio Ferro, “O Ditador e a multidão”, in *Diário de Notícias* 31 de outubro de 1932).

“Salazar não podia gostar de teatro: Ele, que detestava a multidão, desconfiava desta arte potencialmente capaz de juntar gente”

(Santos, 2004: 38).

A censura, xunto coa propaganda, foron ferramentas de uso habitual para a ditadura portuguesa. O réxime que quere ser forte ten que manter o control do pobo que goberna, e este control non debe estar referido só á acción dos cidadáns, sendo preciso tamén un control do imaxinario. O Estado Novo, empeñado en que Portugal transitase seguindo a tripla directriz “Deus, Pátria, Família”, precisaba modelar e educar ao pobo, inculcándolle unha serie de ideas políticas, morais, sociais ou estéticas, entre outras. Para acadar ese control total, necesitaba construír unha imaxe específica do propio país. A construción desta imaxe foi realizada mediante os servizos de propaganda, que crearon unha narrativa concreta sobre Portugal. Mais ao mesmo tempo, o réxime tiña que eliminar as narrativas que fosen discordantes, especialmente no caso destas seren máis axustadas á realidade do que o discurso oficial. O aparello do Estado Novo creou unha serie de institucións que interviñeron na vida do país dun modo transversal e case omnipresente. Exemplos disto foron a Policía Internacional e de Defensa do Estado (PIDE, 1945), a Mocidade Portuguesa (MP, 1936) ou a Federação Nacional para a Alegria no Trabalho (FNAT, 1935) así como o Secretariado da Propaganda Nacional (SPN, 1933), renomeado posteriormente como Secretariado Nacional de Informação (SNI, 1943). Estes últimos órganos foron os encargados de divulgar o ideario do Estado Novo e, ao mesmo tempo, degallar as narrativas discordantes (visións, ideas políticas, estéticas ou informacións) a través da acción da censura. Ningunha expresión artística era permitida sen o visto bo do estado e a prensa só podía ser publicada sen o seu correspondente selo de “Visado pela Comissão de Censura”. Nas seguintes páxinas abordaremos a relación creada entre a ditadura e o teatro, unha relación que se desenvolveu a través das liñas que marcaba o primeiro por vía da censura.

O Estado Novo desenvolveu un especial coidado no control de dous eidos tendentes a colidir coas súas visións propagandísticas: o xornalismo e a arte. Ambos conforman campos de batalla de capital importancia estratéxica para a imposición da visión do país, debido á cantidade de público á que poden chegar. O control do xornalismo e a arte é conscientemente nocivo pois, como afirmou o propio Oliveira Salazar nunha célebre declaración durante a fundación do SNI: “Politicamente, só existe aquilo que o público sabe que existe”. Ao longo do seu percorrido (de 1933 a 1974), o Estado Novo crea un inxente número de textos legais que regulan a censura e o control desas actividades⁶³. Xa desde os inicios do Estado Novo, encontramos que a censura ten un importante lugar na vida do país. Así, a Constitución de 1933 indica:

Art. 20º — A opinião pública é o elemento fundamental da política e administração do País, incumbindo ao Estado defendê-la de todos os factores que a desorientem contra a verdade, a justiça, a boa administração e o bem comum (Cabrera, 2008).

⁶³ O clarificador traballo de Cabrera (2008, 2013) ofrece un resumo dos principais textos legais que o Estado Novo redactou en relación á censura.

O decreto lei 22469 de 11 de abril de 1933 describe a finalidade da censura:

Art. 3º — A censura terá sòmente por fim impedir a perversão da opinião pública na sua función de fôrça social e deverá ser exercida por forma a defendê-la de todos os factores que a desorientem contra a verdade, a justiça, a moral, a boa administración e o bem comum, e a evitar que sejam atacados os princípios fundamentais da organización da sociedade (ib.).

En relación ao teatro, encontramos que o celo do goberno é anterior á creación do Estado Novo, pois en 1927, durante a súa precursora ditadura militar, foi creada a Inspeção Geral dos Teatros, a quen “competia reprimir quaisquer aspectos que fossem ofensivos ‘à lei, à moral e aos bons costumes’ e por isso tinham poderes para ordenar a suspensión de espectáculos” (ib. 33). O Estado Novo non mudou as prácticas e a Inspeção Geral de Espectáculos operou de forma estábel ao longo das catro décadas de duración do réxime, adscrita a diferentes ministerios e secretariados. Os espectáculos eran examinados pola Comissão de Censura ou, desde 1957, pola Comissão de Exame e Classificação de Espectáculos. Pretendía o estado, deste xeito, exercer un control sobre unha expresión artística, a teatral, que supón un contacto especial, por definición directo, cos espectadores. En palabras de Manuela de Freitas (2009): “Um espectáculo de teatro é um ritual integrador de todos os presentes numa corrente que une as entidades separadas num único corpo vivo”. Esa comunicación especial con quen assiste é unha óptima ferramenta de crítica social e política, como demostra o traballo de tantos grandes dramaturgos ao longo da historia. O propio Salvat afirmaba, seguindo os pensamentos de Piscator, que “el teatro era un escenario donde se podía reflexionar sobre el devenir histórico y en donde se podía ayudar a mejorar el mundo” (Isasi Angulo, 1974: 469). Plenamente consciente disto, o Estado Novo pretendía marcar unha serie de liñas polas que deberían transitar as realizacións artísticas.

(...) para serem bem vistas pelo Estado Novo, as formas artísticas estarão proibidas de se debruçarem demasiado sobre a realidade social do país que deverá sempre ser apresentado como sendo um universo harmonioso e alegre. Quando os serviços de propaganda não conseguirem ser suficientemente convincentes, entram em acção os serviços de censura para proibirem olhares não conformes com os ideais do regime (Santos, 2008: 62).

Calquera proxecto que se pretendese levar a escena debía pasar polo escrupuloso obstáculo da censura previa. O control ás pezas de teatro realizábase en tres etapas: nun primeiro momento, o texto dramático era enviado á Inspeção de Espectáculos, xunto co pagamento das correspondentes taxas. Unha vez recibido, os censores lían e realizaban marcas no texto

cun hoxe en día simbólico lapis de cor azul. Finalizado ese traballo, a comisión decidía se se aprobaba a súa posta en escena integramente, se era aprobaba con cortes e modificacións ou se era desaprobada. No último caso, a representación quedaba prohibida no territorio nacional, isto é Portugal e colonias. Nos casos nos que o texto tivese sido aprobado, aínda habería que realizar un segundo control: o ensaio previo. Neste, os censores encargados de examinar o texto asistían a un ensaio xeral antes da estrea e ditaminaban se a representación era correcta e se as modificacións foran efectivamente realizadas. Para alén destas dúas fiscalizacións, o inspector xeral da censura e os seus delegados podían asistir a calquera peza, armados, para a súa avaliación (Cabrera, 2008: 36).

En setembro de 1968 hai unha mudanza na dirección do Estado Novo, ascendendo Marcelo Caetano á presidencia do consello de ministros e iniciando unha etapa á que se deu en chamar período marcelista. As análises históricas, por exemplo as realizadas por Rosas e Oliveira (2004), coinciden en diferenciar dous momentos diferentes dentro do marcelismo, unha primeira fase aperturista e de abrandamento que abranguería do ano 1968 ao 1970 e que recibiría o propagandístico nome de “primavera marcelista” e unha segunda etapa que duraría até a caída do réxime en 1974 na que se produce un recrutamento do autoritarismo. A permisión de eleccións dentro da Associação Académica de Coimbra entra dentro dese relaxamento co que Marcelo Caetano iniciaba o seu camiño ao leme do Estado Novo. No relativo á censura, existiron tentativas de presión por parte de sectores artísticos e xornalísticos (Cabrera, 2008), e unha das medidas dos primeiros tempos do marcelismo foi a extinción do SNI e a súa reconversión na Secretaria de Estado de Informação e Turismo (1968), se ben que o propio Presidente defendía a persistencia da censura por mor da guerra colonial. Observando a comparación que Cabrera (*ib.* 40-ss) realiza das estatísticas en relación á censura encontramos que hai un lixeiro descenso nos textos dramáticos que, tras pasar polo exame do censor, son prohibidos, o que podería ser tamén mostra dese abrandamento na acción censora do estado. Das 29 obras prohibidas en 1967 (o 10,7% do total de pezas presentadas) ou as 27 de 1968 (13,1%) pasamos a 14 en 1969, representando o 7,3% e entre elas, como ben sabemos, *Castelao e a sua época* do CITAC.

En relación co teatro universitario, encontramos un estudo no libro de Oliveira Barata (2009) no que pon de manifesto que o teatro universitario recibiu, desde o final da década dos 50, unha atenta vixilancia por parte dos servizos da censura, como consecuencia do crecente compromiso político no traballo dos estudantes (*ib.* 321) e os seus elos co movemento estudantil. Analizando os datos que aporta o estudo, podemos comprobar como durante o curso 1968/1969 foron presentadas á censura 11 pezas de teatro universitario, sendo unicamente desautorizadas *O respiradouro*, de Schwarzlein, do Grupo Cénico da Faculdade de Direito de Lisboa e CSE, do CITAC. Das restantes, só tres foron aprobadas con cortes e

as outras resultaron aprobadas sen ningunha modificación. Tendo en conta que a expulsión de Ricard Salvat foi, como xa vimos, coincidente coa de Luis de Lima (quen dirixía o outro gran grupo universitario de Coímbra, o TEUC), non podemos deixar de comparar o tratamento que a censura dá aos textos dramáticos dos espectáculos que presentaban ambos grupos nese momento. O TEUC tiña en escena *A ilha dos escravos*, de Pierre de Marivaux, cun texto adaptado aos referentes da época (por exemplo, o nome Ificrates foi mudado por Okassis, nome semellante ao do célebre multimillonario Aristóteles Onassis). A censura permitiu a representación da peza, sen indicar que fosen necesarias modificacións no texto dramático, polo que esta foi levada á escena no Teatro Avenida durante o XI Ciclo de Teatro do CITAC, nos días 9 e 10 de abril. Porén, encontrou dificultades á hora de realizar posteriores presentacións, pois os organizadores nunca conseguían as licenzas precisas para as representacións (*ib.* 318-ss). Esta contrariedade administrativa sumouse ao decorrer da crise académica e ás súas posteriores represalias sobre o movemento estudantil, do que formaban parte moitos integrantes das seccións culturais da AAC. Os grupos de teatro, que xa sufriran a expulsión dos seus directores, reciben unha segunda sacudida: a expulsión e integración forzada ao servizo militar de parte dos seus integrantes e directivos. Dentro destes dous grupos de teatro encontramos os seguintes nomes entre as listas de estudantes represaliados (*ib.* 208). Polo CITAC: João Rodrigues, Joaquim Brandão, Pedro Mendes de Abreu, Agostinho Passanha Gonçalves, Fernando Ribeiro Cunha, Joaquim Pais Brito e José Baldaia. Polo TEUC: José Barata, Redondo Lopes e Pires de Carvalho.

En relación ao caso concreto da avaliación do texto dramático de CSE polos servizos da censura, a documentación referida encóntrase nos arquivos da PIDE, na lisboeta Torre do Tombo. Esta documentación inclúe a correspondencia entre grupo e censura, envío para avaliación e posterior tentativa de negociación ante a prohibición do mesmo, así como un texto dramático que contén as marcas do traballo do censor. Pasaremos agora a analizar a carpeta dos arquivos da PIDE/DGS, SNI que leva o número de Proceso 1/8868 e o título *Castelao e a sua época*.

A correspondencia ente grupo e censura⁶⁴ está iniciada por unha carta que asina Maria Isabel Pinto como Vice-Presidente do CITAC e que foi enviada o día 3 de abril de 1969, sendo que o selo da Dirección dos Servizos de Espectáculos marca a súa entrada no día 9 de abril de 1969⁶⁵. Na carta, dirixida ao Director Geral da Comissão de Censura, o CITAC pedía, seguindo os trámites oficiais, a valoración da peza *Castelao e a sua época*, que presentaba como sendo:

64 Que incluímos en anexo no apartado 7.1.

65 A situación temporal do proceso é importante vista a pouca marxe de tempo coa que se rematará por solucionar a cuestión do espectáculo.

(...) uma montagem de textos dos seguintes autores: Alfonso Castelao, Padre Matín Sarmiento, Rosalía de Castro, André Breton, Manuel da Fonseca, Teixeira de Pascoais, António Oliveira Salazar, António Sérgio, Manuel Maria, Santiago Rusiñol, Emília Pardo-Bazán, Alexandre Herculano, Oliveira Martins, Curros Henriquez, Garcia Lorca, José Gomes Ferreira, Eugénio d'Ors, Alberto Míguez, Rodrigues Lapa, Jaime Cortesão, Frei Marcos da Portela, Salvador Espriu, Ramon Sender, Almada Negreiros, Cardeal Gonçalves Cerejeira, Adriá Gual, Soeiro Pereira Gomes, Mário Sacramento, Joan Maragall, Ramón Ferrer, Mário Dionísio, Xesús Alonso Montero, John dos Passos, António Machado. A montagem dos textos foi feita por Ricard Salvat com colaboração do CITAC (PIDE/DGS SNI 1/8868).

No documento tamén indican que se envían tres exemplares da obra e un selo fiscal de cinco escudos, pedindo que a avaliación fose resolta no máis curto espazo de tempo. Unha anotación manuscrita comenta “ [n]ão recebi o selo de 5#00”, mais comprobamos como máis adiante, na primeira páxina do texto dramático, aparece o citado selo de pagamento.

Os seguintes documentos da correspondencia correspóndense coa avaliación da Comissão de Exame e Classificação dos Espectáculos. No primeiro, asinado por cinco persoas, indícase o número de rexistro (8868), o nome do grupo e da peza e a valoración, con data do 15 de abril, de que “É de reprovar, como se reprova”. Con data do 17 de abril, outro documento da Direcção-Geral da Cultura Popular e Espectáculos, dentro da Secretaria de Estado da Informação e Turismo, no oficio 442/69, envía a seguinte mensaxe ao Delegado da Direcção dos Serviços de Espectáculos de Coímbra:

A fim de ser entregue aos interessados, junto envio a V. Ex^a um exemplar da peça “CASTELAO E A SUA ÉPOCA”, que foi apresentada nesta Direcção de Serviços pelo CITAC e que a Comissão de Exame e Classificação dos Espectáculos reprovou pelo que a mesma não pode ser representada em Portugal Continental e Ilhas Adjacentes (PIDE/DGS SNI 1/8868).

A comunicación co grupo debeu ser inmediata, pois no día seguinte é redactada unha carta, novamente asinada por Maria Isabel Pinto como Vice-Presidente do CITAC, á atención do Director Geral dos Serviços de Inspeção dos Espectáculos e que dá entrada no mesmo día co número de rexistro 9843. Nesta segunda carta, o grupo pide a reconsideración da cualificación da peza en base a unha alegación claramente exposta e que implica razóns literarias, económicas e mesmo políticas. Nun inicio, o grupo mostra a súa sorpresa pola prohibición da peza, aducindo que os textos pertencen a un espazo de tempo que vai de finais do século XIX a principios do XX. Aclaran tamén que dous terzos da peza (que inclúen a

parte que se refire a España) foron presentados en Barcelona e Madrid, en catalán e castelán, sen que houbera daquela problema algún coa censura franquista. Sinalan que ese espectáculo obtivo o premio á mellor posta en escena no Festival de Teatro Latino de Barcelona e que foi presentado en Madrid, no teatro María Guerrero, por convite do Ministro de Educación Manuel Fraga Iribarne. Trátase, obviamente, dunha confusión, pois este desempeñou, entre outros, o cargo de Ministro de Información e Turismo durante a ditadura franquista e non o de Educación. Outra imprecisión da carta do CITAC é a concesión a AGS, pois é deste espectáculo do que nace a parte que describe a carta, dun “primeiro premio” no Festival de Teatro Latino, pois foi *Ronda de mort a Sinera*, tamén de Salvat, a que acadou un marcado éxito no festival. No relativo ao terzo da peza restante, aluden que tratan sobre feitos importantes da historia portuguesa, sobre todo no aspecto cultural, citando Saudosismo ou Futurismo, que quedaban ilustrados con textos de, neses casos, Teixeira de Pascoaes e Almada Negreiros.

Chama a atención a carta para o feito de que a preparación do proxecto tiña custado moito esforzo ao grupo, que prescindira das súas vacacións de Semana Santa e que xa tiña realizado considerábeis achegas económicas. Se o grupo se vise impedido de representar o seu espectáculo, non tería maneira de recuperar os gastos e iso resultaría un duro golpe. Por outra banda, indica que sería a primeira vez en once anos que o CITAC non presentase nada no seu propio ciclo de teatro, o que causaría estrañeza no medio teatral. Argumenta tamén que o feito de que un director coa sona de Salvat pasase un ano a traballar en Portugal sen presentar finalmente ningún traballo ao público podería ter repercusión internacional, danando a imaxe do país.

Despois destas argumentacións, o CITAC presenta unha solución de urxencia: que a peza sexa autorizada para a súa estrea, cos cortes que a censura indique no texto, durante o ciclo de teatro, nos días 23 e 24 de abril. Posteriormente, o grupo presentaría outra versión da obra, máis do agrado da censura, para novas representacións, xa que tiñan preparada unha xira polo interior do país durante o mes de agosto. Como indica Salvat posteriormente, CSE pretendía ser explotado nun circuito máis ou menos comercial (Isasi Angulo, 1974: 482).

A resposta, interna, é emitida no día 21, nunha nota manuscrita da Secretaria de Estado da Información e Turismo na que se indica que se mantén a decisión da comisión. A nota contén tamén unha indicación para o CITAC no caso de que este non estea de acordo, mais resulta pouco lexíbel⁶⁶. Ese documento interno vese transcrito na nota oficial que foi enviada ao Presidente da Dirección do “Círculo de Iniciação Teatral” (*sic*), onde se informa

66 Podemos sospeitar, vendo a posterior nota enviada ao CITAC, que a indicación remite ao grupo aos canais habituais para as reclamacións deste tipo.

que a peza continúa estando desautorizada e que o grupo ten a posibilidade de interpor un recurso dirixido ao Presidente da Comisión de Exame e Clasificación de Espectáculos. Esta comunicación é emitida no día 23 de abril, suposta estrea de CSE e o día no que Salvat foi detido e posto pola PIDE na fronteira con España. Este será o derradeiro documento na correspondencia entre censura e grupo con motivo de CSE.

Aínda que o aflorar da crise académica non teña influencia na avaliación inicial de CSE (se temos en conta que a tensión, que viña en aumento, rebenta o 17 de abril coa inauguración do edificio das matemáticas comprobaremos como a censura emite a súa resposta dous días antes), non é arriscado pensar que o clima de evidente enfrontamento creado na universidade de Coímbra entre estudantes e autoridades é esencial para entender o discorrer dos eventos seguintes. Unha vez enviada a carta na que propoñen unha solución de urxencia, Salvat e dous participantes en CSE (José Niza e Isabel Pinto) deciden viaxar até Lisboa para tentar desbloquear a estrea, moi probablemente a través da figura de Caetano de Carvalho, contacto do CITAC dentro da censura (Iglesias Mira, 2011: 91). Non conseguiron ser recibidos por ninguén, polo que ao día seguinte retornaron a Coímbra ignorantes de que o día anterior a censura decidira manterse na súa avaliación. Esta viaxe á capital impediu que Salvat asistise á histórica asemblea magna da AAC na que se declarou o loito académico pola expulsión preventiva da universidade de oito dirixentes do movemento académico. A comunidade estudantil deixaba claro que ía plantar batalla, chamando a un paro das aulas e marcando un punto de non retorno na crise académica. Esa mesma madrugada, os directores Luis de Lima e Ricard Salvat serán presos e expulsados do país.

Na mesma carpeta da Torre do Tombo encontramos unha copia do texto enviado á censura, prologada por unha nota manuscrita con data de 17 de abril de difícil lectura. Este texto está composto por 187 páxinas e nel observamos as marcas do famoso “lápiz azul” dos censores. Como xa indicamos noutra parte da investigación, o documento, que identificamos como CSE-L, consta de 143 textos autónomos nos que encontramos 38 marcas do censor, que organizamos en tres categorías diferentes: Signos de interrogación, e riscos que tallan, directamente, texto. Neste último caso, diferenciamos entre os textos que teñen fragmentos marcados e os que son riscados na súa totalidade. Os fragmentos riscados son de delimitación evidente mais o mesmo non acontece cos signos de interrogación, que poden estar referidos a unha frase, varias, un parágrafo ou mesmo un texto enteiro⁶⁷. A nosa edición, en base ao coñecemento do texto enteiro e das restantes marcas que nel aparecen, tenta deducir os límites do fragmento marcado e é sobre esa hipótese sobre a que se constrúe a súa descrición.

67 Se ben esta última posibilidade, polo tipo de marcas e porque hai textos que presentan varios signos de interrogación, semella menos probábel.

Ao longo da investigación, iniciada coa tese de mestrado defendida na Universidade do Algarve en 2011, aportamos datos diferentes dos que manexamos agora. O exame de variantes como o documento de Barcelona (CSE-B) demostrou que non todas as marcas que aparecen en CSE-L son da man do censor. Nunha inicial lectura, que agora se demostra errónea, englobamos nunha mesma categoría marcas da censura e marcas internas do propio grupo. Comparadas as dúas versións do texto (CSE-B contén as marcas do grupo pero non as da censura), puidemos chegar a uns díxitos máis correctos e agardamos que definitivos⁶⁸. O documento, por tanto, contén 38 textos marcados polo lapis azul, preto dun 27% do total dos que compoñen CSE. Deses textos, 12 aparecen riscados completamente, mentres que os restantes se reparten en 11 con fragmentos censurados e 16 con signos de interrogación. Entre os autores que sofren a censura, destaca a figura de Castelao que, sendo o autor máis utilizado en CSE é tamén o máis censurado, tanto parcial como totalmente ou con interrogacións. Lamas Carvajal tamén é completamente censurado, e Curros Enríquez recibe signos de interrogación. Os textos orixinais de Unamuno e Joan Maragall son completamente riscados e o mesmo acontece cos portugueses Mário Sacramento e Almada Negreiros. Para unha mellor comprensión dos motivos da censura, pasamos a indicar os textos e os fragmentos marcados, organizando esta análise por tipo de marca: signos de interrogación, riscado parcial e riscado total de texto.

a) Signos de interrogación

O primeiro texto que recibe as marcas do censor é o poema de Curros Enríquez “A emigración” (texto 10⁶⁹), onde a censura marca con interrogante as seguintes estrofas: “Dir-vos-á que é pouco quanto ganha/ prós cofres do senhor e prós do rei/ faz um mês que não comem comida quente / os filhos e a mulher!” e “O rio tem um leito/ perfumado de rosas e de cravos/ também tinha outro o povo; mas... venderam-lho/ e agora não o tem”. Comprobamos que as referencias aos impostos que soportaban os labregos e á indefensión do pobo non pasaron inadvertidas polos servizos da censura.

Encontramos marcas de interrogación en diferentes textos pertencentes ao ensaio político *Sempre en Galiza* (SEG), de Castelao. Así, no texto 19, é resaltada a seguinte frase “é mellor ser escravo da terra do que ser escravo do detentor da terra”. No texto 102, as interrogacións abarcan un texto de maior lonxitude:

68 Infelizmente, no decorrer da investigación, apareceron diferentes artigos que corriximos agora, como é o caso de Iglesias Mira (2014, 2014b).

69 A numeración dos textos corresponde á nosa edición, presentada no capítulo 3.

Estes são os que me dizem: —Eu não sinto necessidade de falar galego. —Porque essa necessidade não se sente no bandulho. —Eu sinto-me bem onde possa viver desafogadamente. —Porque levam a pátria na sola dos sapatos. —Eu não creio em ninguém. —Porque tão pouco crêem em si próprios. —Eu renego a política. —Porque sabem que a política traz desgostos.

O texto 104 contém até quatro signos de interrogación, abarcando estes case toda a totalidade do texto:

Sou de uma terra onde os camponeses não foram capazes de suportar o despotismo senhorial e mais de uma vez, desde há centenas de anos, fizeram revoluções sangrentas. Desses tempos extintos restam ainda alguns foros; porém esta carga vai-se aligeirando à custa de rebeliões surdas. É certo que desapareceu o “senhor das terras”, porém foi substituído por muitos patrões associados que fazem chegar até à Galiza a divisão da miséria central.

Vejo a minha terra dividida em pequenos pedaços de propriedade e em cada pedaço uma casa cheia de gente. Há fome nos lares, e a miséria dos minifúndios vai invadindo as almas dos camponeses; no entanto estes seguem endurecidos no afã de trabalhar e prosseguir. Pelos cumes dos montes incultos sobem os pinheiros como se fossem dedos astutos de um ladrão.

A minha terra devia ser um paraíso nesta Espanha castrada. Ali devia criar-se uma verdadeira democracia republicana e cristã, mas a cabeça dos governantes está congestionada de tanto pensar na Andaluzia, Castela e Estremadura... e não lhes resta tempo para pensar nos trabalhadores da Galiza. Apesar de tudo, a minha terra está em condições de salvar-se porque conta com uma personalidade indiscutível e quer exteriorizá-la numa forma de cultura e de leis públicas, e um dia virá em que se governe por si mesma. Então as realidades do nosso tempo serão recordações acalentadoras.

Tamén de Castela, o fragmento de *Cousas* que se inicia con “Se eu fosse autor de teatro escreveria uma peça em dois actos” (texto 98) recibe interrogacións que abarcan o texto por completo. Encontramos tamén un par de poesías portuguesas que reciben estas marcas como son “O cedro de Guernica”, de Álvaro Feijó, ou o texto de Reinaldo Ferreira que comeza “A que morreu às portas de Madrid” (textos 119 e 120). Nos dous casos encontramos referencias á guerra civil española, se ben o segundo poema pode conter, como veremos máis adiante, outros temas incómodos para a censura.

Textos de carácter teórico son destacados polo lapis azul, como os textos 124, 125 e 127, onde aparecen os seguintes fragmentos marcados con interrogante:

Outro conjunto importante de influências relaciona-se com as vicissitudes de Espanha (queda da ditadura de Rivera em 1930, República em 33, Guerra Civil em 36/39) e a tensão interna da França, pressionada por uma Europa Central e Meridional quase toda sob regimes fascistas e cuja capital (Paris continuava a ser o quase exclusivo foco dos interesses literários portugueses) concentrava e traduzia um notabilíssimo conjunto de escritores europeus refugiados (Silone, Moravia, Anna Seghers, Brecht, etc.) (texto 124, CSE-L).

Tamén é o caso das reflexións sobre *Esteiros*, de Soeiro Pereira Gomes, onde se narran os padecementos dos adolescentes empregados no Ribatejo.

Assim, apenas assim, espontaneamente, da inquietação, da generosidade e da ingenuidade (de fecunda, exaltante, fraternal ingenuidade) desses tantos jovens que foram ao encontro uns dos outros pelo seu pé, irresistivelmente movidos por um mesmo espírito de recusa, uma mesma esperança no homem (...) O neo-realismo era a única expressão possível de ideários cuja revalorização pressupunha uma transformação social e política, e nela se empenhavam (texto 127, CSE-L).

Como comprobamos, as referencias ás bases sociais do neorrealismo son tomadas polo censor como perigosas. Dentro do exemplo do neorrealismo, o texto *Estrada do meu destino*, de Soeiro Pereira Gomes (texto 128), aparece enmarcado por múltiples signos de interrogación. Igual pegada é a do texto 75 “O sinal do pai contra o sinal do proletariado” e a do texto 105 sobre a União Nacional: “Associação sem carácter de partido, independente do Estado, destinada a assegurar na ordem cívica, pela colaboração dos seus filiados, sem distinção de escola política ou de confissão religiosa, a realização e a defesa dos princípios consignados nestes estatutos”, que semellan claramente orixinadas por reticencias políticas.

É curioso comprobar como a relación entre Galicia e Portugal é branco da cautela do censor, como observamos nos textos 70, “Eis reflectida na emoção do poeta de Amarante o dualismo metafísico que caracteriza a sensibilidade de portugueses e galegos”, e 140, “A Galiza e Portugal perdem nele uma das mais perfeitas e genuínas expressões da sua alma comum. Flor do espírito tão alta e pura, não podia vingar em plena tempestade de violência. O seu destino, que era o de unir fraternalmente, malogrou-se na Terra e na Era de Caim”.

b) Riscado de fragmentos

Pasemos agora ao segundo tipo de marca, o riscado parcial dun texto, que indica unha maior transgresión dos límites establecidos pola censura.

A selección de cantigas populares galegas aportada por Xesús Alonso Montero recibe o sinal da censura, nos dous momentos nos que aparecen en CSE (textos 15 e 18). Seis cantigas aparecen riscadas, posibelmente polas mesmas razóns: eran textos populares que criticaban á igrexa católica ou falaban das clases populares e as guerras. Os fragmentos riscados son os seguintes: “As igrejas são conventos/ e os padres comerciantes/ e ao toque (repicar) dos sinos/ correm os ignorantes”, “Preguiçosos do convento/ aprendei a traballar/ que o pão do kirieleison/ não há-de sempre durar”, “Agora vou prá soldado/ maldita seja esta lei/ o melhor da mocidade/ vai-se-me servindo o rei”, “Pássaro que deixou o ninho/ navio que vai para o mar/ soldado que vai à guerra/ Deus sabe se irão voltar”, “Vamos indo, vamos indo/ para o serviço do rei/ os ricos ficam em casa/ mas, eu, que sou pobre, irei” e “Se a morte fosse interesseira/ ai do pobre o que seria?/ O rico comprava a morte/ só o pobre é que morria”.

O mesmo motivo de censura parece que se agocha tras o riscado do texto 73, unha tradución dun fragmento de AGS, referente á guerra: “Vou então fazer a guerra/ os do governo mandam./ Como não tenho um centavo/ não posso livrar-me disso./ Os ricos ficam em casa,/ os pobres vão pr’os canhões”. Máis adiante veremos como a cuestión da guerra, durante o Estado Novo, era un dos temas sensíbeis para os servizos de censura.

No texto 26, unha introdución ao *Catecismo do Labrego* de Lamas Carvajal baixo o pseudónimo de Frei Marcos da Portela, encontramos que a descrición dos inimigos do labrego non escapa ao ollo e ao lapis do censor:

Segundo o Camponês, os seus inimigos são os seguintes: a) As contribuições sempre exorbitantes. b) O serviço militar, do qual, em regra, os ricos se livram. c) Os que governam, desde os nove ministros de Madrid, aos governantes de aldeia. d) A falta de escolas. e) Os usurários, de cujas garras e embustes não se pode fugir. f) Os profissionais de ética duvidosa e interesseira (advogados, médicos...).

No referente á historia de Portugal, hai varios fragmentos que aparecen marcados. Así, no texto 67 e en relación á proclamación da república en 1910, “Cidadãos: O Povo, o Exército e a Armada acabam de proclamar a República. A dinastia de Bragança, maléfica e perturbadora consciente da paz social acaba de ser para sempre proscrita do nosso País”; no texto 99, destácase a seguinte noticia: “Manejos revolucionários: foi há dias descoberta no Algarve,

devido ao aparecemento de dois cadáveres horribilmente mutilados por una explosão de bombas, una vasta conspiración ao que parece de carácter democrático” e, no texto 135, dúas declaracións de senllas figuras fundamentais do Estado Novo como son o cardeal e patriarca de Lisboa Manuel Gonçalves Cerejeira, “Todo o totalitarismo nega a misión e a liberdade da Igrexa e sacrifica os dereitos da persoa no altar do Estado, da clase ou da multidão” ou o propio AntóniO Oliveira Salazar, “O País non suporta ditaduras violentas nem pode progredir em regime de partidos. Torna-se necessário fazer regressar a organização corporativa, com a possível urgência, às funções para que foi criada, e, quando isso se realizar, desaparecerá a maioria das queixas”. Estes dous nomes da lista de autores, que non deberían espertar en principio ningún receo nos censores, escondían duras críticas ao réxime portugués.

A política peninsular e a configuración ibérica tamén foron obxectivo do celo do censor, como comprobamos nos seguintes fragmentos riscados: “Eu acredito numa Confederação Ibérica, numa Republica Federada com autonomia para todos os seus povos, respeitando todas as liberdades políticas e as idiosincrasias nacionais. Até chego a pensar que a Galiza pode ser o ponto de partida para o diálogo que poderá levar a essa tão desejada União entre Portugal e Espanha” (texto 41), “1901. De 17 a 19 de Janeiro reúne-se em Vigo o I Congresso Operário Internacional galaico-português. É aprovado no II Congresso Operário galaico-português o regulamento da constituição da União Operária galaico-portuguesa” (texto 56) e “A Saudade, eis o sentimento que abrange Portugal e Galiza numa só identidade” (texto 68). Resulta curioso encontrar pequenas modificacións, como as do texto 126, que fala do neorrealismo e onde as palabras “ibéricos” e “portugueses” son eliminadas do seguinte fragmento, ocultando a colaboración entre escritores dos dous países:

Por isso, sempre pensei, já na diáspora, que essas lições seriam seguidas pelos jovens intelectuais ibéricos, que acabariam por compreender que o único caminho era porem-se ao serviço do povo, ajudando-o a historizar-se. E foi com grande alegria que eu recebi em Buenos Aires, quando dirigia a revista Galeuzca, os livros dos jovens escritores portugueses, catalães, castelhanos e bascos, que os meus amigos me enviavam, e vi que todos eles começavam a encarar a atitude neo-realista como a única possível.

c) Riscado total

Para finalizar a nosa análise, trataremos os textos que son censurados na súa totalidade. Son 12 textos, 11 se temos en conta que dous deles teñen a mesma orixe, o *Catecismo do Labrego*. En relación á temática dos textos censurados, pensamos que poden ser agrupados do seguinte modo: por consideracións de carácter político e orientacións esquerdistas, temos

o xa citado *Catecismo* (textos 27 e 31); o poema de Joan Maragall “La Sirena” (texto 21), que trata sobre a vida dos proletarios; un texto que combina un fragmento de SEG onde se compara ricos e pobres co poema “Maltês”, de Manuel da Fonseca (texto 129); e outro de Mario Sacramento, tirado do ensaio *Há uma estética Neo-Realista?* (texto 130), onde critica o aspecto pequeno-burgués da primeira vaga do neorrealismo portugués.

Os textos de Almada Negreiros (a noticia da súa conferencia futurista e fragmentos de “A cena do ódio”, textos 86 e 87) poden ter sufrido unha censura de orixe moral, sendo que non se lles pode encontrar prurito político. E relativo á configuración política da península e ás relacións entre territorios supra-fronteirizos, que xa observamos que é unha das cuestións polas que celaba a censura, observamos que hai varios textos que poden encadrar a súa marca nesta categoría. O texto 42, que contén reflexións de Unamuno sobre Portugal, é tamén riscado, supoñemos que por motivos nacionalistas. O texto 84, fragmento de *O galeguismo no arte* de Castelao, recibe a censura pola súa defensa das liberdades dos pobos e o eloxio do común fronte ao individual. Tamén de Castelao son os textos 107, que defende de novo a liberdade dos pobos que conforman España e critica o centralismo reaccionario, e o texto número 30, fragmento de SEG no que fala das relacións alén e aquén Miño e que reproducimos a continuación:

Até há pouco tempo as relações entre Galiza e Portugal resumiam-se a visitas académicas de tunos e professores. A universidade castelhana que o Estado Espanhol sustém em Santiago de Compostela podia entender-se com a Universidade de Coimbra, “esse terrível foco desnacionalizador, por cruel ironia situado no meio da mais estranha paisagem quinhentista”, sem comprometerem o artifício cultural e político em que vivíamos. Os visitantes universitários de Além-Minho esmeravam-se em falar-nos um castelhano risível e jamais deixaram um só livro português à venda nas nossas livrarias. Achavam natural que os galegos só pudessem mercar obras portuguesas traduzidas infamemente em castelhano, porque não sabiam que podíamos lê-las no idioma de origem. Lembro-me que no ano de 1906 fui eu a Coimbra numa tuna académica e os estudantes lusitanos assanharam-se quando lhes falava em galego, como se isso lhes lembrasse qualquer origem bastarda. Não lhes importava que juntos, numa unidade superior às contingências políticas, tivéssemos criado movimentos literários, que são marcos da civilização ocidental, numa língua que eles depuraram e agigantaram mas que nós soubemos manter na pureza e no estado eminentemente popular daquela literatura. Para eles a Galiza estava no Norte embrulhada em nevoeiros e chuvas.

... E os estudantes portugueses trauteavam zarzuelas madrilenas e sonhavam com amores sevilhanos... E pensai que naquela época primavam em Coimbra os ideais republicanos.

Mas alguns de nós voltávamos de Portugal com os olhos prenhes de formosura e o coração fendido de saudades, alegres por termos visto ali o nosso próprio génio em liberdade (texto 30).

Esta chamada ao entendimento entre Portugal e Galicia, que mesmo modifica o texto orixinal⁷⁰ de Castela para non incorrer en problemas co orgullo dos portugueses semella que atacaba o sentimento nacional do Estado Novo, pouco proclive a aceptar relacións extra-fronteirizas. Finalmente, o texto número 52, “El cant del retorn” de Maragall, que narra a volta dos derrotados da guerra, é censurado polo seu antibelicismo.

Até aquí a relación de textos que reciben a marca do censor e os posíbeis motivos destes sinais. Pasemos agora a ver o método de actuación dos servizos da censura para, máis adiante, definir os posíbeis motivos de prohibición do espectáculo. Voltando á situación sobre a censura no Estado Novo, en relación ao teatro, temos que esta, lonxe de ser arbitraria ou ilóxica, resulta sistemática a partir da década dos 50, estando baixo patróns de conduta e desenvolvemento perfectamente definidos. Existen varios traballos que analizan a acción da censura ao teatro tomando como base a súa práctica, como son os casos de Castilho Costa (2006) para o caso brasileiro e Cabrera (2008, 2013) referido ao Estado Novo portugués. A conclusión á que ambas investigadoras chegan é que a censura actúa procurando silenciar unha serie de discursos referentes a cuestións de diverso tipo, mais que se poden comprender nas seguintes categorías: censura moral, política e relixiosa, sendo que no caso portugués aparecen particularidades propias como a censura por motivos nacionalistas e estéticos (Cabrera, 2008: 46). Salienta tamén a investigadora portuguesa a importancia que recibe o control, por parte da censura, das mencións á guerra. Enleado desde 1961 nunha guerra colonial africana con múltiples fronteiras, o Estado Novo centraba a súa política, economía e recursos humanos do país para loitar contra os movementos emancipadores e de liberación que xurdiran en Guiné, Angola e Mozambique.

Os servizos de censura tinham indicação para eliminar a palabra guerra dos textos dramáticos e, ao mesmo tempo, proibir as pezas que defendessem valores pacifistas. Esta situación, aparentemente contraditória, está claramente relacionada com a guerra colonial. Portanto, ao mesmo tempo que se proibia a palabra guerra, para que o público não recordasse que o País mantinha uma guerra em África, proibiam-se também pezas pacifistas para que o público não fosse induzido na luta contra a guerra

70 Ver nota 185.

colonial e mantivesse a tenacidade e vontade de defender os territorios coloniais como parte do territorio portugués (Cabrera, 2008: 42-43).

Como xa comprobamos anteriormente, son varios os textos dentro de CSE que son censurados polas súas referencias á cuestión bélica, especialmente no feito de que as guerras teñen tendencia a nutrirse de soldados de orixe humilde. Teñamos en conta que o espectáculo estaba proxectado para ser representado fronte a un colectivo, o estudantil, que sufría as consecuencias da guerra como ningún outro, pois unha vez acabados os estudos universitarios os homes tiñan que se incorporar a un servizo militar que tallaba calquera posibilidade de planos laborais ou familiares, hipotecando uns valiosos anos da súa vida. Diante destes espectadores, fragmentos como os das cantigas populares citadas anteriormente cobraban un grande sentido. Nun sentido piscatoriano, CSE cumpría a premisa de que “la obra teatral tiene que hacer entrar necesariamente el interés puramente histórico, etimológico, en el campo de la experiencia de la generación que constituye el público de cada época” (Piscator, 2001: 140). Mesmo algúns fragmentos que pasaron a peneira do censor tiñan unha referencia á situación dos estudantes, como é o caso do poema de Rosalía de Castro que comeza cos versos “Este parte, aquele parte/ e todos, todos se vão” (texto 20). Referido orixinariamente á emigración galega, o texto foi rapidamente adoptado polos estudantes que vían reflectido nel o imparábel envío de sangue nova a África e, grazas á música composta por José Niza, gañou rapidamente sona entre a comunidade académica. A popularización deste texto/música foi tal que, nun acto de apoio aos estudantes mobilizados ao servizo militar por causa da crise académica, cerca de seis mil estudantes acompañaron aos castigados até a estación de tren entoando, con letra adaptada, o texto rosaliano (M. Raposo, 2000: 135). O censor de CSE non puido entrever a potencial perigosidade do texto da poeta galega. As que non pasaron desapercibidas para a acción do lapis azul foron as afrontas que presentaban textos como “El cant del Retorn”, de Maragall ou “O cedro de Guernica” de Álvaro Feijó.

A cuestión nacionalista é tamén delicada en CSE, tanto pola visión de Portugal mostrada, non exenta de críticas, como polas relacións alén e aquén Miño. Os comentarios culturais de Unamuno sobre Portugal (texto 42), ou a postura abertamente iberista que percorre CSE dun xeito implícito, os textos escollidos proveñen de diferentes campos culturais ibéricos, mais especialmente explícito, defendendo unha república ibérica federada (texto 41). Mesmo cuestións en teoría menos ofensivas, como a unión cultural entre Galicia e Portugal, incomodaban aos gardiáns dun país que, lembremos, proclamaba estar “orgulhosamente só”. No referente a impedimentos políticos e sociais, temos moitos exemplos en CSE, desde as citas de Oliveira Salazar e o Cardeal Cerejeira ou a mención á União Nacional, até a relación entre arte e sociedade que aparece referida ao tratar o neorrealismo ou a denuncia das diferenzas entre ricos e pobres e os motivos económicos que provocan a emigración. Finalmente, encontramos tamén textos que poden ter sido censurados en base a cuestións

estéticas e morais, como son as achegas de Almada Negreiros (textos 86 e 87) ou na autonomía da sexualidade da protagonista do poema de Reinaldo Ferreira (texto 119), que entrega a súa “orixinalidade”⁷¹ a quen ela quere.

Despois de aplicar os resultados das investigacións de Castilho Costa e, especialmente, Cabrera nunha análise das marcas dos censores en CSE, podemos afirmar que, en maior ou menor medida, o texto do CITAC presentaba problemas para a censura en todas as súas inquietudes de costume, se ben que temos que destacar os motivos nacionalistas e político/sociais como os principais causantes da prohibición, así como a referencia ás miserias da guerra.

Até aquí a análise do caso concreto de CSE. Mais o encontro entre CITAC e os servizos de censura non é novo nin está só circunscrito á creación deste espectáculo. O grupo recibiu ao longo da súa historia un seguimento por parte dos servizos da censura e tamén da PIDE, con varias carpetas abertas⁷² nas que se chegan a incluír varios informes sobre os membros da dirección (Iglesias Mira 2011), o que era común cos grupos culturais universitarios desafectos ao réxime. Os informes relativos ao CITAC e ao movemento estudantil en 1969 xa teñen sido analizados por nós noutro texto (Iglesias Mira, 2011) e escaparían á finalidade deste apartado, mais neste caso concreto encontramos interesante describir o contido da carpeta con número de proceso 387111, titulada “Ricardo Salvat Ferrer” e que demostra que a PIDE estivo interesada no director catalán desde que este chegou a Portugal⁷³. A carpeta, descoñecida até a nosa investigación, contén cinco documentos: dous recortes de xornal, un sobre a chegada de Salvat a Coímbra e outro cunha entrevista no *Diário de Lisboa*⁷⁴, a copia do telegrama no que se ordena aos postos de fronteira que deben impedir a entrada do director catalán no territorio nacional⁷⁵ e os informes que os policíaos fixeron das representacións do traballo de Salvat co CITAC, tanto a da famosa gala na Facultade de Letras como unha conferencia-espectáculo en Águeda, ambas realizadas sobre textos do autor comunista Bertolt Brecht.

É interesante destacar esta denominación, “conferencia-espectáculo”, pois foi a estratagem empregada polo CITAC para fuxir do control da censura. O traballo sobre Brecht era sempre presentado como unha “aula aberta”, un “ensaio público” ou o acompañamento dunha conferencia, sen que fose necesario pagar unha entrada para asistir. Dese xeito, non era

71 Entendemos que a mudanza da palabra “virxindade”, presente no texto orixinal de Ferreira, procuraba, sen éxito, evitar a censura.

72 Os consultados por nós para a investigación, relativos ao curso 68/69 foron os Procesos 3569/62 e a UI 10473, todos eles no arquivo da Torre do Tombo.

73 Presentamos os documentos en anexo, no apartado 7.1.

74 Os dous analizados en Iglesias Mira (2011) e de pouco interese para este apartado.

75 Orde emitida, como é lóxico, despois da expulsión do director.

considerado un espectáculo e non tiña porque pasar por un sistema que tería prohibido calquera presentación relacionada co autor alemán. Mais que o CITAC conseguise ter esquivado a censura e o control do texto non significaba que as autoridades non estivesen de ollo posto no espectáculo, polo que ás diferentes representacións asistiron axentes da PIDE para informar sobre o que acontecía neses eventos.

Con todo, o propio Salvat era consciente do cariz político do seu traballo co CITAC e temía a posibilidade de chegar a ter problemas coas autoridades. No seu diario atopamos unha carta na que informa a uns amigos, Ángel e Toya, dos seus receos e procura solucións ante a peor das hipóteses:

Como están las cosas aquí y dado mi trabajo en Portugal sobre Brecht, podría darse el caso de que me echaran. Sin dramatismo ninguno y siendo casi seguro que esto no sucederá, pero cabe pensarlo. De echarme probaría ir a París. Hay avión directo. Pienso que no me conviene entrar en España mientras haya estado de excepción. (...) No sé, no os preocupéis por eso siempre es mejor prevenir que curar, no? (Diario de Salvat, 26 de febreiro de 1969).

A pesar de que Salvat sospeitaba que a participación na homenaxe a Azeredo Perdigão podía causar incomodidade, mal podería saber que, meses despois e con outro espectáculo, os seus temores serían cumpridos e acabaría posto na fronteira polas autoridades que, desde a súa chegada, o viñan vixiando.

O primeiro informe leva por título “A visita do Dr. Azeredo Perdigão e o vice-reitor da universidade Prof. Doutor Arnaldo Barbosa” e ten data de 28 de febreiro de 1969, día seguinte da representación realizada no teatro da Facultade de Letras durante o “Sarau” en homenaxe a Azeredo Perdigão. Este era o Presidente do Conselho de Administração da Fundação Calouste Gulbenkian, institución central para entender o desenvolvemento cultural durante o Estado Novo (Oliveira Barata, 2009: 329-ss) e de suma importancia para o CITAC, de quen era mecenas. O acto, que contou coa participación de varias seccións culturais da Associação Académica de Coimbra (AAC), resultou ser a primeira actividade organizada pola nova AAC e a primeira fricción entre esta e as autoridades, especialmente polo traballo presentado polos grupos de teatro TEUC e CITAC.

Na homenaxe participaron a Coral da Facultade de Letras, o Orfeão Académico, o Coro Misto da Universidade de Coimbra, a Tuna Académica e os xa citados grupos de teatro, o TEUC cunha presentación de poesías neorrealistas e o CITAC con poemas de Bertolt Brecht (*ib.* 331). Destacamos que estas foron presentacións de urxencia, pois nin o TEUC

contaba con director nese momento nin o CITAC tiña aínda preparado *Brecht + Brecht*, mostrando neste caso só un fragmento do traballo realizado. A inclusión de textos de Brecht non pasou desapercibida polos sectores máis reaccionarios da universidade. Despois de ter o reitor autorizado o acto, segundo o grupo despois de lle teren explicado que Brecht era un clásico (Salvat, 1999b: 906), comezaron as protestas. O vicerreitor Arnaldo de Miranda Barbosa opúxose á realización do recital e á participación de grupos que tiñan anteriormente mostrado a súa hostilidade ás autoridades académicas e ao propio goberno e, ao non seren contempladas as súas peticións, decidiu non comparecer e pedir o relevo no seu cargo (Iglesias Mira, 2011: 55). O grupo universitario Oficina de Teatro dos Estudantes de Coimbra (OTEC), de vencellos dereitistas e pro-réxime (Oliveira Barata, 2009: 266-ss) mostra o seu desagrado declinando o convite para asistir ao evento coa seguinte nota ao reitor⁷⁶:

Magnífico Reitor. Os nossos melhores cumprimentos. Quando requeremos bilhetes para o Sarau desta noite, era nossa intenção participar no espectáculo, mas sem Brecht. Desde que se mantém aquela presença perniciososa, não podemos assistir a ela indiferentemente, e assim achamos preferível uma nossa total ausência. Entregamos, pois, de novo a V. Ex^a os bilhetes que teve a extrema gentileza de nos enviar. Disporá deles como melhor entender. Rogamos desculpa de todas estas dolorosas situações que, em boa verdade, não criámos. Simplesmente, como diziam os primeiros cristão: “Non possamus!” Com os protestos da nossa elevadíssima consideração e as nossas melhores Saudações Académicas. Coimbra e Paços da Academia, aos 27 de Fevereiro de 1969, Pel’Oficina de Teatro dos Estudantes de Coimbra.

A reacción destes sectores afectos ao Estado Novo facían presaxiar que o acto na Faculdade de Letras non ía ser pacífico. A propia AAC chegou a dubidar da súa participación, tendo en conta a tensión que se viña acumulando entre estudantes e autoridades universitarias. Porén, a homenaxe a unha figura tan importante como a de Azeredo Perdigão, que tanto tiña contribuído á supervivencia dos grupos culturais da universidade fixo con que decidisen participar na organización (ídem: 330-331). Os grupos de teatro colaboraron presentando un recital no que o TEUC declamou poemas do neorrealismo portugués e o CITAC levou poemas de Brecht. No escenario onde se realiza o recital, os estudantes mostran un cartel que lanzaba dardos ao período aperturista de Marcelo Caetano, a chamada “Primavera Marcelista”: “Trazem-se versos em vez de flores, porque a primavera não vem...” (ídem: 331).

76 Pertencente ao arquivo da Universidade de Coímbra, “Correspondencia entre OTEC/Reitoria” e que retiramos de Oliveira Barata (2009: 271).

En relación ao traballo do CITAC, encontramos interesante rescatar a descrición do axente enviado, que permite observar “desde os ollos da PIDE” o traballo de Salvat co grupo universitario:

No palco, em letras sugestivas, o nome de BERTOLT BRECHT. Os trinta e cinco figurantes moviam-se na cena em gestos ora arrogantes e agressivos, com punhos fechados, ora sensuais, despidos de dignidade, como que votadas a uma escravidão fatalista. O texto, apresentado pelos declamadores, versava a revolução industrial norte-americana, a crise dos anos 20, o desemprego, a miséria e a submissão a um capitalismo satânico e demolidor. Todo o entrecho era propenso a criar um clima emocional, dissolvente, apelando para os sentidos, que não para a inteligência ou razão (PIDE 333/2 in Processo N°38711).

O mesmo informe tamén aporta datos sobre Ricard Salvat, do que destaca que “tem dirigido no Teatro de Bolso (...) um curso sobre o autor alemão acima aludido” e que “veio de Barcelona, onde consta ter estado ligado aos estudantes, dirigindo um agrupamento de teatro, do chamado *teatro revolucionário*”.

O outro informe contido na carpeta de Ricard Salvat fai, de novo, referencia ao traballo de CITAC sobre Bertolt Brecht⁷⁷. Titúlase “A representação em Águeda; pelo CITAC, de obras de Bertolt Brecht” e está datada a 13 de marzo⁷⁸. O informe trata sobre a representación, que encheu as localidades, realizada no día 8 de marzo no Centro de Formação e Assistência Social (CEFAS), dirixido polo párroco Miguel Cruz. O evento, que contou coa presenza de integrantes do TEUC e figuras destacadas do teatro universitario como o profesor Paulo Quintela, comprendeu a representación de *Brecht + Brecht* e un coloquio (Iglesias Mira, 2011: 106).

O informe da PIDE, que non se centra na descrición do espectáculo preferindo relatar o coloquio posterior, deixa algúns parágrafos sobre o traballo de Salvat, relacionando esta representación coa realizada na homenaxe a Azeredo Perdigão:

Os comentários e a crítica que então se fizeram, mesmo por pessoas de algum modo ligadas ao teatro moderno ou “teatro de contestação” foram de reprovação da obra, pelo que ela continha de subversiva e socialmente dissolvente, considerando-a, por

77 Trátase da “Conferencia-Teatro” titulada “Tendencias do teatro moderno”.

78 Este informe, tal e como o anterior, aparecen duplicados nas carpetas que a PIDE tiña de Salvat e do CITAC. No caso da representación en Águeda, a copia que aparece na carpeta do CITAC ten, duplicada, a seguinte nota manuscrita “Por determinação superior ficou sem efeito”.

outro lado, “magistralmente” encenada pelo espanhol RICARDO SALVAT FERRER, que soube criar o ambiente emocional adecuado (PIDE 432/2ª in Processo N°38711).

No coloquio posterior, Salvat foi cuestionado en relación ás modificacións dos textos de Brecht e o director respondeu que tiña efectuado mudanzas coa intención de dar vigor aos textos, eliminando terminoloxía inadecuada ao contexto social e cultural no que se representa a peza. Tamén salientou o catalán a dificultade de representar Brecht na península ibérica, pois só en 1963 fora posíbel en España e, nese momento, era posíbel en Portugal. Pouco máis aporta este informe, que liga a Salvat ao “teatro de vanguardia” en Barcelona. Deixa constancia que o traballo do CITAC non estaba sendo do agrado das autoridades o feito de que no día seguinte da representación, as autoridades clausurasen o centro (M. Raposo, 200: 135).

Até aquí o seguimento que a PIDE fixo de Salvat en Portugal, que se foi sumar ao que xa facía ao CITAC e aos estudantes implicados no movemento estudantil. O aumento da tensión entre estudantes e autoridades, co loito académico e a folga ás aulas, fixo con que a PIDE tentase decapitar o TEUC e o CITAC coa expulsión dos seus dous directores, coincidindo esta acción co día da suposta estrea de CSE. Non chegaremos a saber nunca se o grupo acataría o mandato da censura ou se tería procurado unha saída que a burlase. Pasados os días, durante a crise académica, chegaron as detencións de estudantes e incorporacións forzadas ao servizo militar. (Iglesias Mira, 2011: 93-ss). CSE non foi estreada e, unicamente, puideron ver a luz algúns fragmentos, durante as noites culturais que, durante maio e xa cun ambiente moi tenso, se convocaban nos xardíns da AAC. Nestes multitudinarios actos que unían protesta e cultura foi onde apareceron algunhas escenas de CSE, xunto coa interpretación de música do espectáculo (Gouveia Delille, 1991: 42-43). A policía, consciente do desafiante desas reunións, tentou amedrentar aos grupos culturais da AAC (entre eles TEUC e CITAC) lembrándolles cunha circular o Artº. 63º do Decreto 42.661, que establecía que ningún espectáculo podería ser levado a escena sen ter pasado o ensaio “de apuro”. O ambiente de unión e, o clima de contestación e empoderamento da comunidade estudantil fixo con que esas ameazas fosen ignoradas.

3.4. Consecuencias artísticas e culturais

“... o que deixei de concreto? Muita coisa e coisa nenhuma! Amizades, gargalhadas, músicas que ninguém canta, improvisos que ninguém voltará a ouvir, ideias que ninguém realizou. Enriqueci-me, mas não enriqueci ninguém. E teria sido tão fácil... Talvez por tudo isso o entusiasmo de agora seja maior”

(Carta de José Niza, 7 de maio 1969).

A expulsión de Salvat e a posterior represión sobre o CITAC puxo fin ao proxecto de CSE. Posteriormente, o director tentaría levar adiante un proxecto discográfico, editando dous vinilos con composicións e fragmentos de *Brecht + Brecht* e CSE, mais o medo á censura botou para atrás á editora encargada de levar a cabo a idea. Un ano despois, o CITAC volverá ter problemas coas autoridades, sendo director Juan Carlos Uviedo, e rematará por ser clausurado tras acusacións de escándalo público. No proceso, a biblioteca e o arquivo do grupo será vandalizado pola PIDE, perdéndose moito material relativo aos anos anteriores. Poderíamos dicir que, salvando as representacións de fragmentos que foron realizadas durante a crise académica, semella que Salvat no deixou legado ningún en Portugal, tal e como se laia o crítico Manuel Alberto Valente no balanço anual que fai no suplemento literario do *Diário de Lisboa*:

A incompreensível proibición que atingiu o Círculo de Iniciação Teatral da Academia de Coimbra e o posterior afastamento do seu director artístico deitaram por terra varios meses de un traballo incansável e frutuoso. Guindado polos seus espectáculos anteriores a um plano cimeiro na actualidade teatral universitária, o CITAC viu, assim, impossibilitada, no presente ano, a sua actividade fundamental. O futuro dirá as consecuencias de tal facto, na certeza, porém, de que não poderão ser benéficas nem construtivas (DL, Suplemento Literário, 8-5-1969).

Porén, o traballo de Salvat co CITAC deixou pequenas consecuencias noutros proxectos e incluso marcas que permanecen inalteradas da tradición de Coímbra. Neste apartado retomaremos algúns dos vestixios que deixou o traballo do director catalán cos estudantes portugueses.

En primeiro lugar, cómpre destacar *Trajecto com Brecht* (TB), proposta de traballo para o primeiro semestre do curso 69/70 e reactivación do traballo do CITAC despois da crise académica e, supoñemos, antes da chegada de Juan Carlos Uviedo, quen traía consigo

unhas teorías teatrais ben diferentes das de Salvat e que levaron ao grupo por camiños completamente diferentes (Oliveira Barata, 2009: 208-ss).

Podemos encadrar este TB cunha proceso de progresiva politización do CITAC, non exento de tensións internas (CITAC, 2006: 67). A etapa de Víctor García na dirección do grupo universitario (1966-1968) deixara mostras de grandeza estética, mais afastada da realidade e da “intervención” social que os integrantes do CITAC querían para o grupo. A chegada de Salvat e o tratamento dun autor como Brecht, así como o decorrer da crise académica, van guiando ao grupo por unha senda de compromiso e crítica. Esta inercia impregna por completo o grupo, que chega a dudar da idoneidade de montar CSE por considerar que a figura de Castelao non é suficientemente revolucionaria:

Em refereixo a l’espectacle Castelao que quan ja el teníem em marxa, l’Anibal i l’Strecht decideixen que en Castelao no els queda suficientment politizat. Amb sorpresa – jo també – descobriren llegint els textos d’en Castelao que l’home era amic de totes les dretes d’aquest país i que queda molt poc revolucionari i molt alienador. (...)Bé, ells una mica a través del pròleg d’en Rodríguez Lapa a *Os velhos non deben de namorarse* s’havien imaginat un Castelao molt revolucionari i ara llegit de prop s’adonen que és un simple regionalista, paternalista, que creu en els fets diferencials de la raça celta i recolzant-se en aquest feble argument parala de l’independència de Galícia, etc (Diario de Salvat, 3 de marzo de 1969).

Ante estas reticencias, o grupo dubida entre “politizar en Castelao a la manera que nosaltres volem” ou “sigui seguint l’exemple del pròleg d’en Miguez al *Pensamiento Político de Castelao de Ruedo Ibérico*” (*ib.*). Tamén xorde a posibilidade de abandonar Castelao e realizar outro proxecto sobre Almeida Garret, mais é desbotada polo director. Finalmente, CSE segue adiante, entendemos que politizado, mais non chega a ser representado. Tras a expulsión de Salvat e a incorporación ao servizo militar de varios integrantes do CITAC, o grupo inicia o curso 70/71 imbuído nese ambiente contestatario, mostrando as súas posicións políticas de xeito máis evidente, como podemos comprobar tras analizar TB.

A peza⁷⁹ está descrita como unha “encenação colectiva”, unha “montagem de textos de: A. Oliveira Salazar, Bertolt Brecht, Edouard Dolléans, Eugénio Varga, John Reed, Madeleine Chapsal, Maurice Dobb, Paul Sweezy, René Wintzen, V. I. Lenine, Trotsky” (Gouveia Delille, 1991: 325). As traducións dos textos poéticos de Brecht corren a cargo do ex-director do TEUC Paulo Quintela, como xa fora en *Brecht + Brecht*, salvo os poemas “Pobre B.B”, que

⁷⁹ A única edición do texto policopiado que utilizou o CITAC é a que aparece en Gouveia Delille (1991: 307-325).

corresponde a Jair de Campos, e “Orge disse-me” que corresponde a Yvette Centeno (*ib.*). O texto está datado en novembro de 1970.

A estrutura de TB é moi parecida con CSE. Encadrado entre 1898 e 1956, anos do nacemento e do pasamento do dramaturgo, desenvolve un percorrido cronolóxico no que a vida de Brecht vai sendo mostrada xunto co devir da política mundial, con especial fincapé en certos acontecementos da historia occidental, acompañado este traxecto de poemas do alemán. De moita menor extensión que CSE, que, lembremos, superaría as dúas horas e media, TB non pon freos na aproximación que fai a determinados temas, polo que non é aventurado supoñer que o grupo non pretendía enviar o texto á censura. Como acontece con calquera espectáculo que se analice unicamente desde o plano textual, o que temos é unha visión parcial e moi limitada, pois descoñecemos por completo (e neste caso temos menos información aínda que de CSE) o texto escénico. Incluso ignoramos se o proxecto quedou só no texto dramático ou se o texto escénico foi ideado e baixo que modelos, se estes eran consecuentes co aprendido con Salvat ou se percorrían novos camiños. A semellanza entre a estrutura de TB e CSE fainos sospeitar que a posta en escena podería ter moitas coincidencias co traballo desenvolvido para CSE.

TB iníciase co ano 1898, algo despois de CSE, e o primeiro ano é tratado de xeito semellante á peza sobre Castelao. Aparecen referencias a nacementos e xéneses de obras artísticas (coincidentes todas con CSE). Introduce unha referencia a 1878, á Conferencia de Berlín, e pasa despois a falar sobre capitalismo, imperialismo e colonización:

O capitalismo atinge a fase do imperialismo e está triunfante em todo o mundo. Monopólios gigantescos ocupam posição excepcional no mercado interno e estão empenhados em luta ferrenha pela conquista de mercados externos e de esferas de influência e de investimento.

O imperialismo pode definir-se como um estágio da evolução da economia mundial em que: a concentração da produção e do capital foi desenvolvida a tal ponto que criou monopólios cujo papel é decisivo na vida económica. A fusão do capital bancário com o capital industrial cria, na base de um capital financeiro, uma oligarquia financeira. A exportação de capital, em contraposição à exportação de mercadoria, assume uma importancia particularmente grande. São formados monopólios internacionais de capitalistas que dividem o mundo entre si. Completa-se a divisão territorial do mundo pelas maiores potências capitalistas.

A África é un exemplo claro: os colonialistas destroem os estados e culturas das poboacións africanas e declaram despois que eran salvagens. Pesquisas arqueolóxicas provam-nos no entanto que os povos africanos tiveram culturas propias; as culturas indiana e chinesa son tamén moito máis antigas que a civilización dos colonialistas (*ib.* 308).

En paralelo, TB trata sobre a organización do movemento obreiro con bastantes referencias a Lenin. Podemos comprobar que a crítica ao capitalismo é moito máis evidente e contundente do que en CSE:

“A medida que as formacións económicas e políticas do capitalismo se desenvolvían, crecía tamén o movemento operario que se organizaba mellor e intensificaba a súa luta contra a burguesía.

(...)

Os capitalistas empregaban todos os medios posibles na luta contra os sindicatos: sustentaban policías armados nas fábricas, pagaban a detectives para espíarem os traballadores, organizaban raiden en sedes de sindicatos, contrataban furadores de greves para que elas fracassasen” (*ib.* 309).

O seguinte acontecemento no que se detén a peza é a I Guerra Mundial, en 1914. Xa non atopamos as referencias culturais e artísticas, mantendo só a presentación políglota de CSE (texto 82) para pasar a describir os motivos políticos da guerra:

A guerra europea, preparada durante dezas de anos polos gobernos e polos partidos burgueses de todos os países, rebentou. O crecemento dos armamentos, o agravamento da luta polos mercados, e o actual estado imperialista do desenvolvemento do capitalismo nos países avanzados, os intereses dinásticos das monarquías atrasadas, as da Europa Oriental, devían inenitavelmente rebentar e rebentaron nesta guerra. Apropiar-se de territorios e subjugar nacións estranxeiras, arruinar nacións concorrentes, roubar as súas riquezas, desviar a atención das masas traballadoras das crises políticas internas na Rúsia, na Alemanha, na Inglaterra e outros países, dividir os operarios e iludi-los com a mentira nacionalista, dizimar a súa vanguarda para enfraquecer o movemento revolucionario do proletariado, tal é o único contido real, tal é o verdadeiro significado da guerra actual (*ib.* 311).

De novo, podemos ver como a linguaxe e a aproximación ao tema son moito máis contestatarias e directas do que en CSE. O seguinte suceso histórico que trata TB é a revolución bolxevique de 1917 e o posterior auxe dos fascismos en Europa. En 1926 cita a instauración da ditadura

en Portugal, e inclúe declaracións eloxiosas do propio Oliveira Salazar. Dentro da evidente posición de esquerda que posúe o texto, marca distancias coa figura de Stalin “Staline é demasiado brutal, e esse defeito, tolerável nas relacións entre comunistas, é inadmissível no posto de secretario-geral” (*ib.* 313). A seguinte parada temporal é 1929, onde se o Crack de Wall Street é tratado exactamente igual que en CSE. A guerra civil española é abordada desde a comparación de estatísticas dos anos 1931 e 1939. Desaparecen, no relativo á Península Ibérica, as referencias ao federalismo ou ás diferentes culturas nacionais de España. Tras seguir tratando os principais acontecementos da vida de Brecht, especialmente o seu exilio, TB chega á II Guerra Mundial, que, se entende como consecuencia da desmemoria da I Guerra Mundial e sobre todo ao propio devir do capitalismo, que implica unha economía imperialista baseada na guerra:

Por que razão não poderiam as várias potências capitalistas, uma vez concluído o grande luto de 14/18, iniciar a exploração pacífica do que haviam conseguido? A resposta é que o capitalismo, pela sua própria natureza, não se pode deter. Necesita continuar a expandir-se, e como os vários sectores da economia capitalista mundial se expandem a ritmos diferentes, segue-se que o equilíbrio de forças está sujeito a ser perturbado de modo que um ou mais países julguem tanto possível como vantajoso desafiar o statu quo relativo aos limites territoriais. As classes capitalistas nacionais rivais mostram, pela sua preocupação com exércitos armados, bases estratégicas e aliados, o quanto e quão bem compreendem esse facto básico do período imperialista, pois é evidente que uma redivisão do mundo só pode ser realizada pela força armada (*ib.* 319).

TB tamén trata a intervención do dramaturgo alemán fronte á Comisión de Actividades Antiamericanas, a cal o convocou en 1947. Posteriormente, segue tratando diferentes momentos da vida de Brecht intercalados cos seus textos poéticos. Até aquí un breve percorrido pola estrutura de TB, idéntica á de CSE. A continuación listamos os textos poéticos de Brecht e a súa orde no texto dramático, para facilitar a comprensión do proxecto.

1898.	Capitalismo – Imperialismo – Colonialismo. Movemento obreiro.
Do pobre B.B.	
1914.	I Guerra Mundial.
[Orge disse-me].	
O Comunista de teatro.	

1917-ss.	Revolución rusa. Auxe dos fascismos. Stalin.
Cântico de matinas.	
1929.	Crack de Wall Street.
Em tempos de escuridão.	
Comparación España 1931/1939.	
[Os grandes / reuniram-se numa sala].	
Profecía.	
Pensamentos sobre a duración do exílio.	
No segundo ano da minha fuga.	
[Agora o reconhecço].	
Perguntas dum operário leitor.	
Hollywood.	
Defensa de Bertolt Brecht.	Suposta intervención de Brecht na Comisión de Actividades Antiamericanas.
Ao deixar Nova Iorque.	
Vem comigo para a Geórgia – III.	
Regreso.	
O primeiro olhar da janela de manhã.	
Mudança de Roda.	
Louvor da dialéctica.	
Porque há-de o meu nome ser nomeado.	
Aos que virão a nascer.	

TB non chegou a ser realizado, non sabemos se por idea do grupo ou do novo director, Juan Carlos Uviedo. Mais si que comprobamos que, baixo a estrutura de CSE, TB abandona a cuestión do iberismo e as referencias artísticas para centrarse nun maior ataque ao capitalismo.

O ano seguinte, o membro do CITAC João Rodrigues pon en escena un espectáculo que leva o título de *Se outros fossem os deuses?* (Gouveia Delille, 1991: 43-44) co CETA (Centro Experimental de Teatro de Aveiro). A pesar de que non hai referencia ao nome do autor,

está formado por varios textos de Brecht. A edición do texto dramático deste espectáculo, presentada no volume sobre Brecht en Portugal (*ib.* 327-333), contén, alén dos textos do alemán (polo xeral non utilizados en CSE ou TB, salvo “Perguntas dum operário leitor” en tradución de Paulo Quintela), indicacións de que se utilizaban proxeccións, polo que non é aventurado pensar que estas tamén puidesen ter sido empregadas en CSE, espectáculo no que João Rodrigues estivo involucrado. Ese tamén é o caso do músico José Niza⁸⁰, enviado a Angola para o servizo militar. Alí, segundo nos relatou en entrevista persoal (2010), recuperou o traballo feito para *Brecht + Brecht* para realizar no cuartel unha montaxe de *A excepción e a regra*. Desda representación só temos noticia da súa existencia, xa que non foi rexistrada nin conservamos vestixios dela. Esta montaxe en África non foi a única tentativa que Niza levaría a cabo sobre o legado do traballo de Salvat co grupo universitario. Existía un proxecto discográfico sobre os espectáculos de Salvat co CITAC, e foi Niza o encargado de presentar á editora Sonoplay os proxectos de dous discos, un para *Brecht + Brecht* e outro para CSE. Nun traballo anterior analizamos o contido das cartas e o deseño dos dous discos (Iglesias Mira, 2011: 66-ss), polo que agora nos limitaremos a identificar os textos de CSE que son escollidos para o disco, pois poderían ser indicios da importancia destes dentro do espectáculo: “Cantar de emigração” (texto 20), “Quadras populares sobre a emigração” (textos 15 e 18), “A emigração” (10), “Cantiga do rapaz da loja” (80), “Adeus rios, adeus fontes” (13), “Pedro nem sequer serve para comerciante” (81), fragmentos do “Catecismo do camponês” (27, 31), “A Rosalía” (5), “Chove em Santiago” (29) e unha enigmática “Canção final” da que só sabemos que estaba cantada por un coro masculino, que pechaba o espectáculo e que é descrita como “empolgante” e “muito viva”.

O proxecto discográfico non sairá adiante, pois a editora Sonoplay decide botarse atrás por medo á censura. José Niza e Salvat manteñen correspondencia sobre o deseño dos discos, mais a verdade é que ese proxecto tampouco puido ver a luz. Mais parte do traballo de José Niza si que acabou por ser editado, pois Adriano Correia de Oliveira, músico de Coímbra e amigo do CITAC (ía ser el o encargado de cantar nos discos antes mencionados, desbotada a idea dun Zeca Afonso que aportaría un “ton de profesionalidade” que non lle acaía ao traballo, en palabras de Salvat) inclúe a icónica canción “Cantar de emigração”, sobre o texto rosaliano, para abrir o seu disco de 1970 *Cantaremos*. A colaboración entre os dous amigos continuará e, en 1971, Adriano lanza o disco *Gente de aqui e de agora* onde podemos encontrar, abrindo a cara A, “Emigração” (10) e, no terceiro tema da cara B, “A Rosalía” (5), ambas do poeta Curros Enríquez. No caso do primeiro disco e do poema de Rosalía de Castro, este aparece tal e como foi traducido e pensado para CSE. No referente aos textos de Curros,

80 José Manuel Niza Antunes Mendes (Lisboa 1938-Santarém 2011) foi médico e un músico e compositor de renome que gañou en varias ocasións o Festival de Música da RTP. A súa composición *E depois do adeus* foi un dos sinais radiofónicos dos militares que se levantaron contra o Estado Novo o 25 de abril de 1974. Tamén foi deputado do parlamento portugués durante varias lexislaturas.

atopamos algunhas mudanzas. O texto “A emigração” aparece reducido ás catro primeiras estrofas, a parte máis neutra do texto, e con pequenas modificacións de palabras. Así, na liña 7⁸¹ a palabra “procura” é substituída por “busca” e na 14 “sitios” por “caminhos”. De maior calado é a substitución na liña 5 de “quando vejo que um galego” por “quando vejo que um homem”, retirando a especificidade do poema de Curros e universalizando o texto. Na música “A Rosalía” encontramos que Adriano corrixe un dos erros de tradución que aparecen no texto dramático de CSE, pois do “comesta” orixinal de Curros, os estudantes pasaron a un “como esta” erróneo que o músico trocou por un “comida”, recuperando o sentido orixinal (liñas 11 e 12). Estes discos, clásicos da “música de intervenção” da época, popularizaron tres cantigas de CSE mais a que maior éxito acadou foi a de Rosalía, que é hoxe en día unha parte indispensable do repertorio da chamada Balada de Coímbra, tendo sido adaptada por diversos coros e artistas relacionados coa cidade do Mondego. Non podemos deixar de relatar a historia que o propio compositor nos contou e que é mostra da calidade do traballo realizado para este espectáculo. Estando preto da súa incorporación ao servizo militar, xa rematara os seus estudos e debía incorporarse á fronte de África, Niza viaxa a Lisboa para obter información sobre o seu destino concreto na guerra e para manter unha reunión coa Sonoplay na que se tratarían os proxectos xa mencionados. Coincide na capital co seu amigo Vinícius de Moraes, que estaba de xira con Chico Buarque e Nara Leão (cos que actuaría, precisamente, no Teatro Avenida de Coimbra pouco despois da cancelación de CSE), polo que decide encontrarse co poeta brasileiro. No bar do hotel conversan sobre Portugal, a situación de Niza e os seus últimos proxectos e, ao saber de CSE, Vinícius pide a Niza que toque algunha das súas recentes composicións, entusiasmándose co resultado. Ofrécese entón para poñer letra a esas melodías mais, desgrazadamente para o *Poetinha*, aquelas músicas xa foran atribuídas aos textos de CSE. Supoñemos que aquelas composicións, devecidas por Vinícius, son as que rematarían nos discos do seu outro amigo Adriano Correia de Oliveira.

Para alén destas consecuencias artísticas directas, CSE foi un proxecto no que colaboraron unha serie de artistas como Seoane, Salvat, Díaz Pardo ou Niza. Aínda que había relacións que xa viñan de atrás pois, como xa se indicou, Alonso Montero e Ricard Salvat coñeceráranse no Congreso Mundial da Paz celebrado en Moscú en 1962, a montaxe de CSE puxo en contacto varias personalidades artísticas que seguirían tendo relación nos anos posteriores. A seguir presentamos, brevemente, as colaboracións que tempo despois se deron entre as persoas involucradas en CSE, prestando especial interese á relación de Salvat coa cultura galega.

A relación entre Alonso Montero e Salvat, xa de amizade, viuse reforzada polo acontecido en Coímbra (Salvat, 1999b: 907). Alonso Montero viaxou alí para dar unha conferencia

81 Guíámonos sempre pola edición presentada neste traballo.

sobre Castelao e a cultura galega mais non puido quedar ao que sería a estrea do espectáculo. Tampouco puideron estar alí Isaac Pardo e Luís Seoane (que visitaron Coímbra durante o proceso de creación, como encargados da parte plástica), mais o falida tentativa de CSE, e os meses de traballo que a precederon, ficou como un suceso destacado na súa relación. Posteriormente, o contacto entre eles foi continuado, especialmente no caso de Salvat, Alonso Montero e Díaz Pardo. Como pano de fondo, encontramos sempre esa procura do “diálogo entre culturas” que guiaba CSE⁸².

Alonso Montero e Salvat participaron en varios proxectos de tradución de obras literarias ás catro linguas oficiais de España. Xa en 1968 colaboraran na edición multilingüe de *Catorce fábulas* de Tomás Meabe, así como nun proxecto similar sobre *Seis poemas galegos* de García Lorca (1974), o álbum *Nós* (1974) (Alonso Montero, 2013: 29) e *Homenaxe a Martín Codax* (1983) (Salvat, 1991: 907-908). Garda o catalán especiais palabras para o proxecto de Alonso Montero (1993) *Carles Ribas e Galicia. Homenaxe no I centenario do seu nacemento*, que considera, en certo aspecto, un proxecto común (*ib.* 910).

No tocante ao teatro, Salvat colaborará cunha figura tan destacada da cultura galega como Eduardo Blanco-Amor, que fai a adaptación de *El caballero de Olmedo* de Lope de Vega e axuda como “profesor de dicción” dos actores durante a temporada 70-71 (Alonso Montero, 2013: 25-26). En 1972 Salvat estrea dúas pezas de Valle-Inclán (*Ligazón* e *El embrujado*) coa Compañía Nacional Ángel Guimerá, contando con Isaac Díaz Pardo como escenógrafo e figurinista (*ib.* 27). Mais a súa relación co teatro galego non ten lugar unicamente en Cataluña. En 1973, Salvat foi xurado no I certame de Ribadavia, feito histórico da escena galega, e en 1980 presenta no auditorio de Sargadelos a estrea de *Música només para vosté*. Mais o proxecto galego máis famoso de Salvat será a dirección, en 1991, de *O incerto señor Don Hamlet, príncipe de Dinamarca*, do mindoniense Álvaro Cunqueiro, co Centro Dramático Galego. Para esta grande montaxe, Salvat contou con Isaac Díaz Pardo como deseñador das máscaras e puxo como condición que Xesús Alonso Montero fose o asesor lingüístico (*ib.* 909). Sabemos tamén por Salvat (*ib.* 908) que en 1994 houbo unha tentativa de facer unha versión galega de CSE, nunha coprodución da Fundación Calouste Gulbenkian e a Xunta de Galicia, mais ese proxecto non chegaría a se concretar e CSE continuaría sen ver a luz dos focos. A edición do texto dramático por parte de Edicións do Castro estivo tamén en proxecto, como nos indica a correspondencia entre Salvat e Alonso Montero (*ib.* 47 e 50), sen chegar nunca a ser levado a cabo.

82 O proxecto de Coímbra tamén se pode encadrar, en certo modo, na relación entre a figura de Castelao e Cataluña. Para maior información sobre este tema, ver Costa e González Gómez (2005) e González Gómez (2001).

A relación do director catalán con Galicia non quedou por aquí, publicando varios textos na prensa escrita sobre a cultura galega, participando en conferencias e presentacións e colaborando con textos teóricos (por exemplo na publicación de Ediciós do Castro, en 1988, de *Bertolt Brecht no 90 aniversario do seu nacemento*. Por este cariño pola cultura galega e a súa colaboración e fraternidade, Salvat recibe en 2002, xunto con Nélida Piñón, Ernesto Sábato e Felipe Juaristi, o premio Rosalía de Castro, outorgado polo Pen Clube de Galicia.

3.5 Achegamento ao texto dramático de *Castelao e a súa época* e criterios de edición.

Cómpre, á hora de traballar sobre a edición do texto dramático de CSE, termos en conta que estamos diante dun texto moi peculiar, como enseguida sinalaremos. Tamén é necesario ter presente que o obxectivo final, o acceso fragmentado e indirecto a este proxecto teatral, pasa por recuperar a maior parte dos elementos perennes do espectáculo, destacando entre eles, pola súa doada aprehensibilidade, o texto dramático. Para esta investigación, polo tanto, é importante o texto dramático, mais mantendo sempre consciencia de que a súa recuperación e fixación non nos sitúa cerca do espectáculo teatral CSE, obxecto este imposible de capturar e taxidermizar debido à súa esencia teatral, que o sitúa dentro da arte máis fugaz de todas, aquela que pasa sen deixar máis do que un par de fotografías insuficientes e unha vaga lembranza. Clarificado este punto, pasemos a desenvolver o proceso de recuperación do texto dramático sobre o que traballou o CITAC.

No caso de CSE, os documentos dos que partimos para realizar a edición son os documentos de traballo que o CITAC empregou durante a preparación do espectáculo. Partindo dunha teórica copia mecanografada orixinal, sen marcas manuais, diferentes integrantes do CITAC traballaron sobre cadansúa copia realizando correccións, modificacións ou anotacións persoais e comúns. Aínda que outras experiencias anteriores de Ricard Salvat, de características semellantes a CSE, teñan sido editadas posteriormente (*Adrià Gual i la seva época*, 1972), non semella que tal idea fose na altura nin sequer imaxinada por Salvat, como deducimos pola carencia das mínimas marcas escénicas en boa parte dos textos que compoñen CSE. Mais ben estamos ante unha compilación de textos cos que o CITAC traballa nos ensaios. Non é a edición e a fixación por escrito, polo tanto, a finalidade dos textos estudados, o que dificulta a presentación da edición no formato habitual dos textos teatrais: con paratextos que indican que personaxe está a falar, así como outras indicacións de carácter escénico. Todas estas observacións, que obviamente existían no proceso de creación de CSE debido á súa finalidade escénica, non foron fixadas por escrito nos documentos que conservamos. Por outra banda, encontramos nalgúns textos diferentes informacións, como poden ser os títulos e as autorías dos textos, das que facilmente poderíamos poñer en cuestión a súa

intencionalidade escénica. Para a presente edición optouse por transcribir o texto do modo máis fiel (indicacións non escénicas incluídas) e admitindo o carácter incompleto deste texto dramático (que é tamén, á súa vez, unha parte incompleta do texto escénico). Como veremos deseguido, este carácter incompleto non é a única particularidade do texto ao que nos enfrontamos.

CSE revélase como un texto complexo, composto por 142 textos de carácter autónomo e de variada tipoloxía. Para alén diso, grande parte destes textos non son orixinais, senón fragmentos literais ou adaptados que teñen orixe en variados campos literarios (principalmente o galego, o catalán, o portugués e o español, o que conforma conscientemente un novo campo para CSE: o ibérico). Houbo, na confección do texto dramático de CSE, un proceso de selección, edición e, no caso dos textos que pertencen a tradicións non portuguesas, tradución. Nese proceso, como é lóxico, os textos orixinais sufriron alteracións e modificacións, tanto conscientes como inconscientes⁸³.

Unha das primeiras cuestións á hora de iniciar a edición do texto é ditaminar o punto de partida da mesma. No caso de CSE, escoller se esta edición debería tomar como base o texto dramático de CSE ou ir alén, partindo dos múltiples textos autónomos, na súas diferentes versións orixinais, que o conforman⁸⁴. Tomando a definición máis xeneralizada de orixinal (forma do texto que materializa a vontade expresiva do autor) e tendo en conta que, como director, consideramos que a autoría total de CSE recae sobre Ricard Salvat, parece lóxica a asunción do documento que contén o texto dramático de CSE como base para a edición. Porén, non debemos perder de vista, en relación á nomeada vontade expresiva do autor, que CSE non é un texto literario habitual, senón unha parte integrante do texto escénico onde, aí si, residía a total vontade expresiva de Salvat. Esta investigación sitúase conscientemente lonxe dos modos de pensamento logocentristas que, baseados en que o texto dramático é o único elemento conservábel do espectáculo, sacralizan o mesmo dotándoo dunha centralidade en ocasións falsa. A edición do texto dramático será unha parte desa “restauración imaxinaria”, dese “acceso indirecto e fragmentado” (Mateus, 2002: 215) ao feito teatral de CSE que procuramos con este volume.

83 O propio José Niza, durante unha entrevista (2010), falaba do proceso de tradución dos textos foráneos, destacando a facilidade dos textos galegos, “que eram de graça”, o que pode indicar que a tradución puido non ser feita con todo o coidado preciso, como demostran algúns erros contidos no texto final.

84 A dúbida residía en situar a nosa edición no texto dramático ou noutro que debería tomar como base unha previa *obra dramática* tal e como a describe García Barrientos: un texto que estimula a produción dun espectáculo e que pode tanto ter sido ideado orixinalmente para o escenario como outro material (xornalístico, xudicial, novelesco, etc.) que só adquira forma dramática despois e a través da súa posta en escena (1991: 379-380). O caso de CSE sería, claro, a segunda opción e a obra dramática o conxunto de orixinais. Sendo que a asunción do carácter documental do espectáculo leva a que exista unha montaxe e unha manipulación dos textos, como acabamos de indicar, entendemos que é no texto dramático e non nos orixinais poéticos, narrativos ou xornalísticos onde temos que situar o foco do noso traballo.

Atendendo ás características deste texto (do que existen varias testemuñas, que ten formato mecanografado e precisa diferentes modificacións por parte de quen edita, así como a indicación da orixe e autoría dos textos que o compoñen, cando isto sexa posíbel), optouse por realizar unha edición crítica, que proporcione unha lectura clara e, ao tempo, información sobre a autoría dos diferentes subtextos e outras peculiaridades que poidan ser de interese, sexan estas de referentes ao proceso de copiado, tradución ou á orixe dos textos. Mais, coa consciencia de que os textos dramáticos teñen particularidades propias que os diferencian dos outros textos literarios e de que cada obra que se edita posúe unha singularidade que esixe un tratamento e un traballo de edición individualizado que non debe ser moldeado por fórmulas ríxidas, adaptáronse os diferentes pasos da realización dunha edición crítica ao traballo concreto sobre un texto dramático que non sempre presenta anotacións e que está conformado, como xa se referiu, por máis dunha centena de textos autónomos de diferentes formatos. Polo tanto, esta edición crítica afastarase por momentos dos procedementos habituais que acostuman seguir esta clase de traballos⁸⁵.

A seguir explícase a metodoloxía empregada, describindo as diferentes testemuñas encontradas e clarificando os motivos da escolla da versión que se toma como base. O texto dramático de *Castelao e a súa época*, que durante moitos anos os propios integrantes do CITAC deran por perdido, foi encontrado en tres documentos diferentes, que pasarei a denominar segundo a súa localización: Barcelona (CSE-B), Santarém (CSE-S) e Lisboa (CSE-L)⁸⁶.

CSE-B. Pertence á biblioteca do Institut del Teatre de Barcelona e encóntrase arquivado baixo a sinatura 2386-N. Identificado na ficha da biblioteca baixo a errata *Castelas e a súa época*, é un texto mecanografado formado por 179 páxinas numeradas precedidas por unha portada feita a man, non incluída na numeración, onde se indica a autoría dos textos utilizados, a composición da música por parte de José Niza e a dirección de Ricardo (*sic*) Salvat, “alias Ramón Ferrer”. A portada tamén inclúe a nota manuscrita “caja mecanografiada nº 11” e en varias ocasións aparece no texto o selo da Biblioteca Museo de Arte Escénico. As 29 primeiras páxinas presentan, alén da numeración que se manterá ao longo de todo o documento, outra numeración romana non correlativa, probabelmente produto dunha organización textual anterior. Unha vez superada a páxina 30, a numeración manterá a súa coherencia até a fin do documento. En relación ás anotacións manuscritas, esta versión presenta marcas propias e marcas comúns, en ocasións con diferente formato á versión de Lisboa. Tamén contén, como veremos máis adiante, dous textos que non aparecen en

85 Ver Blecua (2001), Ruíz (1985), Pérez Priego (2011), entre outros.

86 Este último, durante as miñas investigacións anteriores, foi designado como CSE-TT por estar gardado nos arquivos da Torre do Tombo. Corriximos nesta ocasión para que sexa coherente co resto das denominacións.

Lisboa e carece de outros dous en relación a este versión. As autorías referidas na portada tamén varían, así como a orde dos textos.

CSE-S. Pertence ao arquivo de José Niza, situado na súa casa de Santarém e garda moitas semellanzas co anterior. Está composto por 187 páxinas numeradas a man e precedidas pola mesma portada que o de Barcelona. Este documento, a diferenza do anterior, contén o segundo lance de *Os vellos non deben de namorarse* (OVN), de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao.

CSE-L. Encóntrase nos arquivos da PIDE na Torre do Tombo, en Lisboa, incluído na Processo DGE 1/8868 que, ademais do texto, contén a correspondencia entre o CITAC e os servizos da censura. Consta de 187 páxinas numeradas a man onde a portada manual das testemuñas antes citadas foi substituída por outra que indica tanto o nome do espectáculo como que é un “Espectáculo de Ricard Salvat sobre textos de”, citando despois a lista de autores, sen facer mención a calquera elemento extra-textual. Á portada foi pegado e rubricado por cima un selo fiscal de 5 escudos. Esta versión está completa, co segundo lance de OVN escrito por unha máquina con tipografía diferente ao resto do texto e coa numeración a máquina orixinal riscada e integrada na numeración manual de todo o documento. Destaca a testemuña por ser a única que presenta as marcas da censura sobre o texto. Esta versión está precedida dunha nota manuscrita e asinada a 17/4 no que supoñemos se indica a prohibición da representación do espectáculo⁸⁷.

Cómpre que, nunha edición crítica realizada sobre unha tradición con varias testemuñas, se escolla unha como texto-base (ou testemuña base da edición). No relativo ás testemuñas de CSE, as dúas primeiras (B e S) semellan ser documentos de traballo parellos á terceira (L), mais presentando unhas características que as dotan de menos rigorosidade, a primeira polo seu carácter incompleto e polos erros de copia e organización e ambas pola súa portada manual. Por outra banda, o documento de Lisboa (L) foi o escollido polo grupo para enviar aos servizos de censura, para alén de estar completo e non mostrar repeticións⁸⁸. A mudanza de portada indica tamén o cariz de oficialidade que toma o documento, que elimina calquera referencia a elementos alleos ao texto dramático. É esta última a que se adopta como texto-base para a realización da edición crítica⁸⁹.

87 Aportamos a imaxe en anexo, no apartado 7.1.

88 Aínda que si algunhas correccións feitas a man.

89 Tamén foi considerada a posibilidade de que o texto enviado á censura (CSE-L) fose conscientemente diferente do que despois tería sido levado ás táboas mais encontramos esta opción improbable, xa que de actuar así o grupo podería incidir en maiores problemas coas autoridades.

Tomada como base a edición de Lisboa, pasaremos a comparar as diferenzas máis salientábeis entre esta e a versión de Barcelona, a nosa outra versión de traballo⁹⁰.

A lista de autorías que aparece na portada difire entre versións, non só na grafía dos nomes senón con determinadas ausencias en cada un dos textos. Realizaremos a comparación incluíndo un terceiro elemento, o comunicado do CITAC “Aos estudantes e á cidade de Coimbra” (CITAC, 1969c), lanzado despois da expulsión do director e no que se citaban as colaboracións artísticas do espectáculo, referindo as autorías dos textos. No caso de Barcelona, encontramos erros e vacilacións na escrita dos nomes, como pode ser o caso de Teixeira de *Pascoais (Pascoaes), *Antonio (Alberto) Míguez ou (António) Oliveira Salazar, todas modificadas na versión de Lisboa. A segunda das citadas aparece no comunicado do CITAC, que presenta variadas incorreccións tanto na acentuación como na escrita dos apelidos (Galdoz, Juan Maragall, Basán por Bazán...), propias, supoñemos, da urxencia do lanzamento do texto. No relativo ás ausencias e presenza, o documento de Barcelona presenta as seguintes variacións: Non aparecen os nomes de Manuel María, Oliveira Martins, M.A. Capmany e Soeiro Pereira Gomes (nomes que só aparecen en CSE-L); Raul Proença e Jacinto Prado Coelho (aparecidos só no comunicado do CITAC) e Xesús Alonso Montero (que aparece en CSE-L e tamén no comunicado). A versión de Lisboa presenta as seguintes lagoas en relación á de Barcelona: Adriá Gual, Antero de Quental, Antonio Machado e John Dos Passos. No caso do comunicado do CITAC, non aparecen os nomes de Mário Dionísio (aparecido nas dúas versións do documento), os nomes xa citados e que só son referentes a CSE-L e inclúe como novidade os nomes de Proença e Prado Coelho. No que corresponde ás colaboracións artísticas, o comunicado indica que a música é de José Niza, a plástica de Luís Seoane e Armando Alves Martins⁹¹, coreografía de M(a)rina Noreg e “montagem de Ricardo Salvat com a colaboração de todo o CITAC” (CITAC, 1969c).

Diante deste baile de nomes nas dúas versións do texto e o comunicado do CITAC non nos parece encontrar finalidades políticas, debido a que as ausencias en moitas ocasións non serían do coñecemento dos censores (é o caso de Manuel María, por exemplo, ou de M.A. Capmany). Pensamos que se pode tratar de erros e de que, debido á longa nómina de autores que nutren o texto dramático do CITAC e que o documento base non tiña autorías, os propios integrantes do grupo tivesen dificultades para elaborar unha lista completa dos mesmos.

90 A versión de Santarém é practicamente igual á de Barcelona salvando a inclusión de OVN.

91 Existen vacilacións nos nomes que integran o traballo plástico do espectáculo. Tense por seguro que son Luís Seoane e Isaac Díaz Pardo os que realizaron a maior parte da tarefa (Salvat, 1973), se ben Díaz Pardo afirma que foi seu socio quen tomou realmente conta do traballo (entrevista, 2010). Por outra banda, o propio Salvat indica a Alonso Montero nunha carta privada que Alves Martins e João Botelho colaboraran tamén na parte plástica, que foi realizada con alumnos da Escola de Belas Artes (Alonso Montero, 2013).

A orde dos textos muda entre CSE-B e CSE-L, atopando na comparación secuencial até 100 momentos nos que non coinciden os textos, postos un á beira do outro. Tamén encontramos diverxencias nos textos, pois a parte de *Os vellos non deben de namorarse* (CSE-L, pp. 169-178) non aparece en CSE-B, tal como o fragmento de *Sempre en Galiza* que comeza “A outras latitudes chegou tamén a lenda da nosa humildade” (CSE-L, p. 36). Pola contra, CSE-B presenta dúas versións de textos que aparecen no documento enviado á censura: O monólogo inicial do emigrante, que abre o texto dramático (CSE-L, pp. 2-3), vén precedido por outra versión do mesmo, moito máis reducida e se callar unha versión anterior. Tamén o texto de Castelao *O retrato* (CSE-L, pp. 118-119) aparece en dúas versións, unha primeira de xeito narrativo, como en CSE-L, e unha segunda dramatizada, coa forma dunha escena con dúas personaxes: Castelao e Melchior. Estas son as principais diferenzas entre os dous documentos consultados para realizar a edición. Como xa referimos, tomamos como base a versión enviada á censura (CSE-L), indicando as principais anotacións manuais nos documentos, tanto en CSE-L como en CSE-B. No caso en que CSE-B sexa unha corrección evidente de CSE-L, optaremos pola versión máis correcta. Descritas e organizadas as fontes, pasaremos a indicar os criterios de edición.

A edición que aquí se presenta está estruturada tomando como unidades diferenciadas os textos autónomos que conforman CSE, pois outro tipo de organización (en escenas e actos, como adoitan as edicións teatrais) sería moi arriscada dado que non temos indicacións sobre o número de textos que conforman unha unidade escénica ou o modo como son estes presentados. Tentouse, daquela, procurar a unidade mínima diferenciada para non incorrer en hipóteses escénicas erradas.

DON ROMÃO: Pois se não sou vosso filho, deixai-me em paz. E muito cuidadinho, eh! Porque senão mando-vos passear (*Surge pela porta um rapaz com um*

guarda-chuva debaixo do braço e uma gorra enterrada até às orelhas).

60 RAPAÇ: Bons dias, Don Romãozinho!

DON ROMÃO: Já te tenho dito que quando te apresentares diante de mim, tiras a gorra, ouviste?

RAPAÇ: (*Encolhendo os ombros*) Está bem, sim senhor, mas como está rota...?

DON ROMÃO: Que vens cá fazer?

65 RAPAÇ: Venho da parte da Micaela... (*Esqueceu o recado*) Que boa moça!

DON ROMÃO: Deixa-te de lérias, garoto, e acaba de dar o recado.

RAPAÇ: Pois disse-me a Micaela que como hoje é domingo de Entrudo e o povo anda com histórias e bisbilhotices, que não vá a casa dela.

70 DON ROMÃO: Está bem! Agora pisga-te, pisga-te, gandulo (*Empurra-o para fora*)

RAPAÇ: (*Ao sair da porta vira-se para trás*) Ó Don Romãozinho! O senhor tem uma sorte...!

A MÃE: Que nojo!

O PAI: Que vergonha!

75 DON ROMÃO: (*Chamando para fora da porta*) Maripepa! Ma-ri-pe-pa

(*Uma voz de longe*) Senhor!

DON ROMÃO: Traz-me já uma caneca de vinho tinto! (*Os pais fecham os olhos e Don Romão passeia-se pela cena*).

(*Cai o pano para outro quadro*)

80 CENA II

(*Fundo e chão verdes. Vêm-se quatro mulheres sentadas num valado todas rindo e bandeiras despregadas. Duas máscaras, um demónio e uma porca, fazem as delícias das mulheres. Entra depois Don Romão*).

DEMO: (*Batendo na porca*) Lençol de esterco! Manta esfarrapada!

85 PORCA: Ai, ai! Que me matam!

DEMO: Filha dum cevado! Estafermo! Vou-te moer³⁸⁸ com pancadaria.

388 O censor corrige a colocación do pronome na perífrase, riscándoo do verbo auxiliar e

PORCA: Acudam-me que este homem dá cabo de mim!

DEMO: Vou torcer-te a língua como um parafuso! Para que respeites estas mulheres.

90 PORCA: (*Aparando as pancadas e olhando a distância*) Vê que me magoas! Repara quem ali vem! É Don Romãozinho, o fidalgo do paço e há que respeitá-lo! (*Entra Don Romão, cambaleante. As mulheres riem e as máscaras recebem-no com cortesia*).

DEMO: Boas tardes, meu amo!

95 PORCA: Boas tardes, Don Romãozinho!

DEMO: Diga lá, Don Romão, para onde navega o almirante a estas horas no meio da tormenta?

DON ROMÃO: Vou onde me apetecer.

100 PORCA: (*Ao Demo*) Deixa-o ir, homem, que vai bem acompanhado... Vai ver a minha comadre, não sabias? Vai ver a filha do Entrudo, a marquesa das filhoses.

DON ROMÃO: Haja respeito, eh! Não somos da mesma igualha.

DEMO: (*À porca*) Vês, porca das almas? Quem te mandou meter com Don Romãozinho? Ele vai onde lhe der a gana que por isso nasceu fidalgo e tem solar.

PORCA: Fiz mal em dizer que vai ao serão da marquesa (*As mulheres riem muito*)

105 DON ROMÃO: Mais tento na língua. Não roubem o crédito a nenhuma mulher de bem (*as mulheres largam risadas e tosses fingidas*).

DEMO: Vês? Já se aborreceu o meu amo e com toda a razão. Cuidas que Don Romão é parvo, ou quê? Ele sabe muito por onde vai e para onde vai...

110 PORCA: A casa da minha comadre fica longe e eu tenho medo que Don Romãozinho tropece e espalhe o dinheiro na lama!

DEMO: Não tenhas medo. Don Romãozinho vai bem alumiado, e hoje leva uma chama... (*As mulheres dão novas gargalhadas*).

DON ROMÃO: São partidas de Entrudo. Mas muito cuidadinho comigo, eh! Pois quando me ponho teso... até os cães trepam pelas paredes.

115 PORCA: Sim, senhor, sim... A este temos de abaixar as orelhas (*Ao Demo*) Quem te mandou ralar a paciência ao Don Romãozinho? Não sabes que ele é galo de poleiro alto?

DEMO: Romãozinho é galo velho, de esporas afiadas e gosta de galinhas novas...
colocándoo no verbo en forma non persoal.

120 Don Romão é mais do que um galo, é um raposo, e quando entra num galinheiro...
Tá,tá, tá...!

DON ROMÃO: Tão raposo como qualquer outro.

DEMO: Também eu gosto de galinhas novas...

PORCA: Também gostas de franganitas...? Mau homem! Lobo carniceiro!
Adúltero!!

125 DEMO: Espera que já apanhas um coice (*O Demo e a Porca agarram-se a Don Romão, perseguem-se em volta dele, obrigando-o a rodopiar e Don Romão fica tonto*).

DON ROMÃO: (*Quase sem fôlego para falar*) Quem pensais que eu sou? Um bonifrate? Sou Don Romão, o fidalgo do paço, e vós sois uns quaisquer.

130 PORCA: Sim, senhor, sim.

DEMO: Tem toda a razão, meu amo.

DON ROMÃO: Ainda há castas, perceberam? E quem vos pariu que vos lamba.

135 DEMO: Desculpe, Don Romãozinho. E vá-se embora que pode chegar tarde ao serão. Mas tenha cuidado não caia em qualquer marosca. Veja onde pões os pés que no melhor da festa...

PORCA: No melhor da quê? A minha comadre não é nenhuma trapaceira. É mulher de bem e muito honrada. Senão perguntem ao português... (*As mulheres escangalham-se a rir*).

DON ROMÃO: Basta de lérias. Chega! Vou-me embora, senão...

140 DEMO: Divirta-se meu amo. E dê lembranças à marquesa...

PORCA: As lembranças não enchem. Dê-lhe bago, massinha!... Sim? Seu escaravelho de ouro! Dê-lhe leiras e pinheirais!

DON ROMÃO: (*Afastando-se das máscaras*) Que gente! Que gente!

(*Cai o pano para outro quadro*)

145 CENA III

(*Quarto com uma fresta lateral. No primeiro plano uma cortina. Falam Micaela e o Português. Depois Don Romão*).

MICAELA: O Don Romão anda doidinho por mim e, pouco a pouco, quanto tem vai caindo nas minhas mãos.

150 O PORTUGUÊS: E nas minhas. Não te esqueças do combinado.

MICAELA: O combinado é casarmos nós depois (*Escutando*). Parece que abriram a cancela... Será o Don Romão?

O PORTUGUÊS: É capaz de ser o rapaz.

155 MICAELA: Deixa-me espreitar pela fresta (*Olha e volta alarmada*). Ai Deus do céu! Anda, desgraçado! Agacha-te por detrás da cortina que aí vem Don Romão.

O PORTUGUÊS: (*Pondo-se diante da cortina*) A ver se acabas com isso de uma vez e o botas fora a seguir.

160 MICAELA: Olha que o velho pode fazer a nossa felicidade. Deixa-me cá a mim e tem paciência, coração. (*Micaela senta-se junto à fresta e logo assoma a figura de Don Romão*)

DON ROMÃO: Posso entrar, Micaelinha?

MICAELA: O senhor está doido, Don Romãozinho! Já ando nas bocas do mundo por sua culpa e ainda me quer perder mais! Não lhe mandei dizer que não viesse hoje?

165 DON ROMÃO: Não posso deixar de te ver.

MICAELA: Pois hoje bem podia ficar no paço e não vir comprometer-me, que uma moça solteira logo perde a reputação.

DON ROMÃO: Se a perderes por minha causa estou pronto a pagá-la. Queres tudo o que tenho, por ela? Mais não te posso oferecer.

170 MICAELA: Sou pobre mas não me vendo por tudo quanto há no mundo.

DON ROMÃO: Sabe-se lá! Por menos, até por nada, pode levar-te qualquer patife.

MICAELA: A mim não me interessam os homens. Que o diabo os leve a todos! Que o inferno os coma!

175 DON ROMÃO: Também queres que o diabo me leve a mim? Não te aflijas que não tardará que me leve se continuas a desprezar-me.

MICAELA: Eu não o desprezo, Don Romãozinho, porque o senhor não é como os mais. Boa prova disso lhe dei ontem! Boa prova lhe dei!

DON ROMÃO: Afinal, foi só um beijo.

180 MICAELA: Pois por alguma coisa se principia e já estou arrependida do que fiz. Ai, estou, estou!

DON ROMÃO: Pois hoje venho a por outro

MICAELA: De dia? Ai, que vergonha (*Tapando a cara que logo descobre*). Julga que eu sou uma qualquer, Don Romãozinho?

DON ROMÃO: Se me dás outro beijo ofereço-te outra leira.

185 MICAELA: Nunca beijei homem nenhum. Juro que foi o senhor o primeiro! Mas tenho medo, sabe? Tenho medo de perder a razão e depois o senhor que é raposo... porque eu sou também de carne e osso e tenho coração, sabe?

DON ROMÃO: E que tem? Não perdias nada comigo.

MICAELA: Agora não lho dou. Agora não. Tenho muita vergonha.

190 DON ROMÃO: E logo...? Quando...? Quando mo dás?

MICAELA: Esta noite, à saída do baile.

DON ROMÃO: Tu vais ao baile? Vais dançar com o português?

MICAELA: Não se aflija com isso que o português é moço como os outros e os homens a mim... Bem, não amadurece esta pêra para qualquer melro. Sou divertida, mas tenho cabeça!

195

DON ROMÃO: E onde te vejo esta noite? Deixas-me entrar na tua casa?

MICAELA: Não vá tão depressa, Don Romãozinho. Espere-me ao pé da cancela quando o baile acabar.

DON ROMÃO: Quanto te quero, Micaelinha!

200 MICAELA: E não se esqueça do prometido porque quando uma pessoa é pobre de todo não quer andar a pedir quando chegar a velhice.

DON ROMÃO: Quem sabe se tudo quanto tenho não será para ti?

MICAELA: Agora vá-se embora, Don Romãozinho, que hoje é domingo de Entrudo e podem vê-lo aqui e depois todo é um falatório...

205 DON ROMÃO: Sim, mulher. Esta gente daqui é muito ruim. Vou-me embora já, e até à noite, Micaelinha.

MICAELA: Vá com cuidado e já sabe no que ficamos.

DON ROMÃO: Então, adeus.

MICAELA: Adeus. (*Sai Don Romão e Micaela fica um bocado junto à fresta. O Português sai da cortina*)

210

MICAELA: (*Voltando-se para o amante*) Não te podes queixar de mim.

O PORTUGUÊS: Bem podes sacar a esse velho tudo quanto tem, e depois nós... Tá, tá, tá! Tu não trabalhas mal, não!

MICAELA: E tudo isto faço por ti, ladrão!

215 O PORTUGUÊS: Por cada beijo uma leira... Não está mal! Mas pelo que me deste bem podias pedir-lhe o paço.

MICAELA: (*Abraçando-o*) Meu malandro!

O PORTUGUÊS: (*Abraçando Micaela*) Meu repolhinho. (*Cantando um vira*)

220 O amor que andas buscando,
ai! está no meu coração
Eu sou o favo de mel
Tu és o meu abelhão.

225 Ó vira e ó vira
Vamos nós dançar
Ó vira e ó vira
que vamos casar.

(*Cai o pano para outro quadro*)

CENA IV

230 (*Fundo negro, com uma fresta acesa. O chão, verde-negro, a dissolver-se na negrura do fundo, onde estão dois espantalhos de frente para o público. Entra Don Romão aos bordos; depois um sapo e, por fim, os espantalhos que se erguem e vêm para a frente*).

DON ROMÃO: (*Com a língua entaramelada*) Eu sou um velho ladroeiro, um rachador. Tá, tá, tá... Bom, um pirata... um pirata que não se tem de pé. Estas malditas pernas estão-me a falsear³⁸⁹ (*Falando consigo*) Eh lá Romãozinho: Tente! Tente! Aguenta-te, pirata! (*Por detrás da fresta estrugem gargalhadas e vozeria*). Ai se eu fosse moço...! Se eu fosse moço...! Se eu fosse moço já tinha entrado nesse baile e já tinha corrido tudo a pau... A cacete! Porque para desfazer bailes cá estava o Romãozinho... (*Começa a dizer coisas que não se entendem, como se tivesse papas na boca e bamboleia-se muito em risco de cair*). Estas malditas pernas! Espe... espera, Micaela, que já vou! Pára, que me entonteces! Chó! Chóóóó! (*Cada vez com a voz mais entaramelada, num bamboleio, cai por terra e tenta agarrar o chão*). Mundo põe-te quieto... Não dês tantas voltas, desgraçado! Deixa-me levantar... Ali... na cancela... Micaela... já vou (*Entra o sapo e chega-se a Don Romão*).

245 SAPO: Não podes, meu velho, não podes.

DON ROMÃO: (*Voltando-se*) Quem é? Quem é que está aí?

389 Encontramos aquí unha nova corrección gramatical do censor, ver nota anterior.

SAPO: Vais morrer vestido e calçado, meu velho. Acabou-se-te a corda. (*Don Romão, esgotado de mexer, cai vencido, de costas, pelo esforço e fica estendido. O sapo salta-lhe para cima*).
250

SAPO: Já não respiras e já tens a alma na garganta. Anda homem, anda, solta de uma vez o fôlego (*Põe-se a espreitar pela boca de Don Romão*). A ver que alma botas. Anda, homem, faz um esforço e ficas logo em paz. Não sejas preguiçoso no morrer. Um pequeno esforço e já está! Deixa sair o que tens na gorja. Não tenhas
255 medo que a luzinha da alma não queima. Vais ver como é fria. Anda, que depois do passamento já não sentes nem padeces. Abre a boca. Assim! Anda que está a sair. Sopra um pouco e já está. Anda, arregala os olhos. Assim... assim... agora, já está. (*Da boca de Don Romão sai uma luzinha que foge pelo chão*)

SAPO: Olha que luzinha...! Olha que luzinha...! (*Dando pulos de alegria sai da cena seguindo a luzinha. Entretanto começa de cada lado da fresta uma muiheira de pandeiros, cantada por rapazes e raparigas. Os espantalhos erguem-se como gigantes, vão até junto do corpo de Don Romão e bailam em sua volta*).
260

(*Cantam rapazes e raparigas à volta do corpo de Don Romão*)

265 Este pandeiro que toco
 tem o coiro encarquilhado
 tirei-o a um gato
 que andava no meu telhado.

270 Este pandeiro que toco
 já tem a pele a rasgar
 de tanto dá-lhe que dá-lhe
 de tanto nele tocar

275 Este pandeiro que toco
 já tem o coiro virado
 quando se toca a preceito
 bailam os demos no adro

[TEXTO 135]³⁹⁰

[ANAIIS 39]

— 1945.

— Conferência de Yalta.

— Morte de Roosevelt.

— Capitulação da Alemanha.

390 No documento, pp. 179-180. Texto original do CITAC, con supostas citas de Oliveira Salazar e Gonçalves Cerejeira.

- 5 — Lançamento das primeiras bombas atómicas sobre Hiroshima e Nagasaki.
- Nacionalização das minas e do Banco de Inglaterra.
- Fundação da ONU e da UNESCO.
- Julgamento dos criminosos de guerra nazis.
- Guerras nacionais na China, Indochina e Indonésia.
- 10 — Eleições legislativas em Portugal.
- Cria-se o Movimento de Unidade Democrática, chefiado entre outros por Bento de Jesus Caraça e Mário de Azevedo Gomes.
- Do Cardeal Patriarca³⁹¹ ao clero e aos fiéis:
- 15 — “Todo o totalitarismo nega a missão e a liberdade da Igreja e sacrifica os direitos da pessoa no altar do Estado, da classe ou da multidão”.
- Marcelo Caetano, Ministro das Colónias, visita o Ultramar.
- Salazar, entrevistado por António Ferro:
- “O País não suporta ditaduras violentas nem pode progredir em regime de partidos. Torna-se necessário fazer regressar a organização corporativa, com a possível urgência, às funções para que foi criada, e, quando isso se realizar, desaparecerá a maioria das queixas”.
- 20 — Filmes:
- Marcel Carné, *Les enfants du Paradis*.
- *Henrique V*, de Laurence Olivier.
- 25 — *Breve Encontro*, de David Lean.
- Robert Bresson, *As damas do bosque de Bolonha*.
- King Vidor, *Duelo ao sol*.
- Início do neo-realismo italiano:
- Rossellini: *Roma, cidade aberta*.
- 30 — Joan Littlewood funda em Londres o Teatro Workshop.
- Jovet estreia *A Louca de Chaillot*, peça póstuma de Jean Giradoux.

391 Trátase do cardeal Manuel Gonçalves Cerejeira, que aparece no índice de autores de CSE.

-
- Camus, *Calígula*.
 - Jean-Paul Sartre funda a revista *Les Temps Modernes*.
 - Morrem:
 - 35 — Theodore Dreiser
 - Paul Valéry
 - Robert Desnos
 - Georg Kaiser
 - Mondrian
 - 40 — Kandisky
 - Bela Bartok
 - e
 - Anton Webern.
 - Avião a turbopropulsor.
 - 45 — Jean-Paul Sartre publica *Os caminhos da liberdade*.
 - Gabriela Mistral ganha o Prémio Nobel.

MARCAS DA CENSURA
Riscado: 13-21.

[TEXTO 136]³⁹²

[ANAIS 40]

- 1946.
- Fundação do Teatro Estúdio do Salitre.
- Morte de Abel Salazar.

[TEXTO 137]³⁹³

[ANAIS 41]

392 No documento, p. 181. Texto orixinal do CITAC.
393 No documento, p. 182. Texto orixinal do CITAC.

- 1947.
- Independência da Índia e Paquistão.
- Criação do Grupo Surrealista de Lisboa.

[TEXT0 138]³⁹⁴

[ANAI5 42]

- 1949.
- Triunfo da Revolução Socialista na China.
- Egas Moniz recebe o Prémio Nobel.

[TEXT0 139]³⁹⁵

Eu não lhe temo a morte: aperto a cara até sentir³⁹⁶ a própria caveira. Porque sei que a morte não é o pior: o mal que desejo ao meu inimigo é que viva até sobreviver-se.

[TEXT0 140]³⁹⁷

[ANAI5 43]

- 1950.
- 7 de Janeiro.
- Morre Alfonso Castelao.

[TEXT0 141]³⁹⁸

Castelao foi uma das mais belas a[l]mas que jamais conhecemos. O que se divide por muitos homens e os faz, um por um, notáveis, fundia-se nele e formava um conjunto milagroso. Era bom e bravo. Herói e santo. Possuía o sentido do humor e o sentido trágico da vida. À candura lírica e feminina duma Rosalía, unia o vigor e a capacidade de expressão dramática de um Goya. E, se foi um condutor de

394 No documento, p. 183. Texto orixinal do CITAC.

395 No documento, p. 184. Texto orixinal baseado nun fragmento de *Un ollo de vidro* de Castelao. Aparece en EP, p. 171.

396 En CSE-B, “palpar”.

397 No documento, p. 185. Texto orixinal do CITAC.

398 No documento, p. 186. Texto orixinal, “Herói e santo” de Jaime Cortesão in *A Nosa Terra* 474, p. 16 .

simpatia e encarnação generosa dos ideais duma grei secularmente oprimida.

10 A Galiza e Portugal perdem nele uma das mais perfeitas e genuínas expressões da sua alma comum. Flor do espírito tão alta e pura, não podia vingar em plena tempestade de violência. O seu destino, que era o de unir fraternalmente, malogrou-se na Terra e na Era de Caim.

Mas a sua memória conforta como a presença de alguma coisa de divino, com a certeza de que os homens e os povos podem algum dia entender-se, para além da fome do pão, pela fome [do] espírito.

MARCAS DA CENSURA

Interrogación: 8-11.

MARCAS DO GRUPO

8-9 ("A Galiza...comum"), 10 ("que era o de unir fraternalmente").

[TEXTO 142]³⁹⁹

— De Rodrigues Lapa para a viúva de Castelao.

— Excelentíssima senhora Dona Virgínia Pereira de Castelao.

Só agora soube do falecimento de seu marido. Senti a sua morte como a de um irmão, porque éramos verdadeiramente (amigos)⁴⁰⁰ irmãos na língua que
5 falávamos, na cultura em que entranhávamos o ser, na ânsia de justiça e no amor ao povo que comungávamos.

Encontrámo-nos, por vezes, em Portugal, mas, com o vendaval da guerra civil, nunca mais nos tornamos a ver. Mas segui sempre cá de longe a sua generosa aventura.

10 A Galiza perdeu com a morte do seu marido⁴⁰¹ o seu homem mais representativo, o seu herói, difícil de substituir por muitas gerações.

Resta contudo a sua obra, que é um monumento imperecível, vingador da terra oprimida, e uma lição de ternura e de amor pelos humildes, traduzida em forma de arte incomparável.

399 No documento, p. 187. Texto orixinal "Carta a la viúda de Castelao" in *A Nosa Terra* nº474, p. 28.

400 A inclusión desta palabra entre parénteses pode indicar que no texto escénico existía a dúbida entre o uso de "irmãos" ou "amigos". No orixinal, "irmãos".

401 No orixinal, "com o seu marido".

5. *Castelao e a sua época, terreo vougo?*

“Foi bonita a festa, pá / Fiquei contente / Ainda guardo
renitente / um velho cravo para mim.

Já murcharam tua festa, pá / Mas certamente /
Esqueceram uma semente / nalgum canto de jardim”

(Chico Buarque, Tanto Mar)

O mércores 23 de abril de 1969 estaba prevista a estrea de CSE no Teatro Avenida de Coimbra dentro do XI Ciclo de Teatro que organizaba o CITAC. Ese mesmo día de madrugada a PIDE entrou na casa de Ricard e Núria e prendeu ao director, expulsándoo despois do país. A peza, que xa fora prohibida polas autoridades, non foi presentada e aquel “grande espectáculo” que Salvat proxectara para finalizar o seu traballo co grupo universitario foi caendo no esquecemento. A desmemoria foi tanta que o voluntarioso traballo de recolla realizado co gallo do 50 aniversario do grupo (CITAC, 2006) non menciona CSE entre as pezas do grupo. Coa nosa investigación tentamos, dentro do posíbel, traer á memoria tanto este proxecto teatral de diálogo cultural como a etapa do director catalán en Portugal.

Ao longo desta tese aceptamos a imposibilidade da recuperación de CSE por varios motivos. O primeiro, e o máis lóxico, é que CSE non chegou a ser un espectáculo, pois non chegou a ser levado ao escenario, ficando como un proxecto a piques de se realizar. A esta imposibilidade sumaríase a problemática xeral na recuperación de espectáculos teatrais, pois estes son efémeros e inaprensíbeis. Unicamente, e seguindo ao moitas veces citado nestas páxinas Osório Mateus, poderíamos tentar unha aproximación fragmentada e indirecta, traballando sobre os elementos perennes aos que teñamos acceso. Neste caso, erguemos o noso traballo sobre os diferentes materiais de traballo do CITAC que atopamos durante a investigación, propoñendo unha edición crítica e comentada do texto dramático de CSE. Esta edición está acompañada dunha serie de apartados nos que tratamos varios aspectos relacionados con este proxecto teatral e a estada de Salvat en Coímbra e que dotan de contexto e profundidade así como amplían o coñecemento e as tarefas de recuperación da etapa portuguesa do director, tanto na súa vertente artística como a de pedagogo.

Entendemos que esta recuperación do traballo de Salvat en Portugal é unha grande oportunidade cando estamos cerca do 50 aniversario da mesma e do décimo cabodano do director, nun momento, ademais, no que os seus diarios están sendo publicados pola Universitat de Barcelona e se deu inicio, en 2011, á Fundació Ricard Salvat. Nos posteriores achegamentos ao facer artístico e á historia de Ricard Salvat poderemos acrecentar o estudo

da súa etapa portuguesa que coincide, ademais, cun especial momento da historia recente de Portugal: a Crise Académica de 1969.

En relación aos obxectivos desta tese, expostos no capítulo 1, "Un texto inédito e un espectáculo non representado", contextualizamos e recuperamos a etapa portuguesa de Salvat, centrándonos en varios aspectos. Abordamos o labor de Salvat en Coímbra como docente do curso de teatro, cuestión importante para analizar despois o traballo artístico do catalán, e puxemos en valor o seu traballo sobre Bertolt Brecht, inseríndoo e destacándoo dentro da tradición brechtiana durante o Estado Novo portugués. Analizamos a súa praxe artística en relación a anteriores proxectos realizados en Cataluña como RMS ou AGS, definindo unha serie de liñas mestras do seu traballo como creador e realizando unha aproximación ao momento concreto da súa carreira a finais da década dos sesenta. Realizamos unha panorámica da acción da censura ao teatro durante a ditadura portuguesa e tratamos o caso concreto do texto dramático de CSE localizando, sistematizando e analizando as marcas do infame "lápiz azul" no texto enviado polo CITAC, para poder así identificar os motivos que levaron a que a peza fose considerada desapropiada para o público portugués. Tamén tentamos identificar as consecuencias artísticas que tivo CSE, as pegadas que o traballo de CITAC co Salvat deixou noutros proxectos, tanto teatrais como discográficos, dando relevancia ás propostas de *Trajecto com Brecht e Se outros fossem os deuses?*, directamente relacionados co CITAC, así como as composicións de José Niza que foron despois editadas en traballos discográficos de Adriano Correia de Oliveira. Unha destas, a versión musical dun fragmento do poema de Rosalía de Castro "Pra Habana!", que xa gañara moita popularidade durante a Crise Académica de 1969, é hoxe en día un dos temas imprescindibles da Balada de Coímbra, xénero musical ligado ás tradicións universitarias da cidade e ao fado. Presentamos, para finalizar, unha edición crítica e comentada a partir das dúas versións do texto dramático (Lisboa e Barcelona). Esta edición permitiunos analizar as diferentes intertextualidades que compoñen CSE e lanzar unha serie de liñas de lectura que nos resultan interesantes e que describimos a continuación.

Para comezar, destacamos que CSE é un espectáculo que percorre un tempo, unha época, perfectamente balizada entre 1888 e 1950, datas de nacemento e morte de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao. Entre esas dúas datas hai un avance cronolóxico no que se van referindo unha serie de nomes relacionados coa cultura, a ciencia e a historia. Salvat tece unha constelación autoral de referentes artísticos encadrados estéticamente e ideoloxicamente, creando así un continuo histórico que se vencella a unha aproximación realista e de carácter social comprometido, connotada coa ciencia e o progreso. Para alén dos autores e autoras dos textos que compoñen CSE (algúns deles de forma irónica, como é o caso de Oliveira Salazar ou o Cardeal Cerejeira), encontramos na peza nomes como Rubén Darío, Picasso, Tchekov,

Zola, Marie Curie (acompañada de Pierre Curie como “inventores do rádio”), Stravinski, Adrià Gual, Camus, Chaplin, Brecht, Mário Sá Carneiro, Apollinaire, Eisenstein, Meyerhold, Ortega y Gasset, Buñuel, Fernando Pessoa, Gramsci, Sartre, David Lean, Rossellini, Paul Valéry, Mondrian e moitos máis. Esta lista de nomes que aquí presentamos, non máis do que unha superficial achega a todas as referencias que poboan CSE, serve para mostrarnos este panorama artístico que deseña Salvat. Unha lista na que compositores, dramaturgos, poetas, novelistas, directores de cine, políticos e demais figuras relevantes da historia, vanse sucedendo dando unha sensación de progreso moi relacionada co positivismo humanista salvatiano. Unhas referencias, uns anais ao estilo de Max Aub, que mostran como muda o mundo neses sesenta e dous anos que abrangue CSE.

Destacamos tamén neste proxecto, como podemos observar polas declaracións de Salvat e polo texto dramático, unha moi evidente intención iberista. CSE, contrariando as etiquetas de “literaturas nacionais” insírese conscientemente nun novo espazo. Salvat propón con este traballo unha “concentración” literaria que, como a súa homónima parcelaria, agrupa os diferentes campos literarios da península nun único grupo, o ibérico, que contén obras escritas nas súas diferentes linguas. Aos alicerces éticos salvatianos, xa visíbeis nos seus anteriores espectáculos cataláns, o director engade agora ese carácter iberista, tradición non descoñecida en Portugal e España, cunha defensa da diversidade e da periferia fronte ao centro asimilador. A concepción de CSE é, por forma e contido, coral e polifónica. Coa base formal xa empregada en AGS, Salvat move o seu habitual marco cultural catalán, ampliándoo até abranguer toda a península nun “diálogo cultural” ibérico realizado na base da comunicación Portugal/Galiza e sobre a figura dun federalista de esquerdas como era Castelao. Os textos que conforman esta peza están, polo tanto, retirados de diferentes campos culturais, principalmente o portugués, o galego, o catalán ou o español, con mencións extra-peninsulares como poden ser os casos, por exemplo, do francés André Bretón ou o estadounidense John Dos Passos.

En relación á forma espectacular que podemos entrever no texto dramático, se ben temos consciencia que esta non se ve reducida ao texto, podemos atopar unha serie de características plenamente brechtianas en CSE e que relacionamos coas famosas técnicas de distanciamento que procuraban afastar ao público dunha empatía perigosa e dun deixarse levar polo argumento. Brecht, e Salvat, queren ao público atento e coas súas capacidades críticas en plena forma. É por iso polo que CSE pode ter unha estrutura non linear, cun percorrido cronolóxico e intermitente, con abundantes cancións e referencias ao propio espectáculo, como as intervencións dos arquetipos burgueses de Piedade Mascarenhas, Imaculada Sá ou Mosqueira Matos no texto 34 ou no 49. A abundancia de información e a inexistencia dun argumento linear tradicional apuntan cara unha aproximación épica do espectáculo, moito

máis interesado na explicación dun contexto do que no argumento, nun didactismo histórico de carácter piscatoriano que pretendía, como xa destacamos, “facer entrar ao espectador na Historia”.

Non podemos deixar de destacar que o texto dramático de CSE posúe unha serie de valores de carácter progresista que o sitúan nunha consciente posición ideolóxica. O esquerdismo é palpábel durante todo o texto, ben sexa polas referencias políticas comunistas e socialistas (“Levantamento dos mineiros de Riotinto: morrem 20 homens e 150 ficam feridos”, texto 7, ou “1901. De 17 a 19 de Janeiro reúne-se em Vigo o I Congresso Operário Internacional galaico-português”, texto 56) como por unha serie de valores que transitan o texto e que podemos agrupar nunha clara denuncia das disimetrías sociais e as diferenzas entre ricos e pobres, unha posición marcadamente antitotalitarista e anticontrabulista que iría en sintonía coa proposta fraterna e iberista do espectáculo e, por último, un antibelicismo que, como puidemos comprobar, foi detonante para a prohibición do espectáculo, pois Portugal era un país especialmente sensíbel en relación á guerra. A procura do CITAC dun espectáculo político e “de intervenção” tivo resposta no traballo con Ricard Salvat, o que acabou por propiciar a censura do mesmo e a expulsión do director do país.

Indicabamos anteriormente o carácter extrafronteirizo e ibérico do proxecto, coa proposta dun “diálogo cultural” encarnado na figura dun federalista como Castelao e construído en base a textos provenientes dos diferentes campos culturais peninsulares. Esta concepción ibérica está tamén incentivada pola situación política que vivían naquel momento os dous estados, dirixidos por gobernos conservadores de carácter ditatorial. A fraternidade, o diálogo que procura CSE, é tamén unha unión na resistencia antifascista dos oprimidos. Mais existe unha segunda liña dentro do proxecto, marcadamente esquerdista, que aporta un internacionalismo que, sen contrariar, sobrepasa a concepción iberista. O percorrido por un período da historia tan convulso como a primeira metade do século XX, os diferentes referentes políticos que xa mencionamos, así como o diálogo con textos do repertorio occidental e a marcada posición de clase do texto son mostra do traballo de “politización de Castelao” que realizan Salvat e o CITAC. Seguindo a visión esquerdista que aparece en traballos como *El pensamiento político de Castelao* ou nas aproximacións de Alonso Montero á figura do rianxeiro, o grupo opta por unir no seu espectáculo estas dúas liñas, por unha banda a fraternidade iberista e por outra un contundente internacionalismo de clase.

No apartado 3.4, “Consecuencias artísticas e culturais”, tratamos as pegadas artísticas de CSE e o traballo de Salvat tanto no teatro como na música. Neste segundo eido, cabe destacar a tentativa de Niza e Salvat de sacar dous discos coa editora Sonoplay, un sobre *Brecht + Brecht* e outro sobre CSE, proxecto que sería abortado polo medo á censura por

parte da propia Sonoplay. Outros proxectos fanados sobre CSE poden ser a tentativa de levar o espectáculo a escena na Galiza coa colaboración da Xunta e da Fundação Gulbenkian (Salvat 1999b: 908) ou os diferentes intentos de edición do texto dramático. Neste último caso, temos coñecemento dunha versión que sería feita por Basilio Losada (Piñeiro e Losada, 2009: 731) e outra, ou ben puidese ser a mesma, que sairía grazas ao pulo de Seoane (Alonso Montero, 2013: 50). Desafortunadamente, ningunha das dúas chegou ao prelo, aumentando a sensación de que calquera proxecto que nacesse de CSE estaba destinado ao fracaso. O propio José Niza, en carta datada a 7 de maio de 1969, láíase de que todo o aprendido durante ese tempo acabou por non servir a ninguén. Porén, teimamos en non ser derrotistas e procuramos outras consecuencias de CSE que chegasen a bo porto. A máis evidente é a través dos discos de Adriano Correia de Oliveira, como foi indicado no citado apartado, que popularizaron as composicións de Niza. *Cantar de emigração* sería o mellor exemplo desta popularización, sendo un dos temas de Niza máis versionados, segundo nos indicou o propio músico. Mais para alén desa marca no repertorio do fado portugués (concretamente da Balada de Coímbra), CSE tamén supuxo un encontro de diferentes artistas que, posteriormente, seguiron cultivando ese diálogo cultural que nutría o espectáculo.

Ricard Salvat xa era proclive ao entendemento cultural, proba diso é a tentativa de levar a escena, en 1968, OVN en versión de Salvador Espriu (Piñeiro e Losada, 2009: 664). Porén, despois da etapa portuguesa colaborará en diversos proxectos editoriais plurilingües como o libro de Tomás Meabe *14 fábulas* (*ib.* 744) ou a edición do *Álbum Nós* por Júcar en 1975 (Alonso Montero, 2013: 29). Traballará co artista Eduardo Blanco Amor en Cataluña (*ib.* 836) e dirixirá co Centro Dramático Galego *O incerto señor Don Hamlet*, príncipe de Dinamarca, como xa indicamos no apartado correspondente. Tamén representou en Sargadelos, convidado por Isaac Díaz Pardo *Música só pra ti* (1980), *En la ardiente oscuridad* e *La pell de brau* (1995), este último espectáculo baseado nun libro de Salvador Espriu que sería editado no mesmo ano por Díaz Pardo en Edicións do Castro (Quintás, 2015). Estas e outras experiencias de diálogo entre a cultura de Cataluña e Galiza, que tiveron a Salvat como participante, foron posíbeis grazas ao contacto entre o director e os artistas Díaz Pardo e Seoane. Nun contexto de pouca comunicación cultural, ou polo menos non a suficiente para dúas culturas que conviven nun mesmo estado, as relacións persoais entre artistas e divulgadores acaban por ser fundamentais para este diálogo. Á xa previa amizade entre Salvat e Alonso Montero (coñécense en 1962 en Rusia durante un Encontro pola Paz) engadimos, tras CSE, a relación do director con dúas figuras culturais de tanta importancia como Díaz Pardo e Seoane, impulsores de Edicións do Castro e do proxecto cultural e industrial de Sargadelos. Máis tarde chegarían outras relacións persoais das que nacerían máis proxectos e contactos (Basilio Losada/Salvat ou Blanco Amor/Salvat, por exemplo). A rede tecida entre Galiza e Cataluña gañou importantes cordas naquel Portugal de 1969.

Rematamos a nosa aproximación á estadía de Salvat en Coímbra conscientes de que aínda resta traballo por facer para recuperala por completo e non queremos finalizar este volume sen indicar os posíbeis camiños que se poderían tomar a partir del. Falta a catalogación e análise do material gráfico creado por Seoane e Díaz Pardo para o espectáculo e a comparación con outro material seu de carácter escénico. A rede de relacións entre Galiza e Cataluña indicada anteriormente tamén está por explorar e CSE resulta un momento de especial interese para a mesma. Por outra banda, as memorias directas das persoas participantes no proxecto non teñen sido abordadas no noso traballo, debido ás limitacións do mesmo. Sería interesante consultar o arquivo da coreógrafa Marina Noreg, integrado no Arxiu Nacional de Catalunya, e realizar entrevistas a aqueles citaquianos e citaquianas que traballaron con Salvat para así poder recoller a súa experiencia e achegarnos, de novo indirecta e fragmentariamente, ao proxecto. Agardamos que este traballo poida ser unha pequena axuda no camiño a todo canto queda por saber.

CSE foi, sen lugar a dúbidas, unha oportunidade artística estragada pola ditadura. Máis do que iso, foi un diálogo entre culturas impedido e silenciado, o que resulta dramático nun contexto ibérico onde as culturas hexemónicas aínda viven de costas. Pretendemos con esta tese botar luz sobre o acontecido naquela Coímbra de 1969 e rescatar a alegría que deu vida a aquel proxecto coa esperanza de que esas relacións, eses diálogos entre nós, poidan aumentar no futuro. Pretendemos tamén poñer en valor o traballo realizado por Salvat e o CITAC durante o curso 68/69 xa que, pese ao aborto policial que CSE sofreu, resultou un viveiro de experiencias que frutificarían noutros proxectos. Pasados case 50 anos daquela tentativa, cremos que é posíbel afirmar que, pese a non se ter estreado o prometedor CSE, outras raíces foron prendendo e permitindo que abrollasen, máis tarde, novos proxectos. O *cheirinho de alecrim* que pedía Chico Buarque arrecende aínda entre nós.

6. Bibliografía.

6.1. Bibliografía e documentación crítica, histórica e teórica.

ABREU, Miriele (2013). “A censura portuguesa à Companhia Maria Della Costa: aprovações e reprovações” in Cabrera, Ana (coord.), *Censura Nunca Mais. A censura ao teatro e ao cinema no Estado Novo*, pp. 333-360. Lisboa, Alêtheia Editores.

ALONSO MONTERO, Xesús (2013). *Ricard Salvat (1934-2009) e o teatro galego*. Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.

AUB, Max (1975). *Jusep Torres Campalans*. Barcelona, Alianza Editorial.

BEBIANO, Rui (2003). *O poder da Imaginação: Juventude, Rebeldia e Resistência nos anos 60*. Coimbra, Angelus Novus.

BLECUA, Alberto (2001). *Manual de crítica textual*. Madrid, Castalia.

BRANCO, António Manuel da Costa Guedes (2011). *Oficina de Teatro I, Relatório destinado às provas de agregação em Comunicação, Cultura e Artes*. Faro, Universidade do Algarve, Faculdade de Ciências Humanas e Sociais.

BRECHT, Bertolt (1978). *Estudos sobre teatro*. Tradución Fiana Hasse Pais Brandão. Rio de Janeiro, Nova Fronteira.

BROOK, Peter (2008). *O espaço vazio*. Tradución de Rui Lopes. Lisboa, Orfeu Negro.

BROOKER, Peter (1998). “Conceptos clave en la teoría y práctica teatral de Brecht”. Tradución de Pedro Tena, in Vicente Hernando, César de (ed.), *Introducción a Brecht*, pp. 227-244. Madrid, Akal.

CABRERA, Ana (2008). “A censura ao teatro no período marcelista” in *Revista Media & Jornalismo* 12, pp. 27-58.

CABRERA, Ana (2013). “Censura e estratégias censurantes na sociedade contemporânea” in Cabrera, Ana (coord.), *Censura Nunca Mais. A censura ao teatro e ao cinema no Estado Novo*, pp. 15-76. Lisboa, Alêtheia Editores.

CAIADO, Nuno (1990). *Movimentos estudantis em Portugal: 1945-1980*. Lisboa, Instituto de Estudos para o Desenvolvimento.

CAPMANY, Maria Aurèlia (1987). *Mala memòria, Vol. I*. Barcelona, Planeta.

CARDINA, Miguel (2004). “Tradição, Sociabilidades, Compromisso: mutações na auto-imagem estudantil durante o período final do Estado Novo” in *A questão social no novo milénio. VIII Congresso Luso-Afro-Brasileiro de Ciências Sociais*. Consulta 16 de maio de 2017. <http://www.ces.uc.pt/lab2004/inscricao/pdfs/painel53/Miguel_Cardina.pdf>.

CARDINA, Miguel (2008). *A tradição da contestação*. Coimbra, Angelus Novus.

CARRINGTON, María Cristina (1991). “*Herr Puntilla und sein knecht Matti, O senhor Puntilla e o seu criado Matti e Der gute mensch von Sezuan, A Boa Alma de Se-Tsuana/A boa pessoa de Setzuan*”, in Gouveia Delille, Maria Manuela (coord.), *Do pobre BB em Portugal. Aspectos da recepção de Bertolt Brecht antes e depois do 25 de Abril de 1974*, pp. 241-288. Aveiro, Estante Editora.

COSTA, Maria Cristina Castilho (2006). *A censura em cena*. São Paulo: EDUSP, Imprensa Oficial e FAPESP.

COSTA, Xosé María e GONZÁLEZ GÓMEZ, Xesús (2005). *Presenzas de Castelao en Barcelona. Dous momentos artísticos literarios*. A Coruña: Biblioteca Virtual Galega. Consulta 16 de maio de 2017. <http://bvg.udc.es/ficha_obra.jsp?id=PrdeCaen1&alias=Xos%E9%20Mar%Eda%20Costa>.

CITAC (1969a). *Boletim de Teatro* 5, abril.

CITAC (1969b). “Breves notas sobre o nosso trabalho” in *Conferência-Teatro Tendências do Teatro Moderno*. Águeda, Centro de Formação e Assistência social [programa].

CITAC (1969c). *Aos estudantes e à cidade de Coimbra*. Coimbra [panfleto].

CITAC (2006). *Esta Danada Caixa Preta só a Murro é que Funciona: CITAC 50 Anos*. Coimbra, Imprensa da Universidade de Coimbra.

CORBELLÁ, Ferrán J. (1999). “Ricard Salvat: Quaranta cinc anys de trajectòria creativa” in Salvat, Ricard *Quan el temps es fa espai. La professió de mirar*, pp. 7-38. Barcelona, Institut del Teatre.

CRUZEIRO, Celso (1989). *Coimbra, 1969*. Porto, Editorial Afrontamento.

CUNQUEIRO, Álvaro (1974). *Don Hamlet e tres pezas máis*. Vigo, Galaxia.

ESTANQUE, Elisio e BEBIANO, Rui (2007). *Do activismo à indiferência: movimentos estudantis em Coimbra*. Lisboa, Imprensa de Ciências Sociais.

FOGUET, Francess e MOLINS, Manuel (2015). “Un xove renaxentista engabiat” in *Salvat, Ricard Diaris (1962-1968)*, pp. 7-16. Barcelona, Edicions de la Universitat de Barcelona.

FREITAS, Manuela de (2009). “O Teatro e a Censura” in *Passa Palavra, abril*. Consulta 16 de maio de 2017. <<http://passapalavra.info/2009/04/2414>>.

GARCÍA BARRIENTOS, José Luis (1991). “Texto, drama, texto dramático, obra dramática: (un deslinde epistemológico)” in *Revista de literatura* LIII, 106, pp. 371-390.

GARCÍA FERRER, J.M e ROM, Martí (1998). *Ricard Salvat*. Barcelona, Associació d'Enginyers Industrials de Catalunya.

GONZÁLEZ GÓMEZ, XESÚS (2001). *Unha montaxe de Os vellos non deben de namorarse en español. (Recepción da crítica teatral barcelonesa á representación da versión española da obra de Alfonso R. Castelao)*. A Coruña, Cadernos de teatro, 2º Época, 7.

GONZÁLEZ TORGA, José Manuel (2010). “Hemerografía española: 3E, pionero como diario económico (2)” in *Espacios Europeos, xuño*. Consulta 16 de maio de 2017. <<http://espacioseuropeos.com/2010/06/hemerografia-espanola-3e-pionero-como-diario-economico-2/>>.

GOUVEIA DELILLE, Maria Manuela (coord.) (1991). *Do pobre B.B. em Portugal. Aspectos da recepção de Bertolt Brecht antes e depois do 25 de Abril de 1974*. Aveiro, Editora Estante.

ISASIANGULO, Armando C. (1974). *Diálogos del teatro español de la Postguerra*. Madrid, Editorial Ayuso.

KOWZAN, Tadeusz (1992). *Literatura y espectáculo*. Tradución de Manuel García Martínez. Madrid, Taurus.

LIMA, Mário (2014). “A Exceção e a Regra” in *Tributo a Zeca Afonso*, setembro [blog]. Consulta 16 de maio de 2017. <<http://tributozecaafonso.blogspot.com.es/2014/09/a-excepcao-e-regra.html>>

- MATEUS, Osório (2002). *De teatro e outras escritas*. Lisboa, Quimera.
- MURADO, Miguel Anxo (2008). *Otra idea de Galicia*. Barcelona, Editorial Debate.
- OLIVEIRA BARATA, José (2009). *Máscaras da utopia. Historia do Teatro Universitário em Portugal 1938/74*. Porto, Fundação Calouste Gulbenkian.
- PAVIS, Patrice (1998). *Diccionario del teatro. Dramaturgia, estética, semiología*. Traducción de Jaume Melendres. Barcelona, Paidós.
- PÉREZ PRIEGO, Miguel Ángel (2011). *La edición de textos*. Madrid, Síntesis.
- PIÑEIRO, Ramón e LOSADA, Basilio (2009). *Do sentimento á conciencia de Galicia. Correspondencia (1961-1984)*, ed. Lama, María Xesús e González Fernández, Helena. Vigo, Galaxia.
- PIDE, Policía Internacional e de Defensa do Estado. Processo N°38711 “Ricardo Salvat Ferrer”. Arquivo da PIDE/DGS, Torre do Tombo, Lisboa.
- PIDE, Policía Internacional e de Defensa do Estado. Processos N°3529/62 e UI 10473, “Circulo de Iniciação Teatral da Academia de Coimbra”. Arquivo da PIDE/DGS, Torre do Tombo, Lisboa.
- PIDE, Policía Internacional e de Defensa do Estado. Processo N°1/8868. “Castelao e a sua época”. Arquivo da PIDE/DGS, SNI, Torre do Tombo, Lisboa.
- PISCATOR, Erwin (2001). *El teatro político y otros materiales*. Traducción de Salvador Vila. Hondarribia, Hiru.
- PUIG TAULÉ, Oriol (2007). *L’escola d’Art Dramàtic Adrià Gual i la seva época, dir. Salvat i Ferré, Ricard*. Tese de doutoramento en Arts Escèniques, Universitat Autònoma de Barcelona.
- QUEIZÁN, María Xosé (2008). *Anti natura*. Vigo, Xerais.
- QUINTÁS PÉREZ, Leticia (2015). “As edicións facsimilares no Castro, un exemplo de recuperación da memoria histórica” in *Madrygal* 18, pp. 517-528.

RAPOSO, Eduardo M. (2000). *Cantores de Abril*. Lisboa, Editorial Colibrí.

RODRÍGUEZ CASTELAO, Alfonso Daniel (1964). *Escolma posible*, ed. Dónega, Mariño. Vigo, Galaxia.

RODRÍGUEZ CASTELAO, Alfonso Daniel (1965). *El pensamiento político de Castelao*, ed. Míguez, Alberto. París, Ruedo ibérico.

ROM, Martí (2014). “Ricard Salvat Ferré, un alçament de llum” in *Kesse* 48, pp. 14-17.

ROSAS, Fernando e OLIVEIRA, Pedro Aires (coord.) (2004). *A transição falhada: O Marcelismo e o fim do Estado Novo (1968-1974)*. Lisboa, Editorial Notícias.

ROSENFELD, Anatol (1985). *O teatro épico*. São Paulo, Perspectiva.

RUIZ, Elisa (1985). “Crítica textual. Edición de textos” in DÍEZ BORQUE, José María (coord.) *Métodos de estudio de la obra literaria*, pp. 67-120. Madrid, Taurus.

SALA LLEAL, Jordi (2015). “Más de cincuenta años del nacimiento del teatro catalán moderno: retrospectiva del Teatro Independiente” in *Romance Quarterly* 62, 2, pp. 124–137.

SALVAT, Ricard (1966a). *Teatre contemporani I. El teatre és una arma? De Piscator a Espriu*. Barcelona, Edicions 62.

SALVAT, Ricard (1966b). *Teatre contemporani II. El teatre és una ètica. De Ionesco a Brecht*. Barcelona, Edicions 62.

SALVAT, Ricard (1968). “Brecht, la tradició alemana y la moderna actitud objectivista (a manera de prólogo a la edició espanyola)” in *Desuché, Jacques La técnica teatral de Bertolt Brecht*, pp. 9-23. Barcelona, Oikos-tau.

SALVAT, Ricard (1969). “Introdução à geração teatral do 2º pós-guerra 1944/1966” in *CITAC, Boletim de teatro* 5, pp 9-14.

SALVAT, Ricard (1970). “Mi puesta en escena de Os vellos” in *Primer Acto* 120, maio, pp. 34-36.

SALVAT, Ricard (1971a). *Els meus muntatges teatrals*. Barcelona, Edicions 62.

[SALVAT, Ricard] (1971b). “Curso de Teatro. Programa e 1ª Lição” in *Vértice*, xullo, pp. 591-596.

[SALVAT, Ricard] (1971c). “Curso de Teatro. 2ª Lição. O teatro literário” in *Vértice*, agosto/setembro, pp. 713-720.

[SALVAT, Ricard] (1971d). “Curso de Teatro. 4ª Lição. Grandeza e servidão do teatro político” in *Vértice*, novembro/décembro, pp. 936-945.

[SALVAT, Ricard] (1972). “Curso de Teatro. 5ª Lição. A herança de Ibsen” in *Vértice*, xaneiro/febreiro, pp. 115-127.

SALVAT, Ricard (1973). “De como dos pintores gallegos me ayudaron a encontrar un camino” in *Suplemento Artes y Letras de La Voz de Galicia*, 11 de febreiro.

SALVAT, Ricard (1974a). *El teatro de los años 70. Diccionario de urgencia*. Barcelona, Ediciones Península.

SALVAT, Ricard (1974b). “De qué manera convertí en espectáculo unos textos de Salvador Espriu” in *Espriu, Salvador e Salvat, Ricard, Ronda de muerte en Sinera*, pp.11-23. Madrid, Alianza.

SALVAT, Ricard (1981). *Historia del teatro moderno I. Los inicios de la nueva objetividad*. Barcelona, Ediciones Península.

SALVAT, Ricard (1983). *El teatro como texto, como espectáculo*. Barcelona, Montesinos.

SALVAT, Ricard (1985). “Per una història de Ronda de Mort a Sinera (1965-1985)” in *Espriu, Salvador e Salvat, Ricard, Ronda de Mort a Sinera*, pp. 7-32. Barcelona, Empúries.

SALVAT, Ricard (1989). “Teatro de Autor” in *Boletín informativo Fundación Juan March* 194, noviembre, pp 3-14.

SALVAT, Ricard (1990). *Escrits per al teatre. Pròlegs i ponències*. Barcelona, Publicacions de l'Institut del teatre de la Diputació de Barcelona.

SALVAT, Ricard (1997). “Sobre estética e teoría teatral”, in Vieites, Manuel F. (coord.), *Teoría e Técnica Teatral. Unha introducción*, pp. 51-80. Santiago de Compostela, Lairovento.

SALVAT, Ricard (1999a). *Quan el temps es fai espai. La professió de mirar*. Barcelona, Institut del Teatre de la Diputació de Barcelona.

